

SESIÓN ORDINARIA DO EXCMO. CONCELLO PLENO DO DÍA 26 DE MAIO DE 2016.

No Pazo Municipal de Ferrol, sendo as dezanove horas e oito minutos do día 26 de maio de 2016, reuniuse o Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Ilustre Sr. Don Jorge Juan Suárez Fernández, coa asistencia dos seguintes señores/as: Dona Martina Aneiros Barros, Don Jesús Basterrechea López, Don Francisco Javier Breijo Devesa, Dona Verónica María Casal Míguez, Don Bruno José Díaz Doce, Dona Eva Espiñeira González, Don Guillermo Ramón Evia Pérez, Dona María de la Luz Fernández Lemos, Dona María del Carmen García Fraga, Don Alejandro Langtry Caínzos, Dona María Esther Leira Penabad, Dona M^a Fernanda Losada Rodríguez, Dona María Susana Martínez Galdós, Dona Rosa María Martínez Beceiro, Dona Rosa María de las Nieves Méndez Fonte, Dona José Álvaro Montes Celeiro, Don José Pedrouzo Bardelas, Don Antonio Iván Rivas Rico, Dona Ana María Rodríguez Masafret, Dona Beatriz Sestayo Doce, Don José Tomé López e Don Luís Miguel Victoria Gallego. DISCULPAN: A Sra. Casal Míguez incorporouse no punto 2. Na deliberación dos puntos 7, 10, 11 e 13 ausentouse o sr. Alcalde pasando a ocupar a presidencia a primeira Tenente de Alcalde. Antes do inicio do turno de mocións abandonou a sesión o sr. Interventor e entrevistou o Sr. Manuel Sendón López de acordo co Regulamento de Participación Cidadá. A deliberación dos puntos 10 e 13 foi conxunta, por tratarse de mesma materia. Na deliberación do punto 12 ausentáronse o Sr. Evia Pérez e o Sr. Langtry Caínzos e reincorporáronse na deliberación do punto 14 e neste momento ausentouse a Sra. Fernández Lemos que se reincorporou no punto seguinte. Asistidos polo Secretario Xeral Don Leopoldo Moure García e polo Interventor Accidental Fidel García Martul, ó obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente a este día, adoptándose os seguintes acordos:

SR. ALCALDE: Boas tardes, concelleiros e concelleiras, a todos os asistentes do público e compañeiros e compañeras dos medios de comunicación. Comezamos este Pleno ordinario do mes de maio de 2016 coa orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES ÁS CELEBRADAS OS DÍAS 28 DE ABRIL (ORDINARIA) E 3 DE MAIO DE 2016 (EXTRAORDINARIA).- A Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. asistentes, acordou aprobar os borradores das actas das sesións anteriores.

2. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E OS SEUS DELEGADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE OS DÍAS 15 DE ABRIL E 14 DE

MAIO DE 2016.- De conformidade co disposto no art. 36.1.31 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol, a Corporación deuse por enterada das resolucións dictadas polo Sr. Alcalde e os seus delegados durante o período comprendido entre os días 15 de abril e 14 de maio de 2016.

3.DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCIZO 2015.- Examinada a resolución da alcaldía, de data 21 de abril de 2016, que textualmente di: "Visto que coa data 21 de abril de 2016 se incoou o procedemento para aprobar a liquidación do Orzamento do exercicio 2015.

Visto que coa data 21/04/2016 se emitiu o informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa data 21/04/2016 se emitiu o informe de avaliación do cumprimento da regra de gasto.

Visto que coa data 21/04/2016 foi emitido o informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto refundido da Lei de facendas locais.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do Orzamento xeral de 2015.

SEGUNDO. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO. Ordenar a remisión de copias da dita liquidación aos órganos competentes."

Previa deliberación, a Corporación deuse por enterada.

DELIBERACIÓN

SR. RIVAS RICO: Boa tarde. En, en todo caso, quixera facer algunhas consideracións respecto da liquidación, xa que por parte do goberno non se valora, pero creo que si é importante que cando menos sexamos conscientes dalgunhas cousas. En primeiro lugar, que durante este ano 2015 o que se fai é referencia, despois de terse incrementada a débeda municipal no mandato anterior do gobeno do Partido Popular, a débeda coa que conta este concello no momento actual non é un dos problemas fundamentais económicos que poida ter este concello.

En segundo lugar, que as facturas que están pendentes de pago seguen a ser unha cantidade excesiva, que supera os 5 millóns de euros, a pesar de que descendan respecto do ano anterior e o que si que non sei é que considera o PP respecto desta cuestión, se vai seguir mantendo a postura que mantivo o ano anterior, na que consideraba que ó Concello de Ferrol lle restaban por pagar 10.457 euros, que tiñan que ver coa conta 413, porque se esto é así este ano

debe haber alguén que lle debe diñeiro ó concello, porque sae negativa. O certo é que a este concello fáltanlle por pagar máis de 5 millóns de euros.

Outras cuestións que me parece importante resaltar é que durante catro anos estivemos a soportar o argumento de que o feito de non chegar ó 50% de execución nos investimentos públicos, ano tras ano, non era un motivo preocupante, senón que era algo normal nuns orzamentos municipais. O certo é que durante este ano 2015 superamos o 75%. Non sei se é por casualidade ou se terá que ver co feito de ser ano electoral. En calquera caso, para o Bloque Nacionalista Galego considero que isto é algo positivo, pero o certo é que se empreguen as decisións de carácter económico deste concello en base a criterios exclusivamente electorais, non creo que sea a mellor motivación para desenvolver os proxectos vitais que esta cidade precisa.

Insistir, unha vez máis, que o superávit supón tanta inestabilidade coma o déficit e que, por tanto, o argumento de que temos un superávit orzamentario non creo que sea tampouco motivo de ningunha alegría.

E, por último, a peor das conclusións que desde o Bloque Nacionalista Galego traemos desta liquidación e que supón dar continuidade ás de anos anteriores e que este concello atravesará por graves problemas económicos. O remanente de Tesourería destinado a gastos xerais descende permanentemente ano tras ano. Durante o mandato do Partido Popular se estivo empregando este remanente para costear gastos que se desenvolvían nesas anualidades e que eran incapaces de cubrirse cos ingresos correntes deste concello. O aforro bruto e o aforro neto continúan a descender, a pesar de que neste documento non aparece reflectido de maneira pormenorizada e o resultado orzamentario, a pesar de non ser negativo, está moi próximo a selo. Isto, sumado ó descenso permanente da poboación desta cidade evidencia que nun contexto no que o Partido Popular desenvolveu uns orzamentos absolutamente negativos para os intereses dos veciños e veciñas deste concello, que vostedes decidan prorrogar estes orzamentos, non creo que sexa a mellor das decisións económicas. E que continúen a mirar para outro lado ante unha situación de falla de ingresos permanentes que está sometendo a unha tensión económica a este concello e que vai ser inasumible nos próximos anos, tampouco parece que sexa a mellor opción.

Unicamente quero rematar lembrando que este concello posúe máis do 20% do suelo urbano deste concello, que non paga un só imposto e que implica que concellos coma o de Ferrol teña unha diferenza de ingresos que supere os 20 millóns de euros respecto doutros equivalentes, como pode ser o de Pontevedra, que ten uns créditos iniciais en cada un dos seus orzamentos, que están preto dos 70 millóns de euros. Se queremos seguir mirando para outro lado ante unha situación que nos próximos anos cada vez se vai evidenciar dunha maneira máis clara, pois podemos seguir a facelo, pero a situación é bastante crítica e as posibilidades de desenvolvemento para esta cidade, se non se asume a súa realidade, van a ser difíciles de superar. Moitas grazas.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Gracias, Sr. alcalde. Decir que toda vez que el presupuesto del 2015 es un presupuesto que se ha elaborado por el anterior gobierno municipal, -bueno, como lo es también el presupuesto en vigor, ya que está prorrogado-, y que durante el inicio de ese ejercicio fue gestionado por el anterior gobierno, yo lo que quería era hacer una serie de apuntes respecto a este presupuesto.

No quiero recordar las palabras que se han dedicado por los diversos grupos políticos que hoy están aquí, a la gestión del gasto tras el cambio de Corporación, porque hubo de todo, ¿no?. Y no lo voy a hacer por tratar de ser positivo. Así que lo que voy a hacer es centrarme un poco en lo que son los datos que reflejan este informe. Este informe, después de esa gestión y de ese presupuesto, lo que dice es que se cumple el objetivo de estabilidad presupuestaria, que se cumple con la regla de gasto, que el resultado presupuestario es de superávit, o sea, que se han recaudado 750.000 euros más de lo que se ha gastado en el ejercicio 2015. Que el remanente de Tesorería es de 3,5 millones de euros. Dice también que la deuda municipal ha bajado hasta los 25,6 millones de euros.

-Sr. Rivas, yo le recomiendo que mire las liquidaciones del ejercicio 2011, 2012 y 2010, porque cuando nosotros llegamos a este gobierno, cuando nos tocó gobernar, la deuda en este ayuntamiento era de 30,7 millones de euros. 30,7. Se ha bajado más de 5 millones de euros la deuda municipal. Está en 25,6. Son datos oficiales, no hay más que mirar las liquidaciones. Entonces, se ha reducido en el mandato anterior con la liquidación de este ejercicio en más de 5 millones la deuda municipal.

Dice también el informe que la cuenta corriente del ayuntamiento a 31 de diciembre cuenta con 9,6 millones de euros ingresados en la cuenta. Dice también que todo queda pagado con cargo al presupuesto del año 2015 y dice también que la cuenta 413, -el Sr. Rivas- era inicialmente de 10.415 y al final de 1.145. Yo no sé de dónde saca usted que es negativo, porque a lo mejor se confunde con las obligaciones pendientes de pago que se reflejan al final del ejercicio que, como sabe, durante todo el mes de enero se imputan los gastos del año anterior y se pagan con la cuenta con saldo de enero. Pero eso no tiene nada que ver con la 413, que son obligaciones reconocidas a 31-12, que no se han pagado a la liquidación.

Solo queda añadir que no son datos objeto de la liquidación municipal. Que en el mandato anterior se consiguió el objetivo de poner en orden las cuentas y la gestión del gasto y se pudo lograr el objetivo de cumplir también escrupulosamente con los periodos medios de pago, tanto legal como económico.

Francamente, yo no quiero en este Pleno recordar la nefasta herencia que asumió el gobierno anterior de la desgestión anterior, porque, bueno, creo que son datos que son desoladores y que todos conocemos, pero, bueno, sí quisiera aclarar todo esto. Insisto, sobre todo porque se ha puesto encima de la mesa, al inicio de este mandato, la nefasta situación económica que hoy con estos informes queda manifiestamente claro que era todo falso.

SR. ALCALDE: Moitas grazas, Sr. Langtry. Como complemento, e agora que teño a competencia de Facenda, quero significar, en

primeiro lugar, é certo que este orzamento non é o orzamento deste goberno, é o orzamento que aprobou no mandato anterior o Partido Popular, que nós, aínda que esteamos nun prorrogado non renunciámos a presentar un novo orzamento para este ano 2016. Que respecto á situación da cidade, dende logo que é complexa pola perda de poboación, pola constante baixada nas transferencias que veñen do Estado e dende logo que non renunciámos a que os terreos ocupados, como ben dicía o Sr. Rivas, por Defensa e por Navantia, pois que aboem como calquera cidadán desta cidade os impostos correspondentes e por eso esas materias tan xudicializadas, batallaremos ata o final para que todos os cidadáns que teñan un terreo no termo municipal de Ferrol aboem as cantidades que lles corresponden. É certo que esta cidade, en comparación con Pontevedra, que ten 70 millóns, ou Lugo, que non ten moita máis poboación e ten 90 millóns de euros, ten un problema de ingresos grave que logo repercute na capacidade de investimento. Tamén quero recordar que por consello dos técnicos do Concello, nada máis chegar ó goberno a coalición de Ferrol en Común e o Partido Socialista, pola súa recomendación tivemos que facer unha operación de Tesourería, por 5 millóns de euros, pola falta de liquidez, pero, bueno, eu quero recalcar que este informe o que ratifica e cumplimos todos os parámetros das leis que aproban os compañeiros do Partido Popular en Madrid en canto á regra de gastos e estabilidade presupuestaria, que dende logo non compartimos, pero que temos que asumir por imperativo legal, que os remanentes de 1 millón de euros foron aplicados a gastos comprometidos e que temos un superávit de 1 millón de euros, que ó cumprir tamén ese parámetro aprobado polas leis do Partido Popular do período medio de pago, podemos acudir a inversións sostibles financeiramente que nos van permitir mellorar a cidade.

SR. RIVAS RICO: Eu unicamente aclarar algunhas cuestións. En primeiro lugar dicir que respecto da débeda municipal os datos oficiais ós que se refería o Sr. Langtry simplifican o que estaba a comentar eu e que vai no sentido contrario ó que vostede comentou.

A liquidación do ano 2011 explica que o Concello de Ferrol tiña unha débeda de 25,18 millóns de euros. A do ano 2012, que xestionaron vostedes de maneira íntegra, 33,8 millóns de euros. É dicir, vostedes incrementaron esa débeda durante ese período e no ano 2014 25,9, neste ano 2015 25,6. Isto o único que quere dicir é que vostedes, a través daquel programa de plan de pago a provedores contrataron un crédito para pagar unhas facturas nas que había suficiente diñeiro neste concello para poder facerlles frente. O fixeron porque desde a Administración Estatal lles dixeron e lles indicaron que debían facelo. O fixeron ademais a uns tipos de interese que eran inasumibles para os veciños e veciñas desta cidade e o único obxectivo de facer todo isto, deste incremento de débeda, non foi en beneficio dos veciños e das veciñas. E algo que poderíamos valorar, se así fose, que vostedes se endebedaran para xerar beneficios na cidade mediante investimentos na prestación de servizos públicos que beneficiaran ó benestar dos veciños e veciñas desta cidade, podería ser algo no que poderíamos concordar. Pero o feito é que vostede so fixeron exclusivamente para que os bancos, as entidades financeiras puideran recaudar, mediante a contratación de préstamos por parte das

Administracións, - neste caso da Administración Local- e este incremento de débeda implicou que o Concello de Ferrol no seu período, incrementase a débeda municipal en máis de 11 millóns de euros e que gastaran 16 millóns de euros en amortización e en xuros ó longo de todo o seu mandato. E estes son os datos oficiais.

No que ten que ver coa famosa conta 413, o que lle estaba intentando dicir é que aqueles famosos 10.457 euros, que vostedes afirmaron durante a campaña electoral e previas á campaña electoral, que era o que lle restaba por pagar ó Concello de Ferrol, algo que non ten nada que ver con isto, se simplifica nesta liquidación. Porque esa conta á que vostede se refire, a conta 413, o que reflicte son aquelas obrigacións que están pendentes de incluír no orzamento e este orzamento do ano 2015 o que vén a dicir é que eses 10.415 euros non se contabilizaron no orzamento municipal porque non se puido comprobar a obrigación que tiña este concello respecto desas obrigas, que vostedes pretendían confundir ó resto de veciños e veciñas desta cidade coa idea de que eran as obrigas que este concello tiña pendentes de pago. As obrigas que tiña este concello pendentes de pago na liquidación dese ano 2014 chegaban ós 7,8 millóns de euros e este ano superan os 5 millóns de euros, 5,65 millóns de euros.

E, en terceiro lugar, dicir que o certo é que estes orzamentos, esta política económica desenvolvida polo Partido Popular, absolutamente agresiva cos nosos intereses e cos intereses dos ferroláns, foi asumida por este goberno municipal e o que non sabía é que desde este concello se tivese denunciado ó Ministerio de Defensa pola ocupación de máis do 20% do solo urbano deste concello. Porque, en todo caso, o que habería que demandar é unha compensación por esa ocupación e non o cobro duns impostos, unhas taxas, que por unha decisión da Administración Estatal están exentos de pagar. Exentos de pagar en determinadas situacións, non nas propiedades que están desafectadas. Propiedades que están desafectadas, coma as que afectan ó Cuartel do Sánchez Aguilera, que a pesar de que isto é así, vostedes siguen sen cobrarlles os impostos, que aí si teñen obriga de pagar. Aí si teñen a obriga de pagarlles. E vostedes siguen sen cobrarlle ó Ministerio de Defensa pola ocupación dese espazo. Pero máis aló deses espazos desafectados existen aqueles que siguen afectados á defensa do Estado, tan fundamental e absolutamente prioritaria para os ferroláns e o que deberíamos asumir é esta realidade para empezar a saber que un dos problemas que ten o Concello de Ferrol é que non cobramos un só euro pola ocupación de todo este espazo. E vostedes ante isto non teñen feito nada, absolutamente nada, ó longo de todo este ano. Moitas grazas.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Gracias, Sr. Alcalde.

-Sr. Rivas, yo me remito a los informes de la Tesorera municipal del endeudamiento, que es lo que tengo aquí a mano. Le invito a que lo repase y verá que la deuda municipal al cierre de ejercicio 2010, -que inicia el mandato Popular en el 11- es de más de 30 millones de euros y al cierre de ejercicio del 11 también lo es. Son datos oficiales de la Tesorería Municipal. No quiero entrar a más debate. Sencillamente aclarar eso, porque la deuda es de quien la firma, no de quien la contabiliza. Porque si usted firma una deuda para hacer un presupuesto, a la liquidación del presupuesto, cuando

hace falta a la Tesorería, es cuando se ejecuta el endeudamiento. Pueden pasar meses desde que uno lo firma e ejecutarse al año siguiente por estar bien de Tesorería o, evidentemente, la Tesorería no se ejecuta hasta que no es necesaria porque se empiezan a devengar intereses. Pero eso no quiere decir que la deuda no sea de quien la firma porque la ha incluido en el presupuesto en vigor. O sea, que lo que tiene usted que revisar son los informes de la Tesorera municipal, que lo que dicen es la deuda firmada con la entidad financiera, independientemente de que se haga efectiva antes o después, porque si hay buena Tesorería no se hace efectiva. Pero es obligatorio hacerla efectiva porque forma parte del presupuesto y del gasto realizado.

En cuanto a las facturas que se incluyen en la 413, como bien hemos explicado en su momento, usted está confundiendo a la ciudadanía. Lo que aparece en la 413 son las facturas que no han llegado a fase O, o sea, son aquellas facturas que están en los cajones. Son aquellas facturas que se sabe que han entrado en la casa, pero que no han llegado a incluirse en la contabilidad, que nada tiene que ver con las facturas de pendientes de pago. Entonces, si usted revisa las liquidaciones de ejercicios de facturas pendientes de pago, que obviamente se pagan en el mes de enero, aunque entran dentro de la liquidación, aparecen a 31-12 como pendientes de pago, como aparecen en esta liquidación 5 millones y pico que, evidentemente, seguramente está absolutamente todo pagado, porque se ha pagado durante enero y durante febrero, porque es lo normal. Lo que no es normal es tener facturas que han entrado por Registro, pendientes de contabilizar, por millones de euros. 10 millones de euros decía el informe de la 413 cuando nosotros hemos llegado a este mandato. 10 millones de euros en la 413. Las pendientes de pago iban por otro lado, que nada tienen que ver. Insisto, 10 millones de euros, decía la contabilidad, que existían facturas que no se sabían dónde estaban, no habían llegado a fase O. Nada tiene que ver eso con el pendiente de pago, que evidentemente lo refleja ahí, igual que lo reflejaba antes, pero son cosas bien distintas. Lo que venía era a reconocer una nefasta gestión. Muchas gracias.

SR. ALCALDE: Recordar que este é un punto de dacción de conta. A min gustaríame moito que estes debates tamén se deran nas Comisións correspondentes. Eu creo que se nos retrotraemos ós tempos da fundación da cidade atoparemos ó culpable, seguramente. E, bueno, quero tamén, despois deste debate que está sendo grabado, transmitir á cidadanía unha situación de tranquilidade. Que o concello está perfectamente saneado e que incluso, cuns orzamentos novos, ten capacidade de endebedamento. Que este goberno, en interese da cidade, en investimentos que vaian a mellorar a calidade de vida dos cidadáns e cidadás de Ferrol, está disposto a asumir.

Tamén, por último, quero recordar que un dos créditos máis importantes que ten este concello é un SWAP, que eso o sabemos todos tamén. Pero bueno, sería obxecto de análise, como dixen nunha Comisión, e creo que non nun Pleno.

4. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS, CORRESPONDENTE Á RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO 12/2016.-
Examinada a proposta que eleva a Alcaldía, que textualmente di: "

Examinadas as propostas que elevan as/os concelleiras/os delegadas/os das áreas que a continuación se indican sobre a validación das facturas que se relacionan, pertencentes ás súas áreas.

Logo de ver o disposto no art. 173 do R.d.l. 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, no que se establece que "as obrigas de pagamento serán esixibles á Facenda Local cando resulten da execución dos seus respectivos presupostos ou de sentenza xudicial firme" e o artigo 26 e 60.2 RD 500/1990 que establece a posibilidade do recoñecemento extrajudicial de crédito, sendo a competencia do Alcalde "sempre que exista crédito orzamentario".

Logo de ver o establecido nas bases 52, 53 e 54 de execución do orzamento e constando nesta intervención as facturas remitidas polas diferentes áreas e que se relacionan de seguido:

Relación número 12.-

Área de Novas Tecnoloxías.-

Nome	num_factura	importe_factura	data_factura	data de entrada en REXISTRO	Motivo (*)
R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.	RGE00005386995	65,80 €	01/03/2016	04/03/2016	c)
R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.	RGE00005365616	9.390,25 €	01/03/2016	04/03/2016	c)
TOTAL AREA DE NOVAS TECNOLOXIAS		9.456,05 €			

Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos.-

Nome	num_factura	importe_factura	data_factura	data de entrada en REXISTRO	Motivo (*)
APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS S.L.	71249	15.685,96 €	31/07/2015	10/11/2015	c) e)
APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS S.L.	09 / 161	4.094,52 €	31/01/2016	05/02/2016	c)
APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS S.L.	9160	15.246,15 €	31/01/2016	05/02/2016	c)
APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS S.L.	07 / 1068	4.094,52 €	30/06/2015	10/03/2016	c) e)
APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS S.L.	9337	14.960,10 €	29/02/2016	08/03/2016	c)

APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS S.L.	9523	16.715,43 €	31/03/2016	05/04/2016	c)
APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS S.L.	09 / 524	4.094,52 €	31/03/2016	08/04/2016	c)
APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS S.L.	09 / 338	4.094,52 €	29/02/2016	28/04/2016	c)
TOTAL AREA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS		78.985,72 €			

Área de Urbanismo.-

Nome	num_factura	importe_factura	data_factura	data de entrada en REXISTRO	Motivo (*)
MENDIZABAL RECUNA S.L.P.	EMIT-9	8.923,75 €	11/04/2016	12/04/2016	c)
TOTAL AREA DE URBANISMO		8.923,75 €			

Área de Servizos e Medio Ambiente.-

Nome	num_factura	importe_factura	data_factura	data de entrada en REXISTRO	Motivo (*)
UTE SICE - PASSCO	737	182,47 €	15/03/2016	17/03/2016	c)
UTE SICE - PASSCO	736	742,17 €	15/03/2016	17/03/2016	c)
UTE SICE - PASSCO	735	191,65 €	15/03/2016	17/03/2016	c)
UTE SICE - PASSCO	V-FACFV000738	56.908,57 €	31/03/2016	01/04/2016	c)
GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	PI16142000054333 E SS	37.299,21 €	15/03/2016	15/03/2016	c)
GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	PI16142000067439 e ss.	133.348,86 €	15/03/2016	15/03/2016	c)
TOTAL AREA DE SERVICIOS E MEDIO AMBIENTE		228.672,93 €			

TOTAL REC PLENO 26/05/16 - RELAC. NÚM. 12	326.038,45 €				
--	---------------------	--	--	--	--

(*)NOTA:

Motivo do reparo (artigo 216.2 TRLHL):

- a) Cando se basee na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.
- b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.
- c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.
- d) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

INFORMO

O recoñecemento extraxudicial de crédito configúrase como un procedemento excepcional, conducente á conversión de actos que conforme co ordenamento xurídico son nulos de pleno dereito.

Con todo, esta invalidez dos actos administrativos non exime á Administración da obrigaçión de abono das prestacións realizadas por un terceiro ao seu favor, en virtude dun principio xeral do dereito

según o cal ninguén pode enriquecerse en detrimento doutro, isto é, a teoría do enriquecemento inxusto, nacendo así unha obrigaón ex lege. De modo que a Administración a través desta figura fai efectivos pagos aos que outro ten dereito, evitando os custos engadidos que suporía un procedemento xudicial.

Os fondos utilizados por calquera Administración son públicos, é dicir, de todos os cidadáns e precisamente por iso non poden ser manexados sen cumprir unha serie de requisitos mínimos establecidos pola lei para asegurar que a Administración Pública sirva con obxectividade os intereses xerais e actúe de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito (art.103 Constitución).

En aplicación desta teoría á esfera local e para liquidar os problemas e as inxustizas que ás veces se producen, instaurouse o procedemento denominado de recoñecemento extraxudicial de crédito que permite recoñecer obrigaóns que non foron tramitadas por falta de consignación orzamentaria ou por negligencias varias ou derivadas de actuacións irregulares diversas: contratacións verbais, modificacións de obras e obras accesorias non aprobadas formalmente, etc.

RESPONSABILIDADES DERIVADAS DO RECOÑECAMENTO EXTRAJUDICIAL.

A última cuestión que procede abordar é a relativa á posible responsabilidade das autoridades e funcionarios derivada das contratacións irregulares, e respecto diso pódense facer as seguintes consideracións:

O artigo 78 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local dispón que os membros das Corporacións locais están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo. Tales responsabilidades esixiranse ante os Tribunais de xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento ordinario aplicable.

Así mesmo, o apartado terceiro do mesmo artigo indica que as Corporacións Locais poderán esixir a responsabilidade dos seus membros cando por dolo ou culpa grave, causasen danos e prexuízos á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados por aquela.

A esixencia de responsabilidade a que alude o parágrafo anterior concrétase na responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo de a Administración recollido nos arts. 145 e 146 da Lei 30/92, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (en diante, LRJPAC) e, a diferenza da responsabilidade patrimonial da Administración, que ten carácter obxectivo, a das autoridades e persoal ao seu servizo ten carácter subxectivo, polo que require a concorrencia de dolo ou culpa ou ben, negligencia grave (SSTS de 23-9-1994 e 10-5-2000).

Con todo, para poder esixir a responsabilidade subxectiva a que alude o parágrafo precedente, será preciso que ademais de apreciar dolo, culpa ou negligencia grave na actuación das autoridades e funcionarios, esta causase un dano efectivo e avaliabile economicamente á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados, tal como indica o apartado segundo do artigo 78 da Lei 7/1985.

O procedemento para o seu exercicio detállase nos arts. 19 a 21 do RD 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial e das citadas normas pódense deducir as seguintes conclusións:

- Os responsables dos actos emanados dun órgano unipersonal son quen os dita.
- Os responsables de actos ou acordos emanados dun órgano colexiado son quen votase a favor dos mesmos.
- A responsabilidade esixible o é na medida na que se causar dano ou prexuízo á Administración por dolo, culpa ou negligencia grave. Non por descoñecemento, impericia, falta ou erro.
- Tamén é esixible a responsabilidade por danos ocasionados a terceiros, se estes foren indemnizados pola Administración como consecuencia da devandita culpa, dolo ou negligencia grave de autoridades ou persoal dela dependente.
- A responsabilidade non pode ser esixida directamente de terceiros á autoridade ou persoal ao servizo da Administración. Os particulares, para ser resarcidos, deben dirixirse á Administración e só esta pode repetir ou derivar a responsabilidade, en procedemento interno, a quen considere susceptibles de responsabilidade.
- A acción para esixir a responsabilidade patrimonial aos membros dunha Corporación local prescribe ao ano da adopción do acto ou acordo que motivou o dano indemnizable.
- En canto a responsabilidade penal rexen os prazos de prescrición do Código penal e da Lei de Enxuizamento Criminal.

Así mesmo, é preciso sinalar que, en materia de contratos das Administracións Públicas hemos remitirnos á Disp Ad 19^a do R.D. Lei 3/2011, de 14 de novembro, que diferencia entre:

a.-Responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das AA.PP.derivada das súas actuacións en materia de contratación administrativa tanto por danos causados a particulares como á propia Administración remitíndose á regulación contida no Título X da Lei 30/92 e no RD 429/03, de 26 de marzo.

b.-Responsabilidade disciplinaria do persoal ao servizo das AA.PP. No suposto de que infrinxa ou aplique indebidamente algún precepto da RDL 3/2011, no suposto de que medie, cando menos, negligencia grave constituíndo falta muy grave e a súa responsabilidade esixirase conforme a normativa específica disciplinaria en función pública.

Por último, partindo da suposición de que a contratación verbal e orde de execución das prestacións, é dicir, autorización e compromiso de gastos realizouse sen que existise crédito suficiente e adecuado no Orzamento da Corporación, é preciso aludir á responsabilidade persoal dos ordenadores de gastos e de pagos, e dos interventores cando non advirtan por escrito a súa improcedencia, de todo gasto que autoricen e de toda obrigaón que recoñezan, liquiden ou paguen sen crédito suficiente, que se recolle no artigo 188 do TRLHL, que completa a redacción contida no artigo 173.5 da mesma norma e do 25.1 do RD 500/1990.

A doutrina considera que os compromisos de gastos sen consignación orzamentaria dan lugar a responsabilidade contable e poden constituír tamén malversación ou alcance se se dan os requisitos destes últimos ilícitos.

A diferenza entre unha e outra figura afecta á tramitación, así como o alcance compete en exclusiva ao Tribunal de Contas, as demais infraccións poden tramitarse pola Administración correspondente, mediante o procedemento de responsabilidade patrimonial previsto nos artigos 20 e 21 do RD 429/1993, do 26 de marzo, pero en todo caso a entidade local que acorde a incoación do expediente comunicarao ao Tribunal de Contas.

O exposto pon de manifesto que existen diversos tipos de responsabilidade que podería esixirse ás autoridades e persoal ao servizo do Concello que interviñeron na actuación irregular, cuestión que deberá ser apreciada en cada caso polo propio Concello.

Réxime dos reparos.

Regúlase nos artigos 215 ao 218 do RD. Lexislativo 2/2004, de 4 de marzo, sendo, en sínteses o seguinte:

Se no exercicio da función interventora o órgano interventor se manifestase en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito antes da adopción do acordo ou resolución.

Se o reparo afecta á disposición de gastos, recoñecemento de obrigaóns ou ordenación de pagos, suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa liquidado nos seguintes casos:

- a) Cando se basee na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.
- b) Cando non foran fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.
- c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.
- d) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

Se, emitido o reparo, o órgano a que lle afecte non está de acordo con este, corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso.

Polo anterior, emítese o preceptivo informe de reparo, consonte o artigo 216.2. do RD. Lexislativo 2/2004, polo motivo arriba indicado.

Conforme co artigo 217.2 do TRLHL correspóndelle ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

- a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.
- b) Se refiran a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

As facturas reparadas corresponden a gastos realizados unha vez concluído o contrato e que se repiten mensualmente e de forma indefinida no tempo; son por tanto de contía indeterminada polo que, ante a eventual superación dos límites previstos na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da LCSP, a competencia correspóndelle ao Pleno de conformidade coa Base 53 das Bases de execución do orzamento para o exercicio 2015.

Aínda que a Lei di que este reparo é suspensivo e lle corresponde resolvelo ao Pleno, neste caso, no que a prestación está executada, debe anudarse o réxime dos reparos ao do recoñecemento extraxudicial de créditos e ao principio do enriquecemento inxusto, polo que se entende que non hai tramitación ningunha que suspender nin discrepancia que resolver, de forma que, emitido o reparo, resta o recoñecemento extraxudicial do crédito polo órgano competente. Si que deberá suspenderse a execución de calquera gasto incurso nos restantes motivos expostos.

Ferrol, 10 de maio de 2016. O viceinterventor,

Visto o informe da Intervención municipal e co ditame previo da Comisión Especial de Contas, e tendo en conta que as normas orzamentarias e a xurisprudencia reiterada declaran a obriga da administración de facer fronte ás obrigas adquiridas á marxe do procedemento legal co fin de evitar o enriquecemento inxusto, propóñolle ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º- Levantar o reparo correspondente ás facturas que se indican.

2.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito da relación de facturas núm. 12 desglosada na parte expositiva por importe de 326.038,45 €."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de nove votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común e Socialista, fronte a dous votos en contra, correspondentes ós sres./as. membros do Bloque Nacionalista

Galego e doce abstencións, correspondentes ós sres./as. membros do grupo Popular e Ciudadanos, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. ALCALDE: Como Concelleiro de Facenda, "memento mori", vamos dicir, existe este informe de fiscalización, onde o máis salientable é R Cable e Telecomunicacións, que está na fase final do proxecto de licitación. Foi a mesa de contratación esta mesma semana. Mesas de contratación abertas a todos os partidos.

Aplicacións para Cristalizados, que fai referencia á limpeza de Porta Nova, tivo un retraso na súa tramitación por mor de que houbo que modificar os pregos para garantir a subrogación dos traballadores, pero tamén está en fase de licitación.

Mendizábal Recuna, refírese á Oficina de Rehabilitación, tamén está no servizo de contratación para a súa licitación. Son asuntos que vanse subsanar nun período breve de tempo e logo, bueno, pois vén o tema estrela, que é o tema do suministro e mantemento eléctrico, que non vou facer máis consideracións, porque temos unha moción monográfica ó respecto e supoño que faremos un extenso debate sobre o mesmo no transcurso desa moción.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Buenas tardes a todos. Simplemente, efectivamente, manifestar que el resto de facturas que el Sr. alcalde ha relacionado, efectivamente responden a momentos puntuales y nada tenemos que decir.

En cuanto al tema estrella y como efectivamente hay una moción, yo simplemente con decir y manifestar mi voto de abstención en este momento me llega. Gracias.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Gracias, Sr. alcalde. Decir, una vez más, que en el Pleno de febrero se nos había anunciado por parte de la Concejalía de Hacienda, tanto en Comisión como en el propio Pleno, que no vendrían más reconocimientos de crédito de los servicios de iluminación y mantenimiento eléctrico y, bueno, pues seguimos viéndolos.

Después de eso pues hemos visto el rifi-rafe como los dos gobiernos han estado peleando por este tema y, francamente, yo ya no sé en qué fase del capítulo estamos. No sé si ganó Ferrol en Común, si ganó el PSOE o si siguen empatados. Era bueno saber porque, bueno, nosotros vamos a seguir absteniéndonos, pero bueno, no digo que vaya a ser esto eterno, eh.

SR. DÍAZ DOCE: Con brevidade, porque, como se dicía, hai unha moción específica sobre o tema estrela. Como antes non puideron facer un apuntamento, o farei agora, aínda que non ten estricta relación con esta cuestión, pero non me resisto a comentar, vendo a apoloxía que fai o concelleiro Langtry da redución da débeda, ó marxe de que poida compartir algunha argumentación que se fixo por parte do Bloque Nacionalista Galego, tendo en conta que dende o mesmo tempo que se fai o que se fixo, esa suposta redución da débeda no Concello de Ferrol, e o goberno do Estado alcanzaba máis do 100% de débeda do PIB, entendo que con esa argumentación o que está é pedindo á cidadanía que nas futuras eleccións xerais aposte por opcións políticas diferentes ó Partido Popular. Tendo en conta ademais que esa redución da débeda, en casos coma o de Ferrol, cunha cidade no

seu estado, o único que nos leva é a ser o cadáver máis aseado do cemiterio.

En todo caso, e respecto a esta cuestión do contrato eléctrico, simplemente repetir unha vez máis, que o motivo polo cal se traen aquí estas facturas e tanta responsabilidade ten cada quen en que se sigan traendo aquí estas facturas, simplemente me remito á Xunta de Goberno de 29 de outubro de 2012; é dicir, ano e medio despois das eleccións xerais de 2011. Nesa Xunta de Goberno de outubro de 2012, contextualizando, estaríamos falando nesta lexislatura de outubro de 2016; é dicir, que aínda nos quedarían cinco meses, o goberno do Partido Popular, como digo sempre, de maioría absoluta e magníficos xestores, levaba á Xunta de Goberno a renuncia, por interese público, da contratación -que estaban en curso- de suministro eléctrico e de mantemento. Renuncia un ano e medio despois de chegar ó goberno. Por interese público, para poñer en marcha este procedemento obxecto de controversia e que en ningún caso lle deu tempo a facer neses catro anos. Me pregunto se non tería sido moito máis responsable e de moito máis interese público nese momento que eses contratos, eses procesos de contratación en curso, se tiveran rematado -estábamos falando de procesos de contratación de dous anos- e que en tanto existían eses contratos e coa cobertura legal, o Partido Popular plantexase ese contrato, ese modelo tan lesivo para o noso concello. Simplemente, xa digo, me remito a esa Xunta de Goberno. E cando se nos fala de parálise, ademais non me resisto a ler, porque aquí se ten comentado moitas veces, a parálise ou a paralización intencionada -se chegou a dicir- por parte deste goberno ós procesos de contratación, logo de que se tramitase o correspondente expediente, este quedou paralizado tras unha primeira reunión da mesa de contratación. Falamos do ano 2011 e 2012. Quedou paralizado ata o 29 de outubro de 2012. Despois se decidiu nese momento, é dicir, como dicía antes, aínda nos quedan cinco meses para mellorar as ratios e os tempos do Partido Popular e se producirá a renuncia por interese público.

SR. RIVAS RICO: Eu unicamente dicir que vamos a repetir as votacións que levamos desenvolvendo ó longo do Pleno, porque vamos ter o debate posterior e tampouco vou insistir.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Gracias, Sr. alcalde. La moción es cuando toque, ¿no?, estamos en otro punto.

Por contestar un pouco, voy a empezar por la paralización intencionada. En primer lugar, usted nos dijo recientemente que no se podía paralizar por interés público. Bueno, se ve que se hizo anteriormente, pero "paralización intencionada", nada tiene que ver. Una cosa es que no se haya iniciado un procedimiento y otra cosa es que esté en la fase de finalización, donde ya se han presentado todas las ofertas, etc. etc. Entonces, bueno, ya la cosa no pinta igual. Es totalmente distinto. Solo por matizar.

En cuanto al 100% del PIB de la deuda nacional, hombre, yo no sé si va usted a presentarse de candidato o alguna candidata, pero, en cualquier caso, lo que tengo que decir es que lo que no pueden es tener los dos discursos contra el Partido Popular. O sea, que si tiene el 100% del PIB de deuda o que si es el as de los recortes, o se recorta o se gasta. ¿Las dos cosas...? O sea, ustedes lo que piden es un imposible. Es "no deuda" y además no recorte. Pues imagínese

que si no se llega a recortar cómo estaría la deuda. Sólo para aclararlo, no.

En cuanto al 100% del PIB de la deuda nacional. Hombre, yo no sé si va usted a presentarse de candidato o alguna candidata, pero, en cualquier caso, lo que tengo que decir es que lo que no pueden es tener los dos discursos contra el Partido Popular. O sea, que si tiene el 100% del PIB de deuda o que si es el as de los recortes. O se recorta o se gasta. ¿Las dos cosas...?

O sea, ustedes lo que piden es un imposible. Es no deuda y además no recortes. Pues imagínese si no se llega a recortar cómo estaría la deuda. Sólo para aclararlo.

SR. ALCALDE: Non vou intervir. -Sr. Díaz?

SR. DÍAZ DOCE: Moi breve. Tampouco vou intervir, respecto do tema da débeda, creo que é suficientemente claro e todo o mundo pode entender e chegar ás súas propias conclusións. Simplemente para matizar, porque se di que eu dixen que se renunciaba á renuncia. Me remito á acta da sesión do Pleno anterior, que revisei precisamente antes de vir a este Pleno, donde explicitamente dixen textualmente que non se renunciaba á renuncia. Para que quede constancia. Porque, en todo caso, eso foi o manifestado na sesión plenaria anterior e esa segue sendo a miña posición.

5. DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO DO 1º TRIMESTRE DE 2016.- "Visto o informe da Tesourería de cumprimento de prazos da Lei 15/2010, correspondente ó 1º trimestre de 2016, que consta de catro folios e está asinado pola Tesoureira o 11 de abril de 2016, previa deliberación a Corporación deuse por enterada.

DELIBERACIÓN

SR. ALCALDE: Este punto xa foi informado na Comisión. Algunha intervención? Si? -Sr. Rivas.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Eu creo que nós xa temos repetido aquí de maneira reiterada as valoracións que facemos respecto destes informes, das implicacións que teñen estes períodos medios de pago e de que realmente non reflicten o estado na xestión dunha Administración. Neste caso dunha Administración Local e que unicamente son mecanismos propagandísticos, desenvolvidos pola Administración Estatal nunha situación na que o que se pretendeu reducir no maior posible a xeración de investimentos públicos e a prestación de servizos públicos por parte das Administracións.

Pero o certo é que informes coma estes, que a pesar de que non podemos concordar cos obxectivos que teñen e que, coma o que hoxe traen a debate a este Pleno e que reflicten que se superan os períodos medios de pago, tanto en termos legais como en termos económicos, teñen unhas implicacións. Teñen unhas implicacións desenvolvidas en base á lei desenvolvida polo Partido Popular, Lei de estabilidade orzamentaria, que pode ter uns condicionantes bastante graves para este concello, no sentido de que podemos chegar ó punto de, se continuamos con esta mesma dinámica, a ser sometidos a unha intervención dos fondos que poidamos recibir por parte da Administración Estatal. Por tanto, de que nos reiteramos na

consideración destes informes, como informes que non teñen maior motivación que a de argumentar que as Administracións Públicas teñen unha xestión eficaz, cando esto non é o reflexo desta xestión, a pesar de que a limitación de recursos por parte de Administracións, neste caso de Persoal para poder xestionar todo estes documentos e as facturas que veñen vinculadas a estes documentos implica que esteamos en situacións que moitas veces son inasumibles e, tendo en conta que hai cuestións que aparecen neste informe que chaman bastante a atención, coma o feito de que este mesmo informe explique e poña negro sobre branco, que se descoñece o motivo polo que o 79% das facturas non tiveron entrada na Tesorería para o seu pago, creo que son motivos suficientes para que desde o goberno municipal se asuma que esto non é un problema banal e que cando menos haberá que tomar algún tipo de decisión para que poidamos revertir esta situación. Moitas grazas.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Grazas, Sr. alcalde. Bueno, yo diría que es el balance esto de un año de desgobierno. Llevan ya un año de mandato, o sea, cuatro trimestres. En este año que llevan desgobernando la ciudad han presentado los informes de morosidad de cuatro trimestres, y se los voy a resumir.

Mire, han presentado el balance del segundo trimestre del año 2015, del cual dos tercios de ese período le corresponde al gobierno anterior. En ese segundo trimestre del año 2015 se cumplió escrupulosamente con el período medio de pago legal, con 51 días y con el período medio de pago económico, con 18 días. Y aunque subió un poco sobre los trimestres anteriores, que venían haciendo una media de 15 días, se ve que la inercia de la gestión se prolongó hasta el fin del trimestre. Pero ya pasamos al trimestre siguiente íntegro de su gestión, tercer trimestre de 2015. Se incumple el período medio de pago legal. Se excede ya en 8 días el máximo y está en 68 días. Se incumple el período medio de pago económico en 30,69 días. O sea un día por encima del máximo legal.

Pero vamos al siguiente trimestre, al cuarto trimestre de 2015. Se incumple el período medio de pago legal. Ocho días se ha excedido, 68 días. Se cumple por los pelos el período medio de pago económico, en 28,5 días, de 30 que tiene que ser.

Primer trimestre de 2016, que hoy nos presentan. Se dispara el período medio de pago legal. Se incumple en 77 días. 17 excedido. Se dispara el período medio de pago económico, con 43,42 días. Exceso de 13,42 días.

En los informes de los tres trimestres, que corresponden íntegramente a su gestión, el balance es el siguiente. De los tres, el PMP legal, o sea el período medio de pago legal, incumplen los tres trimestres y subiendo exponencialmente. Y de los tres períodos medios de pago económico incumplieron dos de tres. E incumplieron ya con nota, multiplicando por 3 el período medio de pago legal que habían heredado. O sea, lo han multiplicado por tres. De una media de 15 días está en 45 días. Los propios informes de morosidad que hoy nos presentan en este Pleno dicen textualmente: "En este primer trimestre de 2016 no existió ninguna tensión de liquidez, atendiéndose a los pagos inmediatamente por orden cronológica de su llegada a la Tesorería municipal para su pago".

Y, Sr. alcalde, no me diga que es el primer trimestre del año porque es más complejo y porque se incumple. Porque, mire, ni que fuera el primero que incumplen. Es que los ha incumplido todos. Moléstese en compararlo, antes de decirlo, con los informes del primer trimestre del año 2015, del año anterior. En el primer trimestre del año 2015 el período medio de pago legal era de 50 días, 10 días por debajo del máximo y el período medio de pago económico de 15 días, lo que le digo que es la media que se venía haciendo. Sólo se trata de gestionar bien.

Y, Sr. alcalde, ustedes están gobernando para gestionar, para tomar decisiones y para resolver los problemas. No vaya a pensar que es un problema de los trabajadores municipales, porque son los mismos que había en el mandato anterior, con los que sí se cumplían los plazos. Y, francamente, tampoco es que para ver el funcionamiento del ayuntamiento haya que esperar a que haya informes que nos digan lo mal que se está gestionando. Lo cierto es que salta a la vista. Se ve en la calle. Se ve en los proveedores que no cobran, cuando empiezan a llamar a las puertas, a pedir citas y a hacer constantes visitas al ayuntamiento para que se les diga cuándo se les van a pagar sus facturas. Estamos, para desgracia de todos, volviendo a tiempos anteriores que habíamos olvidado.

-Sr. alcalde, yo creo que es el momento, después de un año de desgobierno bipartito, de hacer un pequeño balance. Y el balance de este año de mandato se resume perfectamente en estos informes de morosidad. Estos informes reflejan la gestión realizada hasta ahora. Reflejan la descoordinación del gobierno, el desinterés por la gestión, la desidia y además la falta de acuerdos. Queda perfectamente claro que esta situación de permanente incumplimiento es el fiel reflejo de su forma de gobernar, una forma de gobernar basada única y exclusivamente en los anuncios y gestos, pero que no están soportados por nada detrás. No hay acuerdos, no hay trabajo, no hay gestión, no hay presupuestos, no hay acuerdos para adoptar. Asistimos permanentemente a Plenos sin contenido.

Le quedan tres años de mandato. Vamos, si los tres años que restan van a ser como éste desde luego pobre ciudad. Muchas gracias.

SR. ALCALDE: Moitas grazas, Sr. Langtry, polos halagos.

E quero dicir, en primeiro lugar, que ratifico e comparto absolutamente a reflexión do Bloque Nacionalista Galego. Que, bueno, esta norma que vén imposta dende logo limita e moito, porque se non se cumpre temos risco de ser intervidos. Que no ano 2015 cumpriuse a nivel global o período medio de pago e eso nos permite, precisamente, investir o superávit, contra o que se dixo nos medios de comunicación, que tiñamos o risco de non poder facelo.

Eu quero tamén facer unha reflexión, que se ben é certo que o persoal era o mesmo, eu non fun o que dixen que era algo natural do primeiro trimestre, vostede sabe quen foi na Comisión, pero non foi un cargo político e é obvio que a limitación que temos en persoal do Concello, cando vimos de celebrar a xubilación de oito compañeiros e compañeiras e a non posible incorporación de ningún, está mermando en moito a capacidade de xestión, que dende logo nós temos toda a capacidade de traballo para impulsar e corrixir esta situación, non porque compartamos estas directrices legais aprobadas polos seus

compañeiros, senón para non meter en situación de intervención ó noso concello.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Grazas, Sr. alcalde. Solo aclarar una cosa. Y es que aquí hay que decir las cosas, pero hay que decirlas todas.

O sea, mientras en el mandato anterior la tasa de reposición era de cero. Los que se jubilaban no se podían reponer. La tasa de reposición, creo que el informe que se había pedido era de seis. O sea, se han jubilado ocho, pueden reponer seis. Ojalá hubiésemos podido nosotros hacer lo mismo a lo largo de todo nuestro mandato. Sólo aclarar eso.

Ahora, si le digo que estamos finalizando mayo y aún no han aprobado ni la oferta pública de empleo ni tienen visos de hacerlo. Entonces, a ver, gestionen. Porque si necesitan gente lo que tenían que hacerlo era ya en enero, ¿eh? Muchas gracias.

SR. ALCALDE: Así o faremos. Pasamos ó seguinte punto.

6. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA REGULADORA DAS TERRAZAS DOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA.-

Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Urbanismo, Medio Ambiente e Servizos, que textualmente di: " **I.-** Con data do 18-05-2016, o Xefe do Servizo de Urbanismo e Infraestructuras emitiu o seguinte informe-proposta en relación ó asunto: **1.-** Con data do 12.05.2016, por parte da enxeñeira técnica municipal co conforme da Concelleira delegada de Urbanismo, Medio Ambiente e Servizos emítese proposta de modificación da Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería. Dita proposta é a seguinte:

"ANTECEDENTES

-Con data do 29/05/2014, o Excmo. Concello Pleno, acordou a aprobación definitiva de aprobación inicial da ordenanza reguladoras das terrazas nos establecementos de hostalaría (ORTEH).

-Con data do 27/06/2014 publicouse no Boletín Oficial da Provincia, establecéndose a súa entrada en vigor ao día seguinte á data da publicación do acordo de aprobación definitiva e do texto da ordenanza no BOP.

-A Disposición Transitoria da ordenanza, establece que: "A partir do 31 de agosto de 2014 todas as terrazas deberán ser obxecto de nova solicitude con arreglo as determinacións da presente ordenanza".

-Dende a entrada en vigor da ordenanza, presentáronse polo rexistro xeral numerosas solicitudes para adaptar as instalacións de terraza á nova ordenanza, mantivéronse reunións con distintas asociacións de hostalería e cos propios hostaleiros por zonas, co fin de unificar as instalación, realizáronse dende a concellería de urbanismo propostas tipo por zonas, adecuando as instalacións á singularidade de cada espazo, así mantivéronse reunión para unificar criterios, entre outros, con hostaleiros e asociación da Avda de Esteiro, Estrada de Catabois, Praza do Inferniño, Cruceiro de Canido, Paseo da Mariña, Cantón de Molíns,... Realizáronse inspeccións de oficio por parte dos servizos técnicos municipais e da policía local

e a Comisión de Avaliación Técnica de Terrazas (CATT) estudou as solicitudes presentadas.

-Do traballo realizado neste tempo, xurde a necesidade de modificar distintos puntos da ORTEH co fin de facilitar a súa implantación, en relación a: situación de terrazas en prazas de aparcamento, autorización de ancoraxes ao chan en función do tipo de pavimento e ao prazo de solicitude das terrazas temporais.

REFERENCIAS NORMATIVAS BÁSICAS

.Normativa de aplicación:

."Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)", aprobado en sesión plenaria do 28 de decembro de 2000, DOG 09/03/2001.

."Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados."

."Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)", aprobado en sesión plenaria do 28 de decembro de 2000, DOG 09/03/2001.

Plan Especial de Protección e Rehabilitación do barrio da Magdalena (PEPR).

.Proxecto de normalización do mobiliario urbano (PNMU). Barrio da Magdalena (aprobado en Xunta de Goberno Local 02/12/2013).

."Plan Especial de Protección e Rehabilitación de Ferrol Vello"
INFORME

Tras o estudo realizado, propónse a modificación da ORTEH nos seguintes puntos:

1.Art. 2 Tipos de terraza: Modifícase o tipo de terrazas con pechamento estable, engádesse que estas poden ser descubertas, queda a redacción como segue:

Artigo 2. Tipos de terrazas

Para os efectos desta ordenanza defínense os seguintes tipos de terraza:

1.Terrazas sen pechamento estable: son as instalacións formadas por mesas, cadeiras, bancos, taburetes e outros elementos similares; parasoles, toldos, pechamentos, mobiliario ornamental, tarimas e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal. Estas instalacións poderán situarse no solo público ou no privado. No solo privado poderán situarse nos espazos libres de parcela e nos respectivos patios interiores. En todos os casos só se poderá realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen.

2.Terrazas con pechamento estable: son terrazas pechadas no seu perímetro, cubertas mediante elementos desmontables **ou descubertas** que se encontran en terreos de titularidade e uso público ou nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores, que desenvolvan a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal. Só poderán realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen.

2.Art. 9 Publicidade: abrese a posibilidade de que os elementos instalados na terraza contén con publicidade. A redacción do artigo queda como segue:

Art. 9 . Publicidade

A publicidade nos elementos de mobiliario urbano instalados nas terrazas, deberá recollerse expresamente na solicitude e será estudada pola Comisión de Avaliación Técnica de Terrazas. O seu deseño e cores deberán ser discretos, de xeito que non resulte significativo no conxunto total da instalación. As cores e dimensións serán fixadas polo Concello.

Permítese a colocación do nome do establecemento ou do seu logotipo en toldos, parasoles, elementos de protección, cortaventos e pechamentos.

3.Art. 15 Condicións do espazo no que se pretenda situar a terraza. Modalidades de ocupación: Engádese o seguinte parágrafo:

"Autorizarase a ocupación de prazas de aparcamento con instalacións de terrazas na fronte do local, cando a beirarrúa sexa inferior a 3 m de ancho e sempre e cando a instalación reúna condicións de seguridade con respecto á zona de tráfico rodado".

A redacción do artigo quedaría como segue:

Artigo 15. Condicións do espazo no que se pretenda situar a terraza. Modalidades de ocupación

1. A terraza deberá cumprir, con carácter xeral, as seguintes condicións segundo o uso do espazo no que se ubique:

a) En rúas de tráfico rodado a terraza situarase na beirarrúa sempre que a súa dimensión e configuración física o permitan, segundo a localización que determine o Concello na autorización, procurando a accesibilidade universal a edificios e establecementos, así como a persoas con discapacidade visual. A terraza autorizada non poderá rebasar a porción de fachada ocupada polo establecemento, sen perxuízo dos acordos entre titulares de establecementos colindantes cuxa procedencia valorarase polo Concello.

Autorizarase a ocupación de prazas de aparcamento con instalacións de terrazas na fronte do local, cando a beirarrúa sexa inferior a 3 m de ancho e sempre e cando a instalación reúna condicións de seguridade con respecto á zona de tráfico rodado.

Se máis dun establecemento dun mesmo edificio solicita autorización de terraza, cada un poderá ocupar o longo da fronte da súa fachada, consonte ao parágrafo anterior, sen perxuízo dos acordos cos establecementos colindantes. Neste caso manterase entre elas unha separación mínima que respecte o largo do acceso ao edificio. En todo caso haberá que preservar as zonas de acceso a paso de peóns.

b) Nas rúas de tránsito peonil, procurando a accesibilidade universal a edificios e establecementos, así como a persoas con discapacidade visual, con carácter xeral as terrazas situaranse no interior da calzada segundo a localización que determine o Concello na autorización.

Serán autorizables as terrazas abeiradas á fachada cando a configuración física da rúa o aconselle. Se terá en conta a accesibilidade de vehículos de emerxencia, vehículos autorizados e de servizos, así como os accesos a garaxes autorizados polo Concello.

c) Nas prazas e espazos libres ou singulares, a concesión de autorizacións terán o límite determinado no artigo 4.4 .

2. Aínda cando un espazo reúna todos os requisitos para a colocación dunha terraza esta poderá non autorizarse, autorizarse con dimensións

inferiores ás solicitadas, ou con outra ubicación se a súa instalación dificultara o tránsito peonil, o uso público ou doutros servizos. Nos casos nos que as características da rúa, do tráfico ou razóns de seguridade o aconsellen, a criterio do Concello, procederase a denegar o permiso de instalación da terraza. A denegación da autorización ou a modificación da solicitude en ningún caso dará dereito a indemnización.

4. Autorización da ancoraxe de distintos elementos da terraza ao chan, en función do pavimento no que estea situado, sempre que non estea catalogado, previo establecendo dunha fianza para os posibles danos que se poidan causar nel e previo informe favorable da Comisión Avaliadora de Terrazas.

Afecta aos artigos 21 e 22 que quedarían redactados como segue:

Artigo 21. Características xerais:

1. O módulo tipo estará constituído por unha mesa e catro cadeiras enfrontadas dúas a dúas. Considerarase unha superficie de ocupación teórica por cada módulo a de 1,80x1,80 metros cadrados. Autorizaranse módulos dunha mesa e dúas cadeiras de 1,80x0,80 metros cadrados, ou unha mesa alta con catro banquetas de 1,20x1,20 metros cadrados, sen prexuízo de admitirse outros tipos de módulos que se adapten mellor ao espazo ou ao seu contorno. A autorización determinará o tipo de módulo a instalar en función do espazo dispoñible e do emprazamento que se autorice.

2. O material téxtil a utilizar nas instalacións autorizadas por esta ordenanza serán de cores determinadas pola normativa vixente e, en todo caso, acordes co contorno, e a súa recollida será doada e rápida. A cor e características serán especificadas polo Concello na autorización.

3. O mobiliario deberá ter un deseño e cores axeitadas ao ámbito.

4. Ningún elemento poderá sobresaír, sen excepción, da zona autorizada para a terraza.

5. Poderán ir ancorados ao chan en función do pavimento no que estea situado, sempre que non estea catalogado, previo establecendo dunha fianza que cubra os posibles danos que se poidan causar nel e previo dictame favorable da Comisión Avaliadora de Terrazas.

Non poderán ancorarse á fachada do edificio, salvo que expresamente se contemple na autorización.

6. Con carácter xeral, as súas características e dimensións permitirán a súa retirada inmediata e sen que sexa preciso o emprego de medios extraordinarios.

Artigo 22. Características de cada elemento:

1. Mesas e cadeiras:

Con carácter xeral serán de aluminio. Permitiranse tanto mesas cadradas coma circulares, cunha dimensión aproximada de 80 cm. de lado ou diámetro respectivamente. Os materiais empregados deberán facilitar a súa doada limpeza. En función dos materiais empregados na súa fabricación os apoios no chan irán provistos de gomas ou neoprenos para minimizar o ruído por arrastre destas.

O Concello fixará os criterios en relación a materiais e cores para os diferentes ámbitos.

2. Bancos e mesas lineais:

Excepcionalmente, e logo de solicitude expresa e motivada, poderá permitirse a instalación de bancos e mesas de dimensións superiores ás descritas no apartado anterior. Na solicitude, deberá explicarse non só as dimensións e características destes elementos, senón tamén onde e como ten previsto o titular gardar o devandito mobiliario fóra do horario de funcionamento da actividade, en períodos vacacionais, etc.

O Concello fixará os criterios en relación a materiais e cores para os diferentes ámbitos.

3. Barrís e tallos:

No caso que se autorice a instalación de barrís e tallos, o seu peso e dimensións permitirán a súa doada portabilidade, debendo ser os tallos de altura axeitada ao barril. Os materiais empregados deberán facilitar a súa doada limpeza.

Os apoios no chan dos tallos irán provistos de gomas ou neoprenos para minimizar o ruído por da ancoraxe de distintos elementos da terraza ao chan, en función do pavimento no que estea situado, sempre que non estea catalogado, previo establecendo dunha fianza para os posibles danos que se poidan causar nel e previo informe favorable da Comisión Avaliadora de Terrazas.

4. Elementos de protección e cortaventos:

Como norma xeral, a delimitación da terraza realizarase mediante elementos de protección, que non poderán ser opacos a partir dos 90 cm. de altura.

Poderán ir ancorados ao chan en función do pavimento no que estea situado, sempre que non estea catalogado, previo establecendo dunha fianza que cubra os posibles danos que se poidan causar nel e previo dictame favorable da Comisión Avaliadora de Terrazas, debendo estar xustificada e garantida a súa estabilidade e seguridade.

A lonxitude máxima destes elementos, e en xeral o seu peso e dimensións, serán os axeitados para permitir a súa rápida retirada mediante procedementos ordinarios, utilizando os propios medios do establecemento, en caso de que aquela fose necesaria.

O Concello fixará os criterios en relación a materiais e cores para os diferentes ámbitos.

5. Pechamentos estables:

A estrutura destes pechamentos deberá ser autoportante desmontable, axeitada ás súas características e dimensións, non podendo estar ancorada ao chan nin a calquera outro elemento da vía pública.

O Concello fixará os criterios en relación a alturas, materiais e cores para os diferentes ámbitos.

6. Parasoles:

a) Os parasoles terán a condición de portátiles, para o cal a estrutura será lixeira e pregable, non podendo estar ancorada á fachada do edificio, nin a calquera outro elemento da vía pública. Poderán ir ancorados ao chan en función do pavimento no que estea situado, sempre que non estea catalogado, previo establecendo dunha fianza para os posibles danos que se poidan causar nel e previo dictame favorable da Comisión Avaliadora de Terrazas.

b) O elemento de protección dos parasoles será de material téxtil, tipo lona ou similar. A altura destes elementos non será inferior a 2,20 metros.

O Concello fixará os criterios en relación a alturas, materiais e cores para os diferentes ámbitos.

7. Toldos:

a) Nos casos en que se autoricen polo Concello os toldos ancorados á fachada do edificio, terán a condición de pregables ou enrolables.

b) O elemento de protección dos toldos será de material téxtil, tipo lona ou similar. A altura destes elementos non será inferior a 2,20 metros, medida esta altura ata o borde inferior do faldrón.

c) No ámbito do conxuntos históricos estarase a súa específica normativa.

O Concello fixará os criterios en relación a alturas, materiais e cores para os diferentes ámbitos.

8. Estufas:

a) Só poderán instalarse modelos homologados, debendo ser aparatos de baixo consumo; a súa instalación realizarase co máis coidadoso respecto pola sostibilidade do medio.

b) As estufas deberán ser portátiles, polo cal non poderán estar ancoradas ao pavimento, e o seu deseño (dimensións, peso, etc) permitirá o seu sinxelo traslado polos propios medios do establecemento.

c) En ningún caso está permitida a instalación de cableado eléctrico de calquera tipo.

9.-Tarimas:

As tarimas poderán autorizarse para impedir que os elementos da terraza danen o espazo público, especialmente nas terrazas con pechamentos estables. Deberán ser por módulos facilmente transportables nas terrazas sen pechamentos estables para o caso de que a autorización determine a obriga de retirala ao remate do horario de funcionamento do establecemento do que dependa, consonte ao prescrito no artigo 16.5 desta ordenanza.

O Concello fixará os criterios en relación á composición, materiais e cores da tarima segundo os diferentes ámbitos e características da terraza.

5. Período de funcionamento e vixencia: Inclúese a modalidade de terraza con carácter semestral con vixencia do 1 de maio ao 31 de outubro, polo que o art. 24, queda redactado como segue:

Artigo 24.- Período de funcionamento e vixencia

1.- Establécense os seguintes periodos de funcionamento das terrazas:

1.1.- Con carácter xeral as autorizacións terán carácter anual, computándose a anualidade dende a data de notificación da autorización administrativa de instalación da terraza.

1.2.- Modalidade de terraza con carácter semestral con vixencia do 1 de maio ao 31 de outubro.

1.3.- Nos períodos de festas de Semana Santa, Nadal ou verán poderá autorizarse a instalación de terraza finalizando a autorización ao rematar o período de festas, cuxa data de remate se fixará na autorización.

1.4.- Tamén poderán autorizarse en períodos distintos dos sinalados por motivos de promoción turística da cidade.

2. En todo caso as autorizacións extinguiranse coa finalización ou peche da actividade do establecemento principal de que dependen.

6. Prazo de solicitude para as terrazas temporais.

Engádese un parágrafo ao pto 1 do art.25. Prazo de solicitude e renovación das autorizacións, en relación coas solicitudes para as instalacións temporais, queda redactado como segue:

Artigo 25. Prazo de solicitude e renovación das autorizacións

1.As autorizacións anuais renovaranse automaticamente cando non se produza modificación nas condicións da autorización. En todo caso o Concello poderá manifestar a súa vontade de non renovación automática, ou esixir en calquer tempo a modificación de calquera condición da autorización concedida, cando concorran razóns de interese público ou necesidade de utilizar o espazo ocupado. A denegación de renovación ou a esixencia de modificación será notificada ao interesado, sen dereito a indemnización algunha.

Para as instalacións de terrazas temporais no período de verán, deberá realizarse a solicitude antes do 31 de maio.

Para as instalacións de terrazas temporais durante outros períodos distintos ao de verán, debe realizarse a solicitude 15 días antes da data para a que se solicita.

A Administración municipal procederá a denegar, revogar ou suspender temporalmente a autorización, sen dereito a indemnización, nos seguintes supostos:

a) Se constare resolución municipal por molestias ou prexuízos derivados do funcionamento da actividade principal ou accesoria.

b) De apreciarse un incumprimento das condicións da autorización ou da mesma ordenanza.

c) Nos casos de falta de pagamento da taxa correspondente.

d) Cando no período autorizado estea prevista a execución de actuacións públicas, ou obras de calquera natureza que impidan o uso do espazo.

e) Cando non se achegue en prazo a documentación esixida nesta ordenanza para tramitar a autorización.

g) Cando exista resolución municipal sobre reposición á legalidade urbanística respecto ao establecemento principal ou a súa actividade.

h) Cando teñan lugar eventos deportivos, culturais, festivos ou de calquera outra natureza, organizados directa ou indirectamente por esta Administración ou cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, así como a implantación, supresión ou modificación de servizos públicos.

i) En xeral por razóns de interese público, produzan danos ao dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral, por razón de trazado, situación, seguridade viaria, obras públicas ou privadas, afluencia masiva de peóns, saturación, visibilidade ou accesibilidade, ou calquera outra circunstancia similar.

3.- En caso de revogación, suspensión temporal ou ausencia de autorización, a Administración poderá proceder a execución subsidiaria no relativo á retirada do espazo de uso público dos elementos que constitúen a instalación sen perxuízo das sancións que correspondan segundo a presente ordenanza."

2.- Con data do 13.05.2016, o arquitecto municipal emite informe favorable sobre a proposta de modificación puntual, indicando que se redactou respectando a lexislación sectorial de patrimonio histórico e do planeamento urbanístico municipal.

3.- Con data do 13.05.2016, o Xefe do Servizo de Urbanismo e Infraestruturas emite o seguinte informe, co conforme da Secretaría Xeral:

"Con data do 29.05.2014, o Excmo. Concello Pleno, acordou a aprobación definitiva de aprobación inicial da ordenanza reguladoras das terrazas nos establecementos de hostalaría.

Con data do 27.06.2014 publicouse no Boletín Oficial da Provincia, establecéndose a súa entrada en vigor ao día seguinte á data da publicación do acordo de aprobación definitiva e do texto da ordenanza no BOP.

Redáctase polos servizos técnicos municipais proposta de modificación da Ordenanza de terrazas de establecementos de hostalería, emitindo informe-proposta de modificación con data do 12.05.2016, co conforme da Concelleira delegada titular da área de Urbanismo, Medio Ambiente e Servizos.

Con data do 13.05.2016, o arquitecto técnico municipal informe favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza.

O procedemento para a modificación da Ordenanza é o mesmo que o previsto para a súa aprobación, regulado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

Aprobación inicial polo Pleno

Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Resolución de tódalas reclamacións e suxerencias presentadas dentro de prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

No caso de non ter presentada ningunha reclamación ou suxerencia, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

De acordo co artigo 70.2 da Lei de Bases do Réxime Local, o texto definitivo da Ordenanza será publicado no BOP non entrará en vigor ata que transcorran 15 días dende a súa total publicación no mesmo.

Con carácter previo á súa aprobación inicial do Pleno deberá someterse a ditame da Comisión Informativa correspondente.

Polo exposto infórmase favorablemente dende o punto de vista xurídico e no marco das miñas competencias, a referida modificación puntual da Ordenanza para a súa aprobación inicial polo Pleno do Concello."

Exposto todo o anterior, propónse á Concelleira delegada titular da área de Urbanismo, Medio Ambiente e Servizos, previo ditame da Comisión Informativa, para a súa elevación ao PLENO a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar inicialmente a modificación puntual da Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalaría, proposta no informe do 12.05.2016 transcrito na parte expositiva.

2) Acordar a apertura da información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

II.- Na sesión do 19.05.2016, a Comisión Informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos, Obras e Seguridade ditamina favorablemente o asunto.

Exposto todo o anterior, proponse ó Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar inicialmente a modificación puntual da Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalaría, proposta no informe do 12.05.2016 transcrito na parte expositiva.

2) Acordar a apertura da información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de dez votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros de Ferrol en Común, Socialista e Ciudadanos e trece abstencións, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos Popular e Bloque Nacionalista Galego, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SRA. FERNÁNDEZ LEMOS: Boas tardes. No ano 2014, o Excmo. Concello Pleno aprobou definitivamente a Ordenanza reguladora das terrazas nos establecementos de hostelería. Esta ordenanza entrou en vigor o 31 de agosto do 2014 e todas as terrazas deberían ser obxecto da nova solicitude, con arreglo ás determinacións da presente ordenanza. Este goberno defendeu a aplicación da ordenanza vixente, cun texto que é aberto a interpretacións, que nos dá ventaxe para adaptar a distintas tipoloxías e barrios, sempre traballando cos hosteleiros.

Dende a entrada en vigor da ordenanza presentáronse por Rexistro Xeral numerosas solicitudes, para adaptar as instalacións de terraza á nova ordenanza. Mantivéronse as reunións con distintas asociacións de hostelería e cos propios hosteleiros das zonas, co fin de unificar instalacións. Realizáronse dende a Concellería de Urbanismo proposta tipo por zonas, adaptando as instalacións á singularidade de cada espazo. Así mantivéronse reunións para unificar criterios, entre outros, cos hosteleiros da Avenida de Esteiro, Estrada de Catabois, Praza do Inferniño, Cruceiro de Canido, Paseo da Mariña, Cantón de Molíns e moitos máis. Realizáronse inspeccións de oficio por parte dos técnicos municipais e da Policía Local e a Comisión de avaliación técnica de terrazas estudou as solicitudes presentadas.

Do traballo realizado neste tempo, tras conversacións cos hosteleiros e cos grupos municipais, surxe a necesidade de modificar distintos puntos da orde co fin de facilitar a súa implantación en relación á publicidade, á situación das terrazas e prazas de aparcamento, cando sexa posible, autorización de ancoraxes ó chan en función do tipo de pavimento e o prazo de solicitude das terrazas temporais.

Polo tanto proponse ó Pleno a aprobación da modificación puntual desta Ordenanza de terrazas e acordar a apertura de información pública e de audiencia da mesma.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Gracias. Desde Ciudadanos valoramos de forma muy positiva el hecho de que las aportaciones que recogimos en su momento, alguna de ellas en la moción de 28 de enero de este año, y que habían sido fruto de la recogida de hablar con los hosteleros, hayan sido por fin incorporadas, efectivamente, a esta modificación que se pretende desde el gobierno. Y hablamos concretamente del

sistema de anclajes, que ya en su momento dijimos que el sistema de contrapesos era un sistema que tenía que adaptarse también a otro tipo de posibilidades como era el anclaje en el suelo, sobre todo debido a los problemas del viento y factores meteorológicos de esta ciudad.

Después también hablamos y también teníamos en esa moción la posibilidad y la existencia de terrazas de temporada.

En ese aspecto, por supuesto, valoramos estas introducciones, como también, efectivamente, valoramos que el punto de la flexibilidad que pretendíamos en la publicidad, que decíamos que la ordenanza no era flexible al recoger estrictamente la imposibilidad total de no llevar en ningún elemento inmobiliario una pequeña publicidad, restringía. También se nos ha escuchado.

También, de todas maneras, lo que tenemos que decir, y lamentamos, es que haya dos situaciones o dos cuestiones que también consideramos fundamentales y que en este caso no se han atendido. Y las expliqué ya en Comisión y también pretendo hacerlo aquí ahora.

Por un lado el que no se reconsiderara que la ubicación, entendemos, de las terrazas en las calles peatonales, debería de realizarse en las aceras, porque entendemos que el paso natural de los peatones debería ser el centro de la calzada y además entendemos que eso sería, a efectos prácticos, importantísimo para evitar los problemas que puede haber en tránsito de vehículos de urgencia, como pueden ser vehículos de bomberos y ambulancias. Entendemos que esos vehículos, en un momento de una llamada de urgencia no van a poder esperar a que se retiren todos los elementos de esas terrazas para poder pasar. Incluso que, efectivamente, en un momento dado puede haber viandantes ocupando las terrazas y que, vamos, digo yo que entendemos que es un gran error.

Por otro lado, también una segunda propuesta, que ha sido rechazada -y también manifestamos eso en Comisión-, la necesidad de reconsiderarla. Es el error de interpretación que se realiza desde este gobierno del artículo 5 de la Orden del Ministerio de Vivienda de febrero del 2010, donde dice que "las terrazas puedan discurrir de manera colindante o adyacente". La colindancia o la adyacencia en ningún momento son sinónimos en esta introducción o en esta normativa de la ley. No redundante. Se habla de dos posibilidades. La orden faculta a introducir o a recoger ambas posibilidades en las terrazas. Pueden ser colindantes o adyacentes. La única condición que este artículo 5 sí realiza y limita, es que la anchura, en todo caso, del eje de paso tenga que ser de un recorrido permanente de 1,80. Eso sí es así. Pero tanto en la colindancia como la adyacencia. Creemos que esa interpretación es errónea y así lo que va a haber es una supresión en muchos casos de toldos que resguardaban del viento, frío y de la lluvia y va a suponer la existencia, por ejemplo, como puse también en la moción de fecha 28 de enero, la existencia en Catabois de una zona de sombrillas en mitad de una calle cuando los elementos de viento, lluvia y frío coexistan. Bien, reiteramos, creemos que es un error.

En todo caso, desde Ciudadanos, vamos a ser positivos, vamos a ver que esas modificaciones que se han realizado, aunque no son

suficientes, flexibilizan en parte esas medidas y vamos a votar a favor de las mismas. Gracias.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Nós xa nos temos posicionado respecto desta ordenanza, considerándoa como unha ordenanza cuns grandes niveis de indefinición, que eran, por tanto, os que provocaban unha aplicación discrecional das súas condicións. O feito de que este goberno asuma estes criterios de maneira xenérica simplifica que o criterio adoptado polo goberno actual é o mesmo que o desenvolvido polo anterior do Partido Popular. O certo é que é unha ordenanza que deixa moitísimas cuestións en moitos aspectos a futuras decisións. No canto de desenvolver un marco xeral específico, que puidera ser susceptible de ser excepcionado a través da Comisión avaliadora que se recolle nesta ordenanza, deciden vostedes facer o contrario. Asumen a excepción coma o criterio fundamental para ordenar e establecer os criterios do conxunto da ordenanza. Debería, ademais, como xa temos explicado neste mesmo Pleno, existir algún tipo e algunha mención específica, a aspectos coma o que teña que ver cos ruídos que se poidan provocar nestes espazos e toda vez que seguimos sen contar cunha ordenanza municipal que poida establecer os límites de ruído e que permitan conciliar o desenvolvemento dunha actividade económica cos dereitos ó espazo público dos veciños e veciñas desta cidade. É dicir, o lóxico sería desenvolver un proceso no sentido contrario. Uns criterios xerais específicos e que puideran ser excepcionados, pero parece que vostedes asumen o mesmo criterio que o anterior goberno do Partido Popular. E nese marco xeral de indefinición, no que chegamos ó punto de que as características de cada elemento, como se recolle no artigo 22 desta ordenanza, son todos susceptibles dunha decisión posterior por parte do concello para a súa concreción, pois parece que non é a mellor opción.

As mesas e cadeiras serán definidas ou poderán ser fixados os seus criterios de concreción en relación a materiais e cores polo concello. O mesmo acontece cos bancos e mesas lineais.

Os elementos de protección e cortaventos. O concello fixará os criterios en relación ós materiais e cores para diferentes ámbitos.

Pechamentos estables. O concello fixará os criterios en relación ás alturas materiais e cores para diferentes ámbitos.

Os parasoles. O concello fixará os criterios os criterios en relación ás alturas materiais e cores para diferentes ámbitos.

Os toldos, as estufas. Non sei. Están a concretar algo nesta ordenanza ou deixan todo a que o concello fixe os criterios en relación á composición, materiais e cores para os diferentes ámbitos.

O certo é que nese contexto siguen vostedes a manter criterios de absoluta discrecionalidade, que nos períodos de festas, que vostedes circunscriben ó nadal, ó verán e á Semana Santa, este concello poida decidir como se ocupa espazo público desta cidade. E segue a ser o mesmo criterio que desenvolveu o Partido Popular.

Vai decidir vostede, Sr. Suárez, que rúas se pechan, que rúas se abren e ata cando. Porque tampouco aparecen reflectidos os períodos concretos de cando se poden situar esas terrazas ó longo dos espazos públicos deste concello. E que aportacións deciden vostedes facer a esta ordenanza mediante esta modificación? Pois incorporar a publicidade a estes mobiliarios. Unha publicidade -eso si- discreta.

Que ten un carácter tamén moi obxectivo, moi cuantificable e dunha maneira moi concreta, sobre todo para aquelas persoas que van a poder instalar este tipo de elementos. E o único que demostra que vostedes asumen que vivimos nunha sociedade na que todo é susceptible de que se poida vender ou comprar, sexa con publicidade ou sexa co que se considere oportuno en cada momento e que o único que é relativo é o prezo. O certo é que o normal e o lóxico sería que establecéramos un criterio xenérico.

Primeiro, non creo que sexa unha boa decisión que se poida incorporar a publicidade nese tipo de elementos.

Pero, segundo, se isto é así o normal sería que establecera cal é o criterio para o cal se pode permitir o uso desa publicidade neses espazos, cando sexa mínima a definición dos tamaños, en relación a que tipo de publicidade se pode dispoñer sobre estes elementos. Ou aquí se vai a poder publicitar todo o que se considere oportuno? Que cando menos se desenvolva no mesmo material no que se concreten esas cadeiras, esas mesas, eses toldos en tonos que poidan ser equivalentes e que cando menos teñamos unha unidade en todo o mobiliario que se desenvolve neste concello. Algo que nesta ordenanza parece que o que vai a provocar é un crisol de cores e xa non sei que máis, porque parece que vai ser a criterio xenérico o feito de que non exista criterio.

Que a outra aportación que vostedes permitan e que incorporen a esta ordenanza é que se poidan desenvolver anclaxes ó chan. Non sei exactamente cal é o motivo de que eso poida acontecer máis aló de que as estruturas que existen para cubrir ou para permitir o uso destes espazos públicos teñan unhas dimensións excesivas que obriguen e que sexa necesario o seu ancoraxe ó chan. En todo caso, o lóxico será que se se quere cubrir máis espazo se faga con elementos que non precisen destes anclaxes. Porque seguimos a falar de espazo público. Estamos a falar de espazos públicos e que vostedes asumen que é unha especie de espazo privado e que se pode empregar de calquera maneira. O mesmo acontece coas terrazas nos aparcadoiros. Se vostedes consideran que existen excesivos aparcadoiros nos espazos municipais, o lóxico será que o primeiro que fagan sexa substituír a ocupación dun espazo público por un vehículo pola ocupación dese espazo público polos veciños e veciñas. É dicir, transformar ese espazo que ocupan os vehículos nun espazo público e que posteriormente decidan ou permitan o uso dese espazo para un uso privativo ou un interese económico. Pero que decidan vostedes dar o salto e pasar do espazo que se ocupa por parte dos vehículos e transformalo nun espazo que poida ser susceptible de ocuparse por terrazas, parece que tampouco é a mellor elección e sobre todo se de verdade vostedes teñen como obxectivo, sobre todo nalgúns barrios desta cidade a peonalización destes espazos. Non se comprende como se este é o seu obxectivo recurren a esta modificación para permitir a ocupación das terrazas, de espazos que agora mesmo están ocupados polos automóviles. Moitas grazas.

SR. EVIA PÉREZ: Gracias, Sr. alcalde.

-Sr. Rivas, discreción así, arbitraria, no. Esa es la diferencia. Una autorización para ocupar suelo público tiene que ser discrecional. Lo que tiene carácter reglado es una licencia.

Decir que a mi juicio las modificaciones que se presentan aquí son insustanciales. Y las que no son insustanciales pues empeoran claramente la ordenanza.

Que se permita la publicidad a mi no me parece ningún logro. Pero yo les hago una pregunta a todos, díganme un local de hostelería que su mobiliario urbano, dentro, dentro del local, donde éste es solo privado, pues tiene publicidad. Si no la tiene dentro ¿por qué la va a tener en el exterior, en el suelo público? Entiendo que eso sería ya, vamos. Y de hecho, si se permitiese, es de las pocas cosas o de los pocos temas que la ordenanza tendría que tener también un carácter reglado, no podría, a mi juicio, quedar a la opinión de la Comisión Técnica de evaluación de las terrazas.

Y también, por ser breve, Sr. alcalde, que nos pedía ser breves. Yo voy a ser muchísimo más breve que el Sr. Rivas.

Decir que la autorización de anclajes al suelo, aunque no esté catalogado, tendría que tener un carácter excepcional, pero nunca genérico.

Hablaba también el Sr. Rivas de la ocupación de plazas de aparcamiento. A mí eso no me parece mal. Lo estamos viendo en otras ciudades, como también vemos que no es necesario anclar en el suelo, que hay soluciones para todo. Pero sí que entiendo, y no lo recoge en la ordenanza, por lo menos en la modificación, en la propuesta de modificación, entiendo que tendría que tener también pues los pertinentes informes de la Policía municipal, etc., etc., y justificando que no afecta, que no penaliza el aparcamiento.

Por último decir que la ordenanza está vigente. De sus palabras hasta parece que se aplicó. Yo creo que todavía esta ordenanza no se aplicó. Yo pregunto, ¿cuántas terrazas hay autorizadas?.

SRA. FERNÁNDEZ LEMOS: No sé el número de terrazas autorizadas, pero sí las hay.

Bueno, en cuanto a las puntualizaciones de la Sra. Masafret decir que evidentemente en las calles peatonales es donde podemos cumplir con esa orden de vivienda y separar 1,80 metros las terrazas de lo que es la fachada de las edificaciones. Las terrazas siempre van instaladas con un informe de la policía, un informe de seguridad, que garantizará que se pueden eliminar esos elementos, los de las terrazas, en cuanto haya una posibilidad, una emergencia.

En cuanto a la ubicación de las terrazas paralelas a las fachadas, adyacentes, como dice usted. Bueno, pues como norma general, hay que cumplir la orden de vivienda y sí que excepcionalmente, pero siempre excepcionalmente se está permitiendo adosarlas a las fachadas. En la aplicación de la ordenanza y en los diferentes ámbitos que nosotros tenemos.

En cuanto a la discrecionalidad, pues, bueno, decirle al Sr. Rivas que estoy esperando a las alegaciones o las aportaciones que pudiera hacer él en cuanto a las modificaciones de la ordenanza. Se le han solicitado en Comisión, creo que lo hemos hablado extensamente y que se podrían haber aportado pues todas las puntualizaciones que él considerara. Es una ordenanza abierta, ya lo sabemos, con una Comisión Técnica que la interpreta. Entonces, cumplimos con la normativa estatal, garantizamos la posibilidad de instalar estos

elementos que dinamizan económicamente la ciudad, con una ocupación del espacio público que está reglada.

Estamos pendientes de regular con una Ordenanza de ruido esos problemas de los que usted hablaba pero, como bien decía también el Sr. Evia, pues la ocupación de plazas de aparcamiento tendrá que ir siempre vinculada a un informe de la Policía Local también que garantice la seguridad de esa instalación y la seguridad de mantener las plazas de aparcamiento oportunas.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Simplemente dos pequeñas cuestiones o matizaciones. En las terrazas con calles peatonales, el 1,80 es toda la calzada por la que puede discurrir el viandante sin ningún tipo de obstáculo, con lo cual el 1,80 se cumple.

En cuanto la interpretación, lo que dice el artículo, y voy a leerlo literalmente para que no haya interpretación o error, es que las terrazas pueden discurrir de manera colindante o adyacente. La orden faculta o recoge ambas posibilidades, exigiendo como única limitación la anchura.

Entonces, que la orden en sí diga que una tiene que primar sobre la otra no lo pone en ningún momento. Habla de la colindancia o adyacencia. Nada más.

SR. RIVAS RICO: Gracias, Sr. alcalde. Brevemente. Unicamente decir que a alegación que lle temos que facer é que desboten esta ordenanza. Que alegación máis quere que lle fagamos fronte a unha ordenanza que asumen vostedes e que desenvolveu o Partido Popular e que é absolutamente discrecional na aplicación dos seus criterios.

É obvio, como lle expoñía na miña primeira intervención, o noso criterio é o contrario. Concreten, e incluso por zonas, cales son os criterios que queren desenvolver para a aplicación desta ordenanza, unifiquen o mobiliario, establezan criterios específicos, non só para aquelas persoas que non van facer uso destas instalacións, senón tamén para aquelas persoas e aqueles hosteleiros que van a ter que recurrir a esta ordenanza para poder facer uso deses espazos e a partir de aí excepcionen. O que non é normal é que establezan criterios absolutamente xenéricos, que non exista ningún tipo de elementos ós que cando menos poidamos agarrarnos para poder decidir ou para poder intuír que tipo de mobiliario e elementos se poden desenvolver ó longo deste concello e que ademais todo esto estea sometido á decisión dunha comisión avaliadora, que pode ser mellor ou que pode ser peor, pero que é obvio que terá un criterio que será en todo caso interpretable.

SR. EVIA PÉREZ: Gracias, Sr. alcalde. Muy brevemente. Yo, todo lo contrario, le pediría que no la modificasen.

Pero, simplemente decir que lo que critica el Sr. Rivas sobre el carácter discrecional, lo que persigue esta ordenanza, y yo creo que la Sra. Fernández Lemos estará de acuerdo, es la instalación del mayor número de terrazas, facilitar el mayor número de terrazas, pero -y eso va en contra de lo que dice la Sra. Masafret- pero sin olvidar que la prioridad es el ciudadano, es el peatón.

SRA. FERNÁNDEZ LEMOS: Bueno, puntualizarle a la Sra. Masafret, que colindante y adyacente, que podemos ver pues la diferencia que puede haber, pero en diversidad funcional hay personas de todo tipo, incluso invidentes, que no sé si usted sabe que se guían normalmente

por la línea de fachada. Entonces, la orden de vivienda lo que interpreta es que se deben dejar las fachadas libres pues para seguir perfectamente un itinerario accesible. Eso por una parte.

En cuanto a la publicidad, que antes no le contesté al Sr. Evia. Las compañías, sabe usted que las grandes compañías que les facilitan el mobiliario a los establecimientos de hostelería pues intentan mostrar una publicidad. Es para facilitar esa instalación con un mobiliario económico, siempre y cuando la publicidad sea discreta. Y creo que sobre la interpretación que tenía la Comisión de terrazas, antes de que yo llegara, pues era la misma, permitir cierta discrecionalidad en ese sentido.

7. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN E FOMENTO DA CULTURA DENDE AS ASOCIACIÓNS CULTURAIAS DE FERROL PARA O ANO 2016.- Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Cultura, Ensino e Universidade, que textualmente di: "A Concellería de Cultura do Concello de Ferrol ten entre as súas prioridades políticas o apoio ás entidades sen ánimo de lucro na realización de actividades culturais, o fomento da participación da cidadanía neste ámbito e o impulso da democratización do acceso á cultura na sociedade.

Na presente convocatoria fíxanse as iniciativas que contribúen á realización destas prioridades, e márcanse obxectivos de carácter xeral, tales como a mellora da xestión e da organización das asociacións e das actividades desenvolvidas por elas e a integración nas actividades socioculturais da poboación en xeral, e a mocidade, as mulleres e os maiores, en particular.

Son prioritarias nesta convocatoria as accións tendentes a facilitarlle á cidadanía un uso activo e creativo da actividade cultural e a fixación de programas e programacións culturais.

A Concellería quere contribuír a promover a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura galega en xeral e da ferrolá en particular.

O expediente foi informado o 11.05.2016 pola Xefatura do Servizo.

Polo exposto anteriormente, e unha vez fiscalizado o expediente pola Intervención Municipal e ditaminado pola Comisión de Cultura, Educación, Deportes e Turismo, o Concelleiro de Cultura, Ensino e Universidade por delegación de alcaldía de data 29 de xuño de 2015 (BOP 09.07.2015), fai a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións para a promoción e fomento da Cultura dende as Asociacións Culturais de Ferrol para o ano 2016.

Segundo.- Aprobar o gasto de 55.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 05101-3301-48000 do orzamento municipal prorrogado para o 2016 (documento contable RC núm. 216100901 Ref. 553)

Terceiro.- Publicar esta convocatoria no BOP, taboleiro de edictos do Concello de Ferrol e páxina web municipal."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de vinte e un votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista, Popular e Ciudadanos,

fronte a dous votos en contra, correspondentes ós sres./as. membros do Bloque Nacionalista Galego, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. BASTERRECHEA LÓPEZ: Grazas alcalde. Grazas a todos. Traemos aquí a aprobación das bases da convocatoria pública das subvencións, que se chaman normalmente concurrencia competitiva, por importe de 55.000 euros, 5.000 euros menos que o ano pasado. Ten que ver con que, sabedes que hai un mantemento, unha prórroga a día de hoxe de orzamento do ano pasado e que ademais nos remanentes non entraron o que tiñan que ser as subvencións, co cal nos vemos na obriga de pagar co orzamentado para este ano, tamén as subvencións do ano pasado.

Feito un estudio do acontecido o ano pasado, pois decidimos que era unha cantidade suficiente. Teño que dicir aquí neste aspecto que hai dúas cuestións que me parecen especialmente importantes. Por un lado, porque este ano xa me reunin, tanto conxuntamente en algunha assemblea, pero sobre todo individualmente, a un ritmo de tres ou catro xuntanzas diarias, con practicamente todas as entidades culturais da cidade e todas presentan o mesmo aspecto.

Hai dous aspectos que hai que mellorar e que estamos traballando xa en mudar. Un ten que ver coas propias condicións, coas propias claves para acceder a esas subvencións, cales son as valoracións e que cremos que se ten que levar en todos os aspectos das subvencións do concello e, polo tanto, e como van incluídos tamén no Regulamento de participación cidadá, tería que ser dunha maneira participada e polo tanto leva o seu tempo. Pero o seguinte aspecto, que es el que máis preocupa ó conxunta das entidades, é a dificultade do procedemento en si para xustificar as propias subvencións, que fan que a maioría das entidades asociativas de entrada xa renunciem a participar nelas. Así mo expresan e, evidentemente, somos moi esixentes á hora de xustificar e incluso implica no adianto dunha cantidade de diñeiro, que moitas asociacións non contan e, polo tanto, temos que mellorar. Temos mirado xa o modelo, que é o que se está aplicando na Diputación, que sendo de igual legalidade ten moitísima menos esixencia e parece moitísimo máis sinxelo de xustificar. O sea, que estamos abordando tanto as premisas a partir das que se van a conceder esas subvencións, pero sobre todo, e máis importante, polo que me transmiten todas as asociacións culturais son as esixencias para poder xustificalas. E nada máis. Gracias.

SRA. ESPIÑEIRA GONZÁLEZ: Boa tarde a todos e a todas. Eu vou comezar lembrándolle ó Sr. Basterrechea unha cousa que non faría se non fose por..., logo entenderá por que. E é que el, cando estaba na oposición -digo que non acostumo a facer estas cousas eu, pero esta vouna facer, porque ten sentido-, afirmou vostede, cando o Partido Popular trouxo estas mesmas bases ó Pleno municipal que estas non eran as canles, -e leo literalmente- de participación cidadá en cultura que vostedes esperaban. Afirmou isto e, por tanto, votaron en contra destas mesmas bases que hoxe traen. En principio para min este non sería un problema insalvable se as cousas mudasen, pero o que pasou despois, cando vostedes chegaron ó goberno desta cidade, houberan pasado, cando se repartiron estas axudas, que xa estaban no orzamento, loxicamente, que simplemente había que repartilas, vostede esgrimiou o argumento de que estaba en contra destas bases para

repartir as subvencións ás asociacións culturais, pero que non tivera tempo para modificálas. Ese foi o seu argumento o verán pasado e dende aquela pois pasou practicamente un ano. E o problema é que eu teño unha sospeita. Sospeito, non sei seguro se é un motivo ou outro, pero vou explicar os dous motivos, que ata hai ben pouco vostede non sabía -o argumento que esgrimía hai un rato- de que para modificar estas bases que hoxe traen ó Pleno tiñan que modificar as bases xerais de subvencións. E digo que sospeito iso, porque senón non entendo, e pídolle hoxe que mo explique, porque vostede o ano pasado, a finais de ano, non se achegou ó grupo municipal do Bloque Nacionalista unha proposta para modificacións das bases, que hoxe traen vostedes sen ningunha modificación, nunha proposta que nos achegaba o Bloque Nacionalista Galego na que incluía cinco puntos para a lingua galega, cinco puntos máis para a lingua galega. Vostedes fannos esta proposta, como digo fai uns meses -seis meses, sete meses- e nunca máis volvemos saber nada. O que nós sospeitamos é que vostedes en ningún momento tiveron a intención de modificar esas bases e o que sospeitamos tamén é que se tivesen intención de modificálas o primeiro que teñen que facer é tramitar esa modificación e para iso deberían traer algún tipo de proposta de cómo modificar estas bases. Certo é que para modificar estas bases hai que modificar as bases xerais, pero por que non se modifican. Pídolle que me explique cal é o motivo de que non se modifiquen. O verán pasado era a falta de tempo, un ano despois cal é a explicación? Eu pídolle, por favor, que me responda a isto.

E, logo, outra cuestión que vostede comentaba é que estas bases se poden modificar e se poden mellorar, para facilitarlle o acceso a estas subvencións ás asociacións. Estase facendo na Deputación e noutras Administracións. Entón, non sei, se é parte da revolución cultural gustárame que se tivese en conta este aspecto.

E gustárame, ademais, engadir algo que comentaba antes respecto do uso da nosa lingua e o impulso da nosa cultura, porque gustárame lembrarllas que as Administracións Públicas, as locais e tamén a autonómica, temos a obriga de fomentar o uso da nosa lingua e que vostede nos fixera unha oferta, que logo retira, de engadir 2,5 puntos - 2,5 puntos, insisto- de 100 puntos para potenciar o uso da lingua, parécenos unha esmola. Parécenos ridículo. Pero o peor non é iso. O peor é que agora xa quitaron eses 2,5 puntos. Nin sequera temos esa pequena esmola para potenciar a nosa lingua no ámbito da susceptible de facelo como é a cultura, as asociacións culturais.

Simplemente, por último, engadir outro aspecto. É que, como vostede sabe, nós estamos a favor de que as subvencións sexan de concorrencia competitiva, porque aí poderían vostedes establecer uns criterios obxectivos e que non se faga o reparto de subvencións a través de convenios ou axudas nominativas. E, nese sentido, gustárame tamén indicarlle que podería ter en conta subvencións que se trouxeron a este Pleno, como por exemplo o Ateneo ou a Semana Santa, eses criterios poderían terse en conta dentro deste tipo de subvencións e así non atoparse con problemas á hora de aprobar unhas ou non aprobar outras, no sentido de que vostede podería ter neses criterios incluídas as características das asociacións culturais da súa cidade. Loxicamente nós, igual que fixemos en Plenos anteriores,

non imos aprobar estas bases, porque non nos parecen xustas, porque os criterios non os compartimos e porque son as mesmas que votamos en contra cando gobernaba o Partido Popular. Grazas.

SRA. MARTÍNEZ BECEIRO: Muchas gracias, Sr. alcalde, parte de mi discurso pues lo acaba de decir la Sra. Espiñeira, porque realmente se remitió a actas de Plenos anteriores y a mí, la verdad, me gustaría un poco pues, evidentemente, mostrar nuestro voto a favor. Y no podía ser de otra manera, porque es darle continuidad a las políticas que teníamos nosotros. Están con las mismas bases que aprobamos nosotros los cuatro años anteriores, sin hacer ninguna modificación, y lo acaba de decir la Sra. Espiñeira, como ya he dicho.

Realmente, bueno, se ha justificado aquí un recorte de 5.000 euros, pero la realidad es que de 60.000 se ha pasado a 55.000.

También hay una realidad, que es un retraso en la publicación. Normalmente estas bases se aprobaban a principios de año y se publicaban para que ya fueran efectivas, pues sobre todo habitualmente en los meses de marzo. Y, bueno, pues realmente la falta de coherencia por parte precisamente del concejal, en este caso del Sr. Basterrechea, el Concejal de Cultura, porque según quién gobierne en este concello pues así ha sido su voto. Y yo me remito precisamente a las actas de los Plenos anteriores. Cuando estaba gobernando el Partido Socialista, él no era concejal, pero su partido sí estaba aquí presente y se abstenía. Cuando pasamos a gobernar el Partido Popular, su voto durante los cuatro años era en contra, con argumentos como el que la Sra. Espiñeira aquí leía literalmente, pues que no era un procedimiento que se compartía y hacía una justificación precisamente para defender su voto en contra. Y ahora que a él le toca gobernar defiende estas bases, aunque justifique decir que va a hacer modificaciones. Y yo comparto lo que se ha dicho anteriormente, tiempo ha tenido para hacer las modificaciones pertinentes, si no comparte esta manera de hacer política, con las entidades y con las asociaciones culturales. No creo que sea disculpa cuando a uno le toca gobernar decir que no ha tenido tiempo, que hay propósito y tal, cuando ya pues lleva el año cumplido y yo creo que ya es de un gobierno responsable lo que con otros gobiernos se votaba en contra o se abstenía, que ahora se traiga como punto para aprobar. Evidentemente nosotros seguimos una política coherente y lo que nosotros aprobábamos y traíamos los años anteriores lo vamos aprobar ahora y le vamos acompañar en su propuesta. Muchísimas gracias.

SR. BASTERRECHEA LÓPEZ: En primeiro lugar, sinalar que si, que son unha persoa, además defiende la incoherencia, soy una persona incoherente y me gusta la incoherencia porque creo na complexidade do ser humano e ademais me parece que hai aí incoherencia. Eu creo que son un ser humano moi complexo e ademais creo que a incoherencia forma parte da honradez do ser humano. Así que non teño ningún problema en que me llamen incoherente. Me parece moi ben, porque, repito, son un ser humano ben complexo.

Dito esto teño que sinalar... -Non, no PP non vou estar. Non vos preocupedes, que eu estou nesta organización, nacín nesta organización e morro nesta organización. E é verdade que cada vez

esta organización medra máis e ten diversos nomes, pero vamos ás estrelas e máis aló-

Dito esto, teño que sinalar que ese recorte ven dado, porque todos os aquí presentes o ano pasado aprobamos unha cantidade de 54.800 euros, dos que teño que sinalar que a día de hoxe, as entidades, e por iso si que é a miña preocupación, as entidades culturais solo puideron xustificar preto de 40.000, o cal implica que hai un problema na xustificación das subvencións. Dito esto teño que sinalar, primeiro, eu non pasei polo grupo municipal do BNG -seguro-falando deso. Outra cousa é que algún compañeiro o fixera, pero eu persoalmente dende logo non. O digo para mostrar as cuestións como son. E é verdade que, volvo a insistir, a min non me gusta e se o teño que dicir o podo gritar, pero creo que se escoita ben. A min non me gustan estas bases, pero creo que estas bases se ten que mudar como se fixeron, porque creo que en gran parte estas bases son heredeiras das que no seu día fixo Esquerda Unida en conxunto con todas as entidades asociativas da cidade, si que é verdade. Non miremos mal. Pero a primeira organización que xuntou a todas as asociacións culturais para establecer uns criterios conxuntos foi Esquerda Unida, estaba de concelleira Yolanda Díaz. Eu me lembro, porque estiven nesa reunión, e dixeran que non cría no movemento asociativo, porque era bastante petardo daquela, pero isto foi así. Isto foi así. E, polo tanto, como me lembro desa reunión, desa xuntanza, pois podo asegurar que foi así. Creo que debe modificarse, porque creo que a día de hoxe están desfasadas e creo que, evidentemente, modificar as bases, non cos criterios dun concelleiro, senón cos criterios da participación cidadá requiren tempo e polo tanto teño que sinalar que preciso máis tempo. Teño que sinalar tamén neste que é verdade que eu traigo aquí, he traído, varios convenios nominativos. De feito o outro día vin no BNG que dicía o que estaban de acordo e non de acordo co goberno. Eu teño que sinalar que todos os convenios nominativos que trouxo este goberno aquí en cultura foron aprobados polo BNG. Esa é a realidade. O sea que a incoherencia, volvo a insistir, que a min me parece un ben da humanidade é estendida, extensa y amplia. Dito eso pois aquí o deixo.

SRA. ESPÍÑEIRA GONZÁLEZ: Feita a broma, eu preguntolle ó Sr. Bastérrechea se lle parece que é o Lóxico entón e que nós empecemos a non aprobar ningunha subvención e que non saian adiante. En fin. Precisa vostede máis tempo para revisar unhas bases? É que a min dáme medo isto, porque se nun ano non tivo tempo a revisar uns criterios que son páxina e media, medo me dá. Porque nas Comisións non trae propostas, o único que se limita é a repetir unha e outra vez que quere modificalas, que non lle gusta, que son as do Partido Popular. Pero son as que desenvolve unha e outra vez. Se vostede non tivo tempo nin sequera a revisar isto nin a traer unha proposta nin sequera a dicirnos por onde quere tirar, temos un problema. E voulle informar dunha cousa, ó mellor non se deu conta. Vostede ten 70 puntos en criterios comúns e 30 puntos en criterios transversais. E o outro día o que me comentaban é que non podían modificar isto porque terían que modificar antes as bases xerais. Claro, complicación tremenda modificar unhas bases xerais, traelas ó Pleno. Oh, meu Deus! É que iso, claro, entendo que nun ano non se pode facer. Pero é que

vostede nin sequera caeu na conta que deses 70 puntos e 30 puntos pode modificar a puntuación de cada un dos criterios segundo as súas ideas. Porque vostede, recórdolle, que está aquí representando a un grupo político. Recórdolle a vostede que se a súa incoherencia fose unha cuestión persoal, a min non me importaría en absoluto. Daríame, asegúrollo, que bastante igual. Pero o problema é que vostede está aquí defendendo, ou debería estar defendendo, unhas ideas e un proxecto político e non o está facendo. As cousas non lle gustan pero as sigue facendo, igual que pasou coa xestión dos comedores escolares e infinitude de cousas. E, xa lle digo, se toda a complicación é modificar unhas bases, meu Deus.

Álvaro Montes. O Sr. Álvaro Montes é o voceiro do seu grupo. Foi a persoa lóxicamente que se puxo en contacto con nós (Álvaro Montes non estaba antes, na miña anterior intervención) para comentarnos esta posible modificación destas bases nas que vostede, coa súa letra, escribiu unhas modificacións respecto á puntuación ofrecendo eses 5 puntos de 100, para fomento da lingua galega, porque ó mellor, pois non sei, podería resultar atractivo, pero para nós, vólvolle a insistir en que é absolutamente insuficiente ese cambio que agora non temos. Insisto. Pero que ese cambio de 5 puntos para potenciar a lingua galega non é suficiente. Non nos parece ningunha revolución nin nos parece un cambio, de feito así é, que non o fan.

E vólvolle a insistir nunha cuestión que me parece moi importante. A súa incoherencia personal non nos preocupa, preocúpanos a incoherencia política.

SRA. MARTÍNEZ BECEIRO: Es que realmente parece un pouco, no sé, falta de respecto, que diga un concejal de un goberno que le gusta ser una persona incoherente, cuando estamos hablando de una responsabilidad de gobernar, no, como decía la Sra. Espiñeira precisamente, de su incoherencia personal. Si su incoherencia personal la traslada al goberno, realmente lo que nos está dando a nuestra ciudad pues es un goberno incoherente. Entonces, en base a esa incoherencia que usted hace alarde, por la complejidad del ser humano, realmente puede haber la posibilidad de que usted traiga como goberno aquí esto a aprobar y que usted personalmente lo vote en contra, porque formaría parte de ese complejo que le lleva a tener un carácter incoherente. Y claro que estamos llenos de incoherencia con un goberno así. Porque realmente no se repite ni una sola vez, sino muchas, el que "a mí no me gustan estas bases", "a mí no me gustan los convenios nominativos, porque no me parecen justos pero los traigo". Pero si en su mano está el cambiarlo. Cámbielo cuanto antes y no tenga usted un poco una situación bochornosa, el decir, "no me gusta, pero lo traigo a aprobar", cuando usted tiene el poder de gestionar el cambio y la modificación. Realmente no entiendo cómo puede hacer alarde de una complejidad en su carácter personal cuando realmente lo que está siendo es Concejal de Cultura. Insisto, nosotros somos coherentes. Cuando estábamos gobernando nos criticaba usted personalmente en los Pleno diciendo que el procedimiento no le gustaba. Cuatro años estuvo meditando el que no le gustaba nuestro procedimiento. Sea un poco coherente y empiece a modificar y a darle realmente seriedad a su gestión.

Por ser coherentes nosotros vamos a votar, como ya dije antes, a favor.

SR. BASTERRECHEA LÓPEZ: Simplemente sinalar, é verdade que lle gustou moito dicir a Eva Espiñeira o da revolución. Si estamos facendo a revolución, por eso temos menos tempo para outras cousas. Pero si estamos facendo a revolución cultural desta cidade e ademais estou seguro que esta cidade acepta esa revolución cultural. É así. É un feito e estou seguro delo.

Dito eso, la misma coherencia y como represento un partido político, volvo a insistir, se está en contra dos convenios nominativos vótolle en contra. Porque está moi ben votar a favor do Ateneo, está moi ben votar a favor das equipas de normalización Lingüística e incluso está moi ben que me digan que tardamos en facer o aumento do convenio Correlingua. Pois entón voten en contra. Eu entendo que voten en contra. Se están en contra voten en contra. É o lóxico. É o lóxico, senón teremos que dicir que hai unhas que están ben e outras que están mal.

Dito eso, pois se están en contra voten en contra.

Dito esto, volvo a insistir, estas bases se van a mudar, pero se van a mudar como se ten que mudar, en participación co tecido cultural da cidade. E eso leva tempo. De momento, a día de hoxe, todo o tecido cultural da cidade ha sido recibido por este concelleiro e están aportadas as necesarias aportacións, están recibidas as suficientes aportacións e si que é verdade que hai un compromiso que ata o vindeiro ano están modificadas co tecido cultural da cidade. Volvo a insistir, que é para nós fundamental. Cremos que se está facendo unha labor absolutamente coherente. Unha cousa é que eu sea incoherente e o defendo, pero creo que o programa cultural desta cidade é absolutamente coherente, creo que ademais é un programa cultural rico. Creo que ademais é un programa cultural que está dando que falar dentro e fóra desta cidade e ademais pois dentro dese convencemento de que se están facendo as cousas ben e que se está traballando con sectores que estiveron tradicionalmente excluídos nesta cidade. A día de hoxe non hai ningunha asociación, porque é verdade que moitas das que non poden xustificar e non poden levar adiante determinadas actividades, a día de hoxe non creo que haxa ningunha asociación cultural que cando foi recibida, que son recibidas todas por min, non se buscou solución puntual a cada problemática habida. E esto é así.

SR. ALCALDE: Moi brevemente, por alusións, pido brevidade máxima nas intervencións.

SR. MONTES CELEIRO: Ola, que tal, moi boa tarde. Eu quero facer un pouco un relato desa realidade escrita pola Concelleira do BNG, onde o que se dá, que coma o BNG moitas veces insiste que non se conta con eles, que sempre falamos con eles o último día ou moitas veces que nin falamos o que se dá e logo de varios debates en varias Comisións onde presentamos un borrador ó BNG dunha proposta de modificación das bases de Participación e de Cultura. Despois de semanas de silencio, a miña sorpresa foi cando chegamos á Comisión de Participación e Eva Espiñeira pois alí mesmo dixo: "A min esa proposta non me gusta". O mesmo sucedeu despois, cando mandamos en aberto unha proposta, que iban incluídas todas as entidades veciñais,

máis todos os grupos, unha proposta en aberto cos novos criterios para este ano e o BNG optou polo silencio, tampouco fixo ningunha contraproposta. Agardo, pois, que cando se leve a Comisión esa proposta para dictaminar non teñan nada que dicir, porque tiveron varias ocasións para facer proposta e contraproposta. E de feito hoxe está aquí un representante dunha entidade veciñal que manifestou que non estaba conforme con ese borrador e ó final a proposta que imos levar pois é un pouco, xa chega un pouco máis á que dicía esa entidade e outras que se mostraron nesa liña e a que presentamos.

Nós sempre estamos abertos ó diálogo e ás propostas e ás contrapropostas e, como digo, foron abertas ás entidades e abertas ós grupos e o BNG optou polo silencio.

SRA. ESPÍÑEIRA GONZÁLEZ: Resumindo, quero recordarlle ó Sr. Álvaro Montes que os que están gobernando son vostedes, nós estamos na oposición e vostedes o que están facendo é desenvolver as mesmas políticas e os mesmos criterios que o Partido Popular, por eso a nosa postura. E o noso traballo é facer oposición e o noso traballo non é facerlles a vostedes as bases. Porque as bases que vostedes presenten son exactamente as mesmas que se presentaron durante moitos anos e se unha modificación, que non volvo a insistir, a modificación que comentaba antes, se eso lles parece algo sustancial, para nós non é serio. É como na ordenanza de terrazas. Que é o que non nos gusta? Todo. Non nos gusta que arriba-abaixo, queremos que teñan en conta outros criterios e esperábase de vostedes outros criterios.

E, logo, respecto ó que comentaba o Sr. Basterrechea, anúnciolle, xa o fixen pero volvo a facelo, que o Bloque Nacionalista Galego vai aprobar todas as subvencións nominativas que considere, porque o que vai facer é facelo en función dos seus obxectivos políticos. Por qué? Porque nós non temos a capacidade, somos un concelleiro e unha concelleira na oposición para mudar este sistema. Este sistema, no que vostedes seguen traendo subvencións nominativas ós Plenos, cando hai sorte, porque moitas delas nin siquera pasan polo Pleno, e concedemos subvencións á Semana Santa e a moitas outras cuestións sen que teñamos opción nin siquera debatelo, a oposición.

E, por outro lado. Por suposto que imos aprobar todas as opcións que potencien o uso da lingua, porque a nosa cidade o necesita moi moito, e da nosa cultura. Igual que apoiamos as últimas subvencións nos Plenos para o Ateneo, para a Sociedade Galega de Historia Natural e moitas outras. Porque pensamos que non aprobalas é discriminar, é prexudicar subvencións que teñen que vir a Pleno pola modificación das que non. Moitas grazas.

SR. BASTERRECHEA LÓPEZ: Pois entón me está respondendo, loxicamente. Se as subvencións nominativas que veñen teñen como base a defensa do galego de asociacións coma o Ateneo e demais, xa está dito todo. Non somos o mesmo goberno nin a mesma política cultural do Partido Popular.

E, volvo a insistir, si que está habendo unha revolución cultural nesta cidade. Grazas.

8. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS ÁREA DE DEPORTES, CORRESPONDENTE Ó ANO 2016.- Examinada a proposta do

Concelleiro Delegado de Deportes, que textualmente di: "Modificación anexo de subvencións Área Deportes correspondente ao ano 2016. Dende a Concellería de Deportes propónse a tramitación da modificación do anexo de subvencións das entidades, conceptos e contías especificadas a continuación. O expediente conleva modificación orzamentaria xa que por unha banda elimínanse algunhas subvencións e por outra engádense e incrementanse outras.

Respecto das subvencións nominativas que se eliminan do anexo:

Club Corredores Populares de la Armada	Ruta do Naval	6000,00 €
Club Castro de Lobadiz	Carrera Nocturna	6000,00 €
Club Baloncesto Ferrol	Pola súa participación na liga regular EBA	46.525,00 €.
Club Hípico La Camposa	Gran premio ciudad Ferrol Hípica	2.500,00 €

Os motivos da súa exclusión son:

Que o Club Baloncesto Ferrol xa non participa na categoría deportiva subvencionada.

Que tanto La Camposa como o Castro de Lobadiz renunciaron as súas subvencións no ano 2015, asumindo o Concello a organización da Carreira Nocturna.

Respecto da nova subvención que se engade no anexo

CLUB SAN XOAN TENIS DE MESA	Participación das súas deportistas na División de Honra na tempada 2015 – 2016 e competicións oficiais das Federacións Española e Galega	3.500,00 €
-----------------------------	--	------------

A razón da nova subvención é o ascenso á división de Honra do equipo feminino do club.

No canto da modificación do anexo de subvencións:

a) Entidades beneficiarias con modificación do obxecto da subvención.

A FERVENZA	Participación na competición Sénior Autonómica Feminina durante a tempada 2015 – 2016	8.000,00 €
GRUPO EMPRESA BAZÁN	Regata de vela lixeira "Ría de Ferrol" e cursos da Escola de Vela 2016.	12.000,00€
BALONMANO FERROLTERRA	Participación do seu equipo Sénior masculino na 2ª división autonómica para a tempada 2015 – 2016 e competicións oficiais das Federacións	3.000,00 €

	Española e Galega.	
--	--------------------	--

A proposta destas modificacións ven motivada pola situación de prórroga do orzamento municipal, e consecuentemente do anexo de subvencións, e o feito de que no exercizo 2015 foron obxecto de modificación co fin de adecualas mellor á vontade a Corporación e os intereses das entidades beneficiarias:

No suposto de A Fervenza: a modificación veu motivada pola vontade de que o obxecto da subvención nominativa incluíra a tres dos equipos do club citado que actualmente participan na liga autonómica feminina e non só ao equipo sénior, tal e como era a vontade da corporación e como se viña facendo en anos anteriores.

Respecto do Grupo Empresa Bazán: a modificación ven dada porque o período temporal no que se desenvolve a Escola de Vela excede do verán, sendo vontade da Corporación a colaboración do Concello na dita actividade durante toda a súa duración.

No canto do Balonmano Ferrolterra a modificación produciuse pola falta de concreción do concepto orixinariamente redactado.

b) Entidades beneficiarias nas que se incrementa a contía a percibir.

CLUB MONTAÑA FERROL	Gastos derivados da participación do seus deportistas nas competicións de raids e carreiras de orientación así como a organización das seguintes actividades: Programa de sendeirismo; Xornadas de escalada; III Marcha Costa Ártabra de Ferrol; Organización de evento competitivo na modalidade de orientación; Xornadas de Iniciación a actividades no entorno natural a rapaces/as en risco de exclusión social.	6.500,00 €
CLUB BASKETMI	Participación na División de Honra de Baloncesto en Cadeira de rodas para a tempada 2015 - 2016 e competicións oficiais das Federacións Española e Galega.	30.000,00€
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE SURF	Organización do campionato de España de Surf	20.000,00€
CLUB VALDETIRES FERROL	Participación do seu equipo sénior na 1º división Nacional de Fútbol Sala Feminino e competicións oficiais das Federacións Española e Galega.	44.000,00€
CLUB RUGBY FERROL	Participación do seu equipo sénior na Liga Galega 1ª división, na tempada 2015-2016 e competicións oficiais das Federacións Española e Galega	12.000,00€

CLUB TRIATLON FERROL	Participación dos seus equipos elite nas competicións do calendario das federacións galega e española de triatlón.	12.000,00€
----------------------	--	------------

Propónse o incremento das subvencións ás entidades anteriores por mor do seu ascenso nas súas categorías deportivas así como pola necesidade de equiparar algunhas contías ás que estaban a percibir outras entidades deportivas similares

Proposta de modificación do anexo de subvencións

Á vista do anterior propónse a modificación nos seguintes termos:

Modificar o anexo de subvencións do orzamento prorrogado para o 2016 no que as seguintes entidades, conceptos e contías se refire:

1.- Eliminar do anexo as seguintes subvencións nominativas:

Club corredores populares de la Armada	Ruta do Naval	6000,00 €
Club Castro de Lobadiz	Carrera Nocturna	6000,00 €
Club Baloncesto Ferrol	Pola súa participación na liga regular EBA	46.525,00 €.
CLUB HÍPICO LA CAMPOSA	Gran premio ciudad Ferrol Hípica	2.500,00 €

2.-Incluír a seguinte subvención nominativa

CLUB SAN XOAN TENIS DE MESA	Participación das súas deportistas na División de Honra na tempada 2015 – 2016 e competicións oficiais das Federacións Española e Galega	3.500,00 €
-----------------------------	--	------------

3.- Modificar as seguintes subvencións nominativas (xa previstas no anexo de subvencións prorrogado):

Onde di:

A FERVENZA	Gastos derivados das competicións liga autonómica	8.000,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL RECREATIVA GRUPO EMPRESA BAZÁN	VI Regata de vela lixeira “Ría de Ferrol” - cursos de verán de Vela	12.000,00€

BALONMANO FERROLTERRA	Pola súa participación na división	3.000,00 €
CLUB MONTAÑA FERROL	Curso escala Casa de Acollida- II Carreira Montaña Costa Ártabra-Programa de Senderismo-Xornadas de Escalada-Equipo de Raid- Unha Marcha	6.300,00 €
CLUB BASKETMI	Pola súa participación na División de Honra B de Baloncesto en Cadeira de rodas	4.845,00€
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE SURF	Evento deportivo competitivo de carácter nacional	10.000,00€
CLUB VALDETIRES FS	Pola súa participación na división de honra Fútbol-Sala Feminina	34.225,00€
CLUB RUGBY FERROL	Gastos derivados das competicións Liga Galega 1	10.000,00€
CLUB TRIATLON FERROL	Participación nas competicións no calendario das federacións galega e española de triatlón.	9.690,00€

Debe dicir:

A FERVENZA	Participación na competición Sénior Autonómica Feminina durante a tempada 2015 – 2016	8.000,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL RECREATIVA GRUPO EMPRESA BAZÁN	Regata de vela lixeira “Ría de Ferrol” e cursos da Escola de Vela 2016.	12.000,00€
BALONMANO FERROLTERRA	Participación do seu equipo Sénior masculino na 2ª división autonómica para a tempada 2015 – 2016 e competicións oficiais das Federacións Española e Galega.	3.000,00 €
CLUB MONTAÑA FERROL	Gastos derivados da participación dos seus deportistas nas competicións de raids e carreiras de orientación así como a organización das seguintes actividades: Programa de sendeirismo; Xornadas de escalada; III Marcha Costa Ártabra de Ferrol; Organización de evento competitivo na modalidade de orientación; Xornadas de Iniciación a actividades no entorno natural a rapaces/as en risco de exclusión social.	6.500,00 €
CLUB BASKETMI	Participación na División de Honra de Baloncesto en Cadeira de rodas para a tempada 2015 - 2016 e competicións oficiais das Federacións Española e Galega.	30.000,00€
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE SURF	Organización do campionato de España de Surf	20.000,00€

CLUB VALDETIRES FS	Participación do seu equipo sénior na 1º división Nacional de Fútbol Sala Feminino e competicións oficiais das Federaci3ns Española e Galega.	44.000,00€
CLUB RUGBY FERROL	Participaci3n do seu equipo sénior na Liga Galega 1ª divisi3n, na tempada 2015-2016 e competicións oficiais das Federaci3ns Española e Galega	12.000,00€
CLUB TRIATLON FERROL	Participaci3n dos seus equipos elite nas competicións do calendario das federaci3ns galega e española de triatl3n.	12.000,00€

O maior crédito resultante da modificaci3n proposta ascende a 52.940 €, que se financiará co crédito resultante da eliminaci3n do anexo das seguintes subvenci3ns nominativas ás que se refire o punto primeiro.”

Previa deliberaci3n, a Corporaci3n, en votaci3n ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. asistentes, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACI3N

SR. DÍAZ DOCE: Espero que o debate non sexa reiterativo do que se vén producir, aínda que, evidentemente, hai unha parte que é común. En todo caso se trae hoxe aquí unha proposta de modificaci3n do anexo de subvenci3ns, logo de que ademais se teña emitido informe por parte da Intervenci3n municipal respecto da prórroga do anexo de subvenci3ns no marco da prórroga orzamentaria e se trae aquí hoxe esta modificaci3n, dando cumprimento a un compromiso que se asumiu dende o primeiro día coas entidades, que se explicitou dende o primeiro día tamén en Comisi3n e aínda asumindo, porque é así a verdade, e non teño tampouco reparo en dicilo, que entendo que este sistema actual de axudas ás entidades, neste caso deportivas, non é o mellor sistema para que o funcionamento das entidades deportivas e polo tanto o deporte na nosa cidade sexa o mellor. En todo caso, xa digo, non é unha novidade, porque dende o primeiro día a todas as entidades se lles informou de que durante o ano 2016 os convenios se mantería na liña do que estaba aprobado, ademais temos o orzamento prorrogado, van nesa liña e unicamente se traen hoxe aquí, independentemente de que tamén, dando conta do compromiso adquirido na última Comisi3n correspondente, se informou no conxunto de subvenci3ns, daquelas que porque teñen un importe igual ou menor do que tiñan non precisan ser traídas a Pleno e tamén das que veñen hoxe a Pleno. E, en relación con ese compromiso, informo, por tanto, da proposta que se trae.

Respecto das subvenci3ns nominativas que se eliminan do anexo de subvenci3ns, falaríamos da subvenci3n que tiña o Club de Populares da Armada pola organizaci3n da Ruta do Naval, o Club Castro de Lobadiz pola organizaci3n da carreira nocturna; o Club Baloncesto Ferrol pola súa participaci3n na liga EBA e o Club Hípico La Camposa polo gran premio Cidade de Ferrol de Hípica.

No caso do Club Castro de Lobadiz e do Club Hípico La Camposa, o ano pasado xa tiñan renunciado a esa subvenci3n e, polo tanto,

simplemente se consolida unha renuncia que surxeu o ano pasado, de feito a carreira nocturna o ano pasado foi organizada xa por este goberno, directamente polo concello e no caso do Club Baloncesto Ferrol, obviamente este ano non ten participado xa na liga EBA, polo tanto era unha subvención, ademais dunha cuantía importante, que non tiña sentido.

No caso da carreira da ruta do Naval existe unha situación que eu entendo que hai que corraxir respecto da ruta de construción naval, do que se ten feito nese sentido no noso concello por diferentes institucións e que, en todo caso, sendo susceptible de retomar no futuro, eu creo que non debe organizarse esta carreira en tanto non se resolva esa situación.

Respecto das subvencións nominativas que hoxe se traen aquí, por motivo de modificación do seu obxecto ou incremento do seu importe, hai unha nova subvención para o Club de Tenis de Mesa, o Club San Xoán de Tenis de Mesa, pola súa participación durante esta temporada na división de honra feminina e lamentablemente o ano que vén o equipo feminino non xogará na división de honra, toda vez que descendeu, pero o ano que vén, si que aproveito para dar a enhoraboa nese sentido ó equipo masculino, si que ascendeu, polo tanto invertimos os papeles de cara ó ano que vén. Créase esa subvención pola súa participación nesa división de honra feminina durante esta temporada. Ademais modifícase o obxecto no mesmo sentido que se tiña modificado xa o ano pasado, toda vez que o anexo de subvencións incluído no orzamento pois non recollía con precisión ou con exactitude ou houbo algún cambio no seu obxecto no pasado. A subvención da Fervenza, do grupo Empresa Bazán e do Balonmano Ferrolterra non modifican o seu importe, pero si que se fai unha modificación do seu obxecto e se trae o incremento das subvencións do Club Montaña Ferrol, tiña unha subvención de 6.300 euros e toda vez que tamén o ano pasado houbo que modificar o seu obxecto e que este ano era preciso tamén modificar o seu obxecto e que dentro deses axustes que se fixeron e que se falaban con todas as entidades e que se falaba un redondeo das cantidades que se viñan percibindo para que polo menos se sexa consciente ou sexa máis claro que non existe ningún tipo de baremación detrás desas cantidades e que ás veces incluír cifras non redondeadas podían dar a impresión de que esas cantidades si que respondían a que houbese cálculos detrás, cando non é así. E ademais se traen, como se fixo e tamén se explicitou dende o primeiro día, un compromiso con esas entidades, o incremento da subvención do Club Basketmi Ferrol, pola súa participación durante a temporada 2015-2016 na división de honra e baloncesto en cadeira de rodas. Unha subvención que era de 4.845 euros e que ten un incremento moi importante hasta 30.000 euros. Eu creo que ademais de, tamén, felicitar ó Basketmi pola súa temporada e por ser quen de manter a categoría na división de honra, cun orzamento moi inferior ó resto dos clubs que participan nesa categoría, onde todos os clubs representan a cidades moito máis populosas, cunha situación moito mellor que a nosa e aproveito tamén para dar a felicitación ó Basketmi, co que se tiña ese compromiso, como así se anunciou tamén en Comisión dende o primeiro día.

Se incrementa a subvención da Federación Española de Surf pola organización na nosa cidade do Campionato de España de Surf, de 10.000 euros ata os 20.000 euros. Por unha banda xa se ten anunciado tamén, en Pleno se ten falado moitas veces, o surf debe ser un elemento que a nosa cidade poña en valor, non só dende o ámbito deportivo, senón tamén dun ámbito turístico e no eido de darlle a volta á imaxe da nosa cidade fóra dela, ademais o ano pasado se trouxera aquí na segunda parte do ano unha subvención á Federación Española de Surf pola organización dun evento, que finalmente non se puido organizar no mes de decembro por cuestións climatolóxicas, toda vez que estaba previsto para o ponte da Constitución e por cuestións, xa digo, meteorolóxicas e do estado do mar, houbo que suspender ese evento. Se trae ademais a subvención, o incremento da subvención do Club Valdetires Ferrol, que tiña 34.225 euros e se incrementa hasta os 44.000, tamén dando cumprimento a un compromiso para equiparar cando menos a subvención do Valdetires, que milita na división de honra feminina de fútbol sala, coa subvención que recibe o Parrulo, que milita na división de prata de fútbol sala e asumindo que pode existir unha discriminación entre deporte feminino e masculino, pero cando menos entendemos que sendo os dous clubs de fútbol sala máis importantes da nosa cidade, merecen ter a mesma subvención. Ademais - xa vou rematando- se trae o incremento da subvención do Club de Rugby Ferrol dende os 10.000 euros ata os 12.000 euros. 12.000, 2.000 euros de incremento, tendo en conta que xa o ano pasado o Club de Rugby tivo, ademais desa subvención de 10.000 euros unha subvención de 2.000 euros, posteriormente aprobada para organización dun evento. E tendo en conta que neste caso no ámbito do Rugby, independentemente de que milita na mesma categoría si que está acreditado un incremento moi importante dos custos das licencias federativas neste deporte, se entendeu que, bueno, tiña sentido incrementar esa cuantía dende os 10.000 ata os 12.000 euros.

E o Club Triatlón Ferrol, que tamén o ano pasado, aínda que a tipoloxía de competicións no ámbito do triatlón é moi complexa e ás veces é fácil perderse nela, ascendeu de categoría no ámbito feminino e que ademais tamén aproveitou para dar enhoraboa, toda vez que este fin de semana resultaba gañador o seu club feminino na Copa de Raiña na competición celebrada en Pontevedra. Se incrementaría a subvención dende os 9.690 euros ata os 12.000, tendo en conta ademais -e xa remato finalmente- que dentro desta modificación do conxunto do anexo, o que se fixo foi naqueles casos nos que había entidades que tiñan un único convenio no que se recollía unha subvención pola súa participación en determinadas competicións de carácter autonómico ou nacional, con outra subvención que o que facía era financiar a organización dun evento, na liña de clarificar no marco dunha futura remodelación das axudas ó deporte no noso concello, separouse en todos eses casos en dous convenios, un para o evento e outro para a competición.

Como último dato, finalmente, toda esta modificación que se fixo do anexo de subvencións, de toda esta modificación que se fixo e da que se deu conta na última Comisión, resulta un conxunto de axudas ós clubs de 651.000 euros, fronte ós 678.000 euros que figuraban no

anexo de subvencións inicialmente aprobado o ano pasado. Nada máis e moitas grazas.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: En primer lugar, manifestarle que, efectivamente, Ciudadanos votará a favor de la modificación del anexo de subvenciones del Área de Deportes, pero también quiero recalcarle, Sr. Díaz, que ese voto a favor se realiza en interés exclusivamente de los clubs y entidades deportivas para que no se dilaten en el tiempo, por más tiempo ya, los plazos de redacción de los convenios nominativos y que el procedimiento se agilice y puedan llegar a un término final y feliz antes del mes de diciembre. Porque lo que sí, efectivamente, tengo que explicarlo, Sr. Díaz, o tengo que ser crítica con su gestión, es sobre un par de temas. El primero es que ya sabemos, efectivamente, lo manifestado aquí, que ha sido muy claro y reiterativo el afirmar en Comisiones cómo tenía pensado, efectivamente, suprimir los convenios nominativos por una serie de medidas objetivas o criterios objetivos pero que, efectivamente, también ha reiterado en muchas Comisiones, que este tiempo no iba a ser en este año porque no tenía tiempo. Bien, hasta ahí entendido y aceptado. En todo caso, ya que habla y además manifestó que esas entidades deportivas sí a principios de año ya iban a estar notificadas y que en líneas generales se iban a respetar las subvenciones, más o menos. Eso fue lo que manifestó, que más o menos se iban a ir respetando.

Entonces, la pregunta que le hago es clara. Si tenía pensado, y efectivamente así lo he reiterado en muchas ocasiones, el mantener ese tipo de convenios nominativos y más o menos seguir una misma línea haciendo pequeñas matizaciones, que son las que ha hecho ahora, por qué ha esperado hasta finales de mayo para proponer unos cambios que anunciaba ya en enero. Esa es mi pregunta. Yo, retórica ésta ya, si es consciente usted de que esos cambios, esos retardos vienen a ser y ocasionar verdaderos inconvenientes a los clubs y a las entidades deportivas. Porque la actividad deportiva prácticamente está acabando ya. Esos clubs han tenido que poner, efectivamente, un dinero y contar con un dinero que lo tenían o han tenido que ponerlo y, en todo caso, el contar con un apoyo del concello y no esperar a que esos convenios todavía a fecha de mayo, de finales de mayo, no estén redactados, es un problema. Eso por un lado.

En cuanto al segundo punto, y refiriéndome muy concretamente a la eliminación de la carrera de la Ruta de la construcción naval. Tiene que recordar que esa ruta, y también lo digo en Comisión. Bueno, francamente, yo lo que no acabo de comprender es cuál es ese problema que le sugiere de momento el posponer la misma, cuando era una ruta que abría el Arsenal y abría Navantia. Era una carrera concurrida por gente, incluso participantes de fuera de la Comunidad de Galicia y era una carrera aceptada y bien organizada. Entonces, la verdad que la pregunta es que cuáles son los motivos reales. Gracias.

SRA. ESPÍÑEIRA GONZÁLEZ: Brevemente tamén, porque como dicía o Sr. Díaz, é repetir un pouco o debate que tiñamos antes. Simplemente matizar dúas cousas e lembrar outra. Matizar que este tipo de axudas, as subvencións nominativas nós pensamos eu igual deben seguir existindo, pero como un mecanismo excepcional. Entón, pois como comentaba antes, para este tipo de asociacións deportivas ou

entidades deportivas que teñen duración no tempo, a entidades que teñen duración no tempo, consideramos que non é o mellor mecanismo. É que deberían consensuarse unhas normas, uns criterios e facerse de forma máis obxectiva. Recollemos, por tanto, o compromiso do Sr. Díaz a modificar isto cun período de tempo, porque el cando menos pois tiña unha desculpa para facelo, e era o tema das tempadas deportivas. Collemos esa desculpa e esperamos ver eses cambios pronto. A nosa crítica, por tanto, non é que se axude ás entidades, loxicamente, senón -quero deixalo claro- a maneira en que se fai. Imos votar a favor desta proposta porque, en primeiro lugar, estamos de acordo co destino que vai ter o diñeiro e, en segundo lugar, non dá un trato discriminatorio a unhas entidades respecto a outras.

Simplemente lembrarlle ó Sr. Díaz que temos presente o seu compromiso, esperamos que o cumpra, cambiando este mecanismo de subvencións. Gracias.

SRA. MARTÍNEZ GALDÓS: Gracias, alcalde. Estamos finalizando el mes de mayo y se trae a este Pleno una modificación del anexo de subvenciones del área de deportes para el año 2016. Modificaciones mínimas. Bien, porque se eliminan, se crean, se varía el objeto o se incrementan las subvenciones.

Respecto a la eliminación de una de ellas, me quiero centrar en la carrera de la Ruta do Naval. Tal como indicamos en Comisión, nos parece una falta de interés absoluta por parte del Concejal de Deportes no celebrar esta carrera, que es única por el recorrido de la misma, por calles de nuestra ciudad, por el Arsenal militar y Navantia. Carrera importante, después de tres temporadas celebrándose y con una importancia dentro de las carreras populares y también con una gran afluencia de público. Nos parece injusta su suspensión, dado que hubo un gran esfuerzo por parte del concello para su puesta en marcha y algo que funciona, yo entiendo que debe permanecer. Y también nos parece injusto, para el Club de Corredores de la Armada, que tanto y tan bien han trabajado durante tres años -los tres años anteriores- que no se llegue a celebrar la carrera este año, porque nos consta que este año también trabajarían en ese sentido.

Respecto al resto de modificaciones, no nos sorprenden, dado que cuando hicimos el traslado de poderes en la Concejalía de Deportes se hizo especial hincapié en la conveniencia de incrementar las subvenciones nominativas a diferentes clubs o entidades deportivas. Basketmi, Valdetires, Rugby de Ferrol. Creo que no hay ninguna duda del apoyo que le dimos siempre al surf. De hecho trajimos por primera vez el Campeonato de España por autonomías a nuestra ciudad. Durante cuatro años consecutivos se trajo ese campeonato. Por eso le digo que no nos sorprenden estas modificaciones porque van totalmente en la línea como veníamos trabajando con anterioridad. Dicho todo esto, y la verdad es que no me quiero extender, pero sí quiero ser clara. Estamos casi en junio. Durante un año, Sr. Díaz, nos estuvo diciendo que estaba estudiando cómo cambiar las subvenciones en Deportes. Pues le digo que el estudio no dio para mucho, porque sigue una línea totalmente coincidente con lo que se venía haciendo en Deportes desde hace años, cuando aún existía un órgano de participación, como era el Patronato Municipal de Deportes. No hablo los dos años anteriores, donde

existió una Concejalía de Deportes, sino que hablo, como digo, de un órgano participativo como era el Patronato Municipal de Deportes y no hay ninguna duda que los miembros de ese Patronato votaban estos convenios nominativos. Lo único que ha hecho es perder muchos meses sin haber empezado a redactar los convenios con los que los clubs de nuestra ciudad se mantienen a lo largo de la temporada. En mayo del año pasado ya estaban firmados todos los convenios con las entidades deportivas y, en consecuencia, los clubs ya estaban empezando a cobrar sus subvenciones. Usted aún va a empezar ahora a redactar los convenios. Espero y confío, por el bien del deporte de nuestra ciudad, que los clubs cobren en este ejercicio y no tengamos que esperar a la incorporación de remanentes del año 2017, porque si no los clubs tardarán un año en cobrar. Recuerde que ya le avisamos en el Pleno de 30 de diciembre del año pasado, cuando se trajeron aquí las subvenciones de concurrencia competitiva, que si no se aprobaba ese día la adjudicación a los clubs esas subvenciones desaparecerían. Usted, bueno, hizo unas manifestaciones, que no quiero repetir ahora, pero desde luego actuó in extremis, porque de hecho tuvo que publicar pro vía de urgencia esas subvenciones, una publicación que sería gratis y al Concello de Ferrol le costó alrededor de 6.000 euros por hacer todo el último día.

Simplemente, no quiero ser brusca, pero sí le quiero poner las pilas y simplemente le quiero decir que deje de estudiar y que pase a la acción. Muchas gracias.

SR. DÍAZ DOCE: Dando resposta ó que se ten comentado. En priemiro lugar, o que dicía o grupo de Cidadáns respecto de, por un lado, imos clarificar unha cuestión. Independentemente da data na que se aproben as subvencións ou se firmen os convenios, as entidades non poden cobrar, en regra xeral, existe algunha excepcionalidade, en tanto non se realiza o evento, ou a competición ou a participación na competición que se recolle nese convenio e se xustifica esa participación, de feito o que vén sucedendo neste concello durante todos estes anos é que en ningún caso ou moi excepcionalmente, todas as entidades cobran a partir do mes de setembro, finais do mes de setembro e outubro. E eso que vén sucedendo en principio e é o que sucederá tamén este ano, de forma que non ten que ver coa realidade que as entidades teñan sufrido tensións de tesorería relacionadas con esta cuestión. Teñen sufrido, seguramente, tensións de tesorería, dificultades, precisamente polo marco no que actúan as entidades deportivas e polo marco xeral de axudas, que seguramente non permite que as entidade poidan actuar doutra maneira, pero non porque este ano se traia hoxe aquí, independentemente que, unicamente os convenios que hoxe se traen a Pleno son os que teñen que esperar. Nos outros convenios, neste último mes se ten contactado coas entidades para formalizar ese convenio e proceder á súa redacción. E aproveito xa neste momento, para non repetirme despois, que non se me vaia o hilo. Se dicía que o ano pasado nesta data estaban todos os convenios firmados. Non é certo. Teño aquí a data na que o ano pasado se firmaron todos os convenios. Teño exemplos de convenios firmados o 28 de maio, en xullo, en agosto. É certo que había convenios que se firmaron antes, moitos deles en maio e moitos deles, como dixen na última Comisión, deron lugar a fotos en período preelectoral. É a

realidade. Este ano non vai suceder porque entendemos que non é cuestión de que existan firmas con motivo deses convenios. En todo caso, continúo.

Respecto da carreira. Por que non se trouxo esto aquí antes? Eu xa dixen, o que se trouxo aquí foi anunciado. Foi falado con todos os clubs da cidade dende a chegada deste goberno, foi anunciado e comprometido en Comisión nestes termos. E se non se trouxo antes foi porque no marco dunha prórroga do orzamento e dunha posibilidade de contar cun orzamento novo, se entendía que precisamente para que figurase toda esa relación, como así se fixo despois en Comisión, de todos os convenios, se agardou prudentemente que puidese ter ese lugar. No momento en que, bueno, se entendía que os prazos xa non podía agardarse máis, se fixo o comprometido. Eu, en todo caso, asumo que o ideal, pois seguramente en todos os casos é que as cousas sucedan antes.

Respecto do manifestado, e despois contestarei en conxunto respecto da Carreira da Construcción Naval. A min gustaríame a nivel, xa non como Concelleiro de Deportes, senón como persoa que entende, pretende e aspira a que as entidades deportivas da nosa cidade poidan traballar nun marco máis claro e mellor, estable no tempo, que este fose o último ano no que os convenios cando menos absorbese a cuantía de recursos que veñen absorbendo hasta este momento. É algo que ademais, non só o teño manifestado publicamente en Pleno e en Comisión, é algo que lle teño trasladado persoalmente a todas e cada unha das entidades deportivas da nosa cidade, que entendo que o marco de axudas a través de subvencións nominativas e convenio non é bo. E moitas delas o comparte. Eu aspiro a que este concello sexa capaz de mudalo. E, nese sentido, este concello solicitou unha subvención á Deputación da Coruña para poder contar cun técnico de Deportes que axude a que todo este marco normativo, que no se mudou durante os últimos catro anos, porque non se mudou. E cando falamos do marco dos convenios, do marco das axudas ou subvencións de concurrencia competitiva das bases de subvencións xerais, é un marco normativo e regulatorio que non se mudou nin unha soa coma durante os últimos catro anos. E nós entendemos que hai que facer un esforzo importante nese sentido. Un esforzo que ten que ser participado, que seguramente nos leve a un período transitorio, precisamente para que o esforzo que teñen que facer as entidades, de transición e de adaptación ó novo sistema, non impida que sigan facendo a súa labor no ámbito deportivo, pero entendemos que hai que facer, se falaba antes dunha revolución cultural. Eu non creo que haxa que facer unha revolución deportiva, pero si hai que facer unha revisión profunda e un cambio profundo e radical de todo o sistema de axudas deportivas da nosa cidade. Eso o teño claro. E precisamente por eso esas cousas levan un tempo de estudo, porque o que se trata é de facer cambios e transformacións substanciais, dificilmente se poden facer dun día para outro e seguramente os tempos deberían, como digo sempre, ser máis áxiles. Pero eu aspiro a que cando se produzan esas transformacións, ademais de ser consensuadas permitan mellor traballo no tempo e, polo tanto, a min tamén me gustaría que os convenios nominativos pasasen a ser unha situación excepcional. Porque antes se falaba tamén da cuestión da discrecionalidade, que non é o mesmo que arbitrariedade,

pero ás veces, cando existe discrecionalidade é fácil que exista ou que poda existir ou que se poda sospeitar que detrás desa discrecionalidade acaba habendo arbitrariedade. E ademais é un sistema que, como se dicía, acaba perpetuando ou dando, ou convertindo nun dereito unha axuda que, en todo caso, debe ser merecida no tempo e revisada no tempo. E, polo tanto, ó marxe do tema das subvencións de concurrencia competitiva, que non só hai que mudar no ámbito de Cultura, senón en todos os ámbitos, existen outro tipo de subvencións, que non son de concurrencia competitiva, pero nas que se establezan baremos que concedan a determinadas entidades deportivas unha axuda clara e prefixada en base a criterios obxetivos pola súa participación en determinadas competicións.

Respecto do tema da Ruta da Construcción Naval. Bueno, eu entendo que a Ruta da Construcción Naval a día de hoxe é propiedade privada de alguén. Eu entendo que dende o ámbito público se fixo un esforzo, ademais entendo que un esforzo razoable e bo e que ten sentido no futuro, por converter esa ruta nun valor turístico da nosa cidade e a min me gustaría que eso se fixese no marco da claridade do ámbito público. Eu entendo que, evidentemente, todo evento deportivo que acontece na nosa cidade é un traballo importante do concello pero, precisamente, se existe ou existía esta subvención ó Club de Corredores da Armada era por organizar este evento, de forma que traballo supuxo a organización por parte do concello da carreira nocturna do ano 2015, porque quen tiña un convenio para organizala non a organizou e pasou a organizar directamente o concello. Pero cando existe un convenio precisamente para que unha entidade organice ou organizaba, entendo que ese traballo é menor. E, neste caso, eu persoalmente falei co Club de Corredores da Armada para trasladarlles a miña intención. E, bueno, eu entendo que tiñan dispoñibilidade e pola súa parte non había ningún problema en que se organizase esta carreira, pero cando menos a min o que se me trasladou é que tampouco había ningún problema na decisión que eu lles trasladaba. É o que podo dicir ó respecto.

Finalizo respecto do tema dos remanentes. O ano pasado algunha destas subvencións nominativas, algún destes convenios que se firmaron durante o ano quedaron para remanentes. Precisamente porque a cuestión de que queden para remanentes ou non non ten que ver tanto, que tamén, co momento en que se firma o convenio, senón co período que vai dende que se finaliza o evento e se presenta a xustificación ata que se remata esa xustificación. E, polo tanto, como xa digo, que moitos destes eventos e participacións e competicións non teñen lugar hasta a segunda parte do ano e, polo tanto, a xustificación non pode comezar ata ese momento de maneira sustancial, moitas veces é difícil que todas estas subvencións se tramiten ou rematen a súa tramitación no ano correspondente. E no caso das subvencións de concurrencia, simplemente direi que polo propio contido dalgunhas desas subvencións teñen que quedar obrigatoriamente para remanentes, porque as subvencións de Escolas Deportivas, por exemplo, seu prazo de xustificación inclúe o 30 de xuño do ano seguinte, de forma que automaticamente quedan para remanentes estes anos, independentemente do momento en que se sacasen esas subvencións. Moitas gracias.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Mire, simplemente decirle que a 26 de mayo lo que ha traído aquí hoy es la modificación de esas subvenciones. Entonces, no es lo mismo traer la modificación que hablar ya de convenios redactados, que aún no se han hecho, y hablar ya que en quince días acaban las temporadas deportivas, aproximadamente, y que esas facturas en quince días están ya más que justificadas, porque los gastos están ya justificados. Entonces, en ese sentido, no es lo mismo tener un convenio firmado, garantizando en parte, con la tranquilidad de tener la subvención, que no tenerlo y estar todavía a finales de mayo en el trámite de la modificación. Simplemente eso.

En cuanto al tema de la carrera, decir que si no se puede llamar de una manera se puede llamar de otra, pero se debía de haber organizado, más que nada pues para que, efectivamente, la participación no decaiga y ya que algo ha sido complicado hasta la fecha mantenerlo y es una carrera que resulta atractiva, mantenerla este año y para el año siguiente ver qué posibilidades hay. Pero mantenerla cambiándole el nombre. Nada más. Gracias.

SRA. MARTÍNEZ GALDÓS: Voy a ser muy breve. La verdad que a mí me da una sensación, la misma que tuve en la Comisión, de una pretensión de lección magistral. La verdad que es hablar mucho para no decir nada. Simplemente es hablar mucho para justificar que a día de hoy no se ha firmado ni un solo convenio. Esa es la sensación que me da. Hablo mucho y entonces entre tanto pues a lo mejor la gente nos rebate. Yo lo único que le pido es que se reúna con los clubs, que firme convenios. Por favor, lleva ya un año en el gobierno. Sí, es una queja de los clubs la falta de reunión de usted con ellos. Por eso levanté las cejas, pero yo, lógicamente, como Concejala de la oposición, tengo que manifestar lo que me dicen a mí los clubs.

Después, también decir que Corredores de la Armada, que fueron los que organizaron la carrera durante tres años consecutivos, que el trabajo no fue importante, que el trabajo importante fue para el concello. No. El concello colaboraba en la organización de la carrera. Yo creo que debe, ya que usted es muy dado a mirar siempre lo de atrás, pues lea, el concello aportaba dinero. Quien organizaba y hacía todo el trabajo era el Club de Corredores de la Armada. Me parece ofensivo hacia ellos que digan que era un trabajo tal. Y también me parece un poco sangrante, porque usted acaba de reconocer que ellos harían la carrera este año. Claro que la harían. Nos hemos reunido con ellos y sabemos que se haría este año la carrera. ¿Que no se hace? Pues nos parece una pérdida importante para la ciudad.

Yo simplemente, y ya para resumir, quiero utilizar una palabra que no he utilizado yo por primera vez, sino que la han utilizado compañeros suyos de gobierno, que es la palabra inacción. Pues yo creo que la Concejalía de Deportes se caracteriza por esa palabra, inacción. Muchas gracias.

SR. DÍAZ DOCE: Respecto ó da primeria cuestión, a carreira. Por exemplo, a Carreira de San Xiao, que organiza o concello, discurre por dentro do Arsenal. Quero dicir que non é unha cuestión exclusiva desta carreira. É certo, e ademais nese sentido se está traballando nun marco regulatorio tamén das carreiras e dos eventos, porque cada vez existen máis organizadores deste tipo de carreiras, que teñen

algunhas fin social, outras fins dun carácter económico e no mesmo sentido que se ten feito noutros concellos, que exista un marco regulatorio, tanto para a autorización como para a organización destes eventos, e se está traballando nese sentido.

Respecto do Club de Corredores da Armada vou clarificar, porque entendo que me expliquei mal ou se me entendeu mal. Eu o que estaba contestando é que no caso, evidentemente o Club de Corredores da Armada organizaba a carreira e facía un traballo importante de organización da carreira. Eu o recoñezo e o teño recoñecido. Pero o que dicía que nese caso concreto o que non había era un traballo do concello, había unha colaboración do concello, pero o traballo fundamental nesa carreira, do mesmo xeito que nos diferentes eventos que organizan entidades, é un traballo que fan esas entidades e non o concello e que no caso específico da carreira nocturna, que si que organizou o concello, nese caso o traballo si que o fixo o concello. Cando ese traballo que fixo o concello nese caso noutros o fixeron as entidades.

Respecto da inacción na Concellería de Deportes. Sabía que me ía facer esa pregunta, señora...

É unha frase retórica. Eu insisto, inacción nunha concellería é irse catro anos despois e que as cousas estean como estaban cando se chegou ou peor. E falo de peor no caso das instalacións deportivas, no caso de non mudar nin unha soa letra do marco regulatorio de axudas e de non facer ningunha transformación sustancial. Eso é inacción despois de catro anos. En todo caso, xa digo, hai moito que mellorar no ámbito deportivo e seguramente haxa unha entidade que se queixe e podo presumir ou podo pensar cales delas. Eu o que sei é que todas as entidades deportivas, todas as entidades deportivas desta cidade, teñen o meu teléfono e falo con practicamente toas elas por wasap, practicamente todos os días da semana e do fin de semana e seguramente pode haber algunha coa que..., non sei, non teño constancia agora mesmo, pero aseguro, ademais aseguro en Pleno que nin moito menos esa queixa que se traslada como xeral ten que ver nada coa realidade. Moitas gracias.

9. DAR CONTA DAS VÍTIMAS MORTAIS POR VIOLENCIA DE XÉNERO, DENDE O 21 DE ABRIL ATA O 20 DE MAIO DE 2016.- Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Servizos Sociais, que textualmente di: "Ao abeiro dos datos proporcionados pola "Delegación del Gobierno para la Violencia de Género", a concelleira que subscribe dá conta ao Pleno da Corporación do número de mulleres falecidas por mor da violencia de xénero, dende o 21 de abril ata o 20 de maio de 2016: 1 Número de mulleres falecidas entre o 21 de abril e o 20 de maio de 2016: 2."

A Corporación deuse por enterada.

SR. ALCALDE: Antes de pasar ás mocións hai pedida unha intervención, como se prevé un debate largo e extenso, creo que, bueno, se non hai ningún inconveniente, dámoslle a intervención á persoa que a ten solicitada antes do debate.

SR. SENDÓN LÓPEZ: -Sr. alcalde, señoras, señores concejales. Las Asociaciones de Vecinos de Covas, Esmelle y Marmancón hemos solicitado intervenir en este Pleno para expresar nuestra inquietud ante la falta de respuestas por parte del gobierno municipal a nuestras peticiones y en concreto a lo concerniente a los campamentos de verano que se celebran en las parroquias de Covas y de Esmelle en los meses de julio y de agosto.

Desde que finalizaron los campamentos del año pasado, estas asociaciones y en base a las promesas hechas por miembros de la Corporación en los cierres de los campamentos, hemos intentado reunirnos para empezar a diseñar los campamentos del año en curso. Viendo que ni se ataba ni se desataba, las asociaciones vecinales le planteamos al concello la posibilidad de hacer los campamentos de Navidad, Semana Santa y verano a través de un convenio con las asociaciones vecinales y para ello en el mes de diciembre se le pasó un detalle del importe total del convenio y con las actividades a realizar y prometidas a los niños. Este importe ascendía a la cantidad de 70.000 euros. Importe que la Concejala de Bienestar confundió con el coste de solo los campamentos de Navidad y que dio lugar a declaraciones y acusaciones contra las juntas directivas que no correspondían a la verdad.

No habiendo obtenido respuesta a la propuesta de convenio, por fin a finales del mes de febrero, con la presencia del Sr. alcalde y los concejales Álvaro Montes, Luis Victoria, Bruno Díaz y Rosa Méndez, conseguimos celebrar una reunión en el local de la Asociación de Vecinos de Covas entre los representantes vecinales y los anteriormente mencionados miembros del gobierno municipal. En esta reunión no se consiguen acuerdos, mostrando por parte del Sr. Bruno Díaz su rechazo total a la propuesta de convenio presentada por las entidades vecinales. Se queda que para finales del mes de marzo habrá otra reunión entre las partes a fin de llegar a acuerdos, bien de convenio, bien de otras alternativas. Como hasta la fecha no se ha podido realizar ninguna reunión formal entre las partes y siendo que las conversaciones mantenidas con algunos concejales son solo promesas, las Asociaciones de Covas, Esmelle y Marmancón queremos que por parte de los distintos responsables se nos diga en qué situación se encuentra la petición, presentada por Registro el día 12, de los campamentos de verano. Es decir, ¿se van a hacer o no se van a hacer? Pues estamos a un mes del comienzo de los mismos. Queremos recordar que los niños de la zona rural parten con una gran desigualdad en relación a las actividades que se realizan en la zona urbana, por carecer de transporte público. Nada más. Gracias por habernos permitido intervenir en este Pleno.

SRA. CASAL MÍGUEZ: Perdón, alcalde. Al Partido Popular le gustaría también que respondieran a la Asociación de Vecinos, porque son ciento treinta familias que están esperando la respuesta del

ayuntamiento y también la desconoce la oposición, si va a haber los campamentos o no este verano.

SR. ALCALDE: -Sra. Casal, como sabe, cando hai intervención de público a tradición neste Pleno desde sempre é non facer contestación, pero tratarémolo nas Comisións e darémoslle resposta á Asociación de Veciños.

SRA. CASAL MÍGUEZ: Más que nada por las familias que están pendientes de la respuesta.

SR. ALCALDE: O trataremos nunha Comisión.

-Pasamos ás mocións.

Tamén quero facer unha proposta, dado que hai bastantes similitudes entre a moción nº 10 do Partido Popular e a moción nº 13 de Ciudadanos, se pode dar un debate conxunto e votación separada se non hai inconveniente.

SRA. ANEIROS BARROS: Pola miña parte non hai problema.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Sí, efectivamente, no habrá problema. Tengo alguna diferencia con respecto a la moción del Partido Popular, pero se pueden realizar conjuntamente.

10.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á PEONALIZACIÓN DO CENTRO DA CIDADE E DO ESTACIONAMENTO.- Examinada a moción que presenta o grupo municipal do PP, que textualmente di: "O Grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do disposto nos artigos 104 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol e nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de novembro de 2015, o goberno municipal de Ferrol adoptaba a mal chamada peonalización da Rúa Real que non foi máis que prohibir a circulación e estacionamento de vehículos entre as 23 horas e as 11 horas.

Esa decisión foi acordada por este goberno sen resolución de ningún tipo, pola vía dos feitos e sen amparo xurídico algún. O máis grave e que se adoptou cunha auténtica nocturnidade e alevosía, de xeito autoritario e sen dar audiencia aos veciños, comerciantes ou hosteleros cos que en ningún caso intentouse acadar un consenso, nin tampouco cos grupos municipais. Esta decisión ten provocado un gran malestar e incomodidade entre os veciños ante a falta de transparencia, participación e diálogo que caracteriza ao actual executivo local.

O goberno municipal relacionou esta medida coa peonalización do Barrio da Magdalena. Non obstante, non se trata máis que dunha decisión caprichosa, sen ningún tipo de xustificación e que unicamente responde á improvisación permanente deste goberno.

Non se pode levar a cabo a peonalización dun barrio histórico sen ter unha folla de ruta previamente definida, na que se contemplan os pasos a dar e os tempos, así como o resto de medidas necesarias

para reducir o impacto sobre os veciños (habilitación de estacionamentos, promoción e fomento do transporte urbano, dinamización económica...). Este goberno fixo todo o contrario, adoptar medidas restrictivas sen acompañalas de ningunha alternativa que poidera reducir os efectos perxudiciais da mesma aos residentes, comerciantes e demais veciños que acuden ao centro da nosa cidade.

Polo tanto, en tanto non se proceda á aprobación do Plan de Mobilidade, necesario para levar a cabo unha peonalización ordeada e razoable, o goberno municipal non debe adoptar máis medidas sobre a peonalización do centro da cidade.

A isto hai que engadirlle outra cuestión fundamental para o estacionamento na nosa cidade. Este goberno non ten abordada a aprobación definitiva dunha Ordenanza reguladora do Estacionamento, aprobada inicialmente no mandato anterior e na que se prevén diferentes tipo de zonas (azul, carga e descarga, estacionamento express, residentes...) para facilitar a convivencia entre os diferentes usuarios. Ademais, esta Ordenanza foi froito do consenso mantido con veciños, comerciantes e hosteleiros. Resulta necesaria a súa aprobación definitiva para ordear e organizar o estacionamento na nosa cidade, en beneficio de todos os que viven ou visitan o centro da cidade.

É por iso que, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción do seguinte ACORDO:

1.- O Pleno da Corporación insta ao goberno municipal a que non se adopte ningunha decisión máis en relación coa peonalización do centro da cidade, en tanto non se teña aprobado o Plan de Mobilidade.

2.- O Pleno da Corporación insta ao goberno municipal a que proceda de xeito inminente á aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do Estacionamento, aprobada inicialmente no anterior mandato."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria acordou votar a parte dispositiva da moción por puntos, co seguinte resultado:

-O punto 1 foi aprobado por doce votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Popular e Ciudadanos, fronte a once votos en contra correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista e Bloque Nacionalista Galego.

-O punto 2 foi rexeitado polo voto de calidade do Alcalde, despois de repetirse a votación de once votos a favor correspondentes ós sres./as. membros do grupo Popular, fronte a once votos en contra correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista e Bloque Nacionalista Galego e unha abstención do grupo municipal de Ciudadanos.

DELIBERACIÓN

SR. ALCALDE: Pois por orde de presentación, Sra. Aneiros.

SRA. ANEIROS BARROS: Muchas gracias y buenas tardes a todos. Presentamos desde el grupo municipal del Partido Popular esta moción. La verdad que como una forma de manifestar nuestro más absoluto desacuerdo con la política que este gobierno, que el gobierno municipal está llevando a cabo en relación con las últimas medidas sobre peatonalización, adoptadas y con las decisiones que parece que

también se están adoptando y que tienen mucho que ver con este asunto.

Y la verdad es que quiero recordar un momento muy concreto y que resulta muy significativo de lo acontecido en este mandato. Y estoy hablando de la mal llamada por este gobierno peatonalización de la calle Real, que realmente no fue más que la prohibición de circular y de estacionar en el tramo horario que hasta ese momento estaba permitido, entre las 23 horas y las 11 horas. Esta decisión fue adoptada de una forma totalmente opaca, informando de la misma a través de una nota de prensa emitida por este gobierno un domingo. Un domingo. En la que además simplemente lo que se hacía era comunicar que al día siguiente comenzaría a aplicarse esta decisión. Por tanto, creo que no podemos definir una adopción de una medida de este tipo como hecha con total nocturnidad y alevosía, muy lejos, desde luego, de la actuación que sería propia de un gobierno transparente, como ustedes se autocalifican, pero desde luego cayendo de esta manera en la mayor de las hipocresías. Un gobierno que además de calificarse de transparente, también se califica de muy participativo y en cambio lo que hace es adoptar estas medidas de espaldas también a la ciudadanía. Se negó reiteradamente este gobierno a escuchar a todos los colectivos afectados. Se negó a escuchar a los vecinos, se negó a escuchar a los comerciantes, se negó a escuchar a los hosteleros, que unos y otros manifestaban públicamente el rechazo a esta decisión como única alternativa ante la falta de atención del alcalde y de su gobierno. Ciertamente es que al final el alcalde los escuchó, pero eso sí, días después de adoptar esa decisión y, por supuesto, anticipando y poniendo de relieve que era una decisión inamovible y que no tenía vuelta atrás. Y esa es la manera en que este gobierno entiende la participación ciudadana. Y además se tomó esa decisión de suprimir el tráfico en la calle Real sin una sola medida correctora, sin una sola medida que pudiera compensar esa decisión. Que pudiera compensar, por tanto, la decisión de hacer desaparecer muchas plazas de estacionamiento en un centro urbano que de por sí ya tiene un problema de estacionamiento. Y a pesar de ese gran malestar provocado, el gobierno mantuvo esa decisión. Por cierto que también hay que decir que adoptó, al margen de toda legalidad, puesto que realmente no existe ninguna resolución, ningún decreto, ningún acto administrativo que establezca esa decisión, que ampare esa decisión, ningún informe de ningún técnico municipal que así lo avale. Lo que hizo el alcalde fue recurrir al ordeno y mando y a "porque sí, porque es lo que digo yo". Y desde esa decisión, en noviembre de 2015, lo que tenemos posteriormente es un cúmulo ya de despropósitos y de improvisaciones absolutas, que es, por otro lado, lo habitual y lo ordinario en este gobierno.

Pocos días después de la adopción de esa medida, en el mes de diciembre, se organiza por este gobierno unas jornadas. Unas jornadas para difundir el plan de y espacio público del Concello de Ferrol. Es decir, para los que nos escuchan, unas jornadas para difundir un documento que ya existe, que ya está elaborado, un documento, el que se denomina "plan de movilidad", que ya tiene este concello desde hace tiempo. Ciertamente es que está pendiente de aprobación por el Pleno y en el que se prevén una serie de cuestiones, como son las

supermanzanas, en el que se hace un estudio con medidas a adoptar, en relación con distintos asuntos vitales en materia de peatonalización, como es transporte público, como son redes peatonales, aparcamiento, bicicletas, etc. Un documento desde luego necesario para iniciar cualquier medida en relación con la peatonalización. Y esas jornadas, en las que difundieron ese documento, ese plan de movilidad, también me gustaría decir que costaron más de 14.000 euros de todos los ferrolanos. En el mes de diciembre, a principios.

A finales del mes de diciembre, y después de reiteradas solicitudes, este gobierno convoca por fin la Mesa Local de Comercio y el punto del orden del día de esa mesa era "Dar cuenta del plan de movilidad para el barrio de la Magdalena". Es decir, en esa reunión con los representantes de las asociaciones de comercio y demás integrantes se informa y se habla de ese plan de movilidad, del que ya habían informado en esas anteriores jornadas y se defiende ese documento por parte de la concejala, por parte del alcalde y se traslada el compromiso, fíjense, no sé si se acordarán, el compromiso de que a partir de ese mes, diciembre, todos los meses se reunirían con los comerciantes, con los vecinos, con los hosteleros, en unas reuniones en las que abordarían temas en materia de peatonalización. Desde el mes de diciembre, ¿saben cuántas reuniones ha habido en este tema? Ni una, a pesar de que eran mensuales y estaban fijadas. Es más, establecieron el día, los lunes del final de mes a las 20 horas. Fíjense que ningún lunes de final de mes, desde entonces, se ha celebrado esta reunión, que además todo el mundo solicitaba. Y a todo esto le unimos pues también los reiterados anuncios, que eso sí que se les da muy bien, de este gobierno en cuanto a próximas peatonalizaciones, concretamente de calles como la calle Magdalena o como la calle María. Todo ello, por supuesto, sin una sola reunión, todo ello sin informar a vecinos, sin informar a comerciantes, sin informar, por supuesto, tampoco a los grupos municipales.

Y así, con esa falta absoluta de diálogo, llegamos a estos días. Y estos días nos encontramos con que el gobierno actual sigue de forma improvisada trabajando, bueno... tomando decisiones de forma improvisada, pero también de forma oculta y clandestina.

Este grupo municipal se tiene que enterar por fuentes ajenas al gobierno que se está llevando a cabo la contratación de un proyecto para la peatonalización del barrio de la Magdalena, cuestión reconocida por la responsable en la Comisión de Urbanismo pero que, insisto, nos enteramos desde luego no por el gobierno, porque nadie está enterado. Yo no sé cuándo pensaban informar de este asunto, yo no sé si estaban esperando a que este documento esté redactado, que no sé si está. O incluso mejor, a lo mejor estaban esperando al domingo anterior a la adopción de las primeras medidas, como hicieron con la calle Real.

Entonces, lo que tenemos es que después de gastar todo el dinero que antes mencioné, dinero de todos los ferrolanos en difundir un documento, el plan de movilidad, un documento completo, un documento serio, ahora lo que deciden, después de difundir en esas jornadas, es hacer otro. Hacer otro documento, que no sé si después también harán otras jornadas para difundir el nuevo. Y, claro, mejor hacerlo a escondidas, mejor hacerlo sin que nadie se entere. Y además

un nuevo documento que deciden redactar ahora cuando ya han tomado medidas en materia de peatonalización, como la de la calle Real. Primero toman las medidas y después redactan un proyecto en el que se establezca cómo adoptar medidas en materia de peatonalización. Desde luego es el más claro ejemplo de empezar la casa por el tejado. Y curiosamente, un documento nuevo, éste que quieren redactar, que curiosamente contratan a una de las ponentes de esas jornadas celebradas en el mes de diciembre.

Miren, esto se resume de tres maneras, con tres calificativos: Improvisación, ocultación y falta absoluta de diálogo. Y desde luego les digo que esos tres son los ingredientes necesarios para que un proyecto de peatonalización fracase. Simplemente, no se puede llevar a cabo una peatonalización en una ciudad sin diálogo, con improvisación y desde luego actuando de espaldas a todo el mundo. Si no saben hacerlo yo les digo, le pido a este gobierno que no lo hagan. Así de sencillo, porque lo que van a conseguir de esta manera es generar un auténtico caos en nuestra ciudad y lo que van a conseguir es seguir echando a los vecinos del centro de Ferrol. Si es lo que ustedes quieren, sigan así. Desde luego nosotros no los vamos a acompañar con esas decisiones.

Y, por último, simplemente mencionar y añadir a todo esto la regulación del estacionamiento en la ciudad. Existe una ordenanza, como ustedes saben, aprobada inicialmente por el gobierno anterior, que es necesario poner en marcha. Eso desde luego sí que lo pueden hacer. El problema, una vez más, es que tampoco tienen claro lo que hacer con esa ordenanza, porque tampoco tienen claro ni lo que quieren ni como empezar a trabajar con eso. Desde luego es una ordenanza que prevé distintos tipos de estacionamiento, la zona azul, la zona verde para residentes, la zona naranja, que es ese aparcamiento express y la zona tradicionalmente conocida, como la de carga y descarga, que es la zona amarilla. Y, desde luego les digo también, ya para terminar, que es una ordenanza, que a diferencia de lo que ustedes están haciendo, fue consensuada con todo el mundo, con los vecinos, con los hosteleros y con los comerciantes, con la participación de la Policía Local, en donde todos hicieron aportaciones y en donde se valoraron esas aportaciones y se recogieron muchas de ellas en este documento, fruto del consenso, del diálogo y de la participación. Todo eso que desde luego ustedes en un año no empezaron a practicar. Es por eso y por todo lo dicho por lo que pedimos el voto a favor de esta moción.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Muchas gracias. La Sra. Aneiros ha manifestado muchas de las cuestiones que yo también iba a decir, pero en todo caso también resaltar en la moción que presenta Ciudadanos, que la misma responde al sentir de la gran mayoría de las personas que viven en el centro o que tienen un negocio y también, por supuesto, a las personas que viven fuera del centro y que sufren cada día un problema que es el mismo, el problema del aparcamiento en esta ciudad. Creemos, sinceramente, que para peatonalizar, y se ha explicado muchas veces, primero hay que resolver una serie de problemas que son además muy concretos en esta ciudad de Ferrol.

Uno, un transporte público adecuado para que la gente deje de utilizar el vehículo. Problema que no está resuelto

Otro, el problema también del aparcamiento, que no está resuelto, por supuesto. Nos trae aquí este tema a debate.

Y un tercero, la rehabilitación de viviendas y la ocupación de las viviendas en el centro, porque si no lo que vamos a conseguir, efectivamente, es un centro sin vida, sin comercio, peatonalizado sí, pero un centro que parecerá una ciudad fantasma.

Las medidas adoptadas hasta la fecha por el gobierno, medidas reales, han sido, aparte de los anuncios, efectivamente, que la Sra. Aneiros habla que se anuncian en prensa, concretamente ha sido la peatonalización total de la calle Real en los horarios en los que faltaba y ahora también la presentación de un pliego y un concurso, en las condiciones de remodelación de la Plaza de Armas, donde expresamente se excluye el parking subterráneo.

A nuestro grupo municipal le preocupan dos cuestiones, una, la participación. Por eso de ahí el primer punto. Primero, creemos que hace falta que escuchen y que expliquen este proceso que quieren realizar y que lo hagan ordenadamente y, por tanto, deben de escuchar a los comerciantes y a los residentes y a las asociaciones de vecinos y convocar las consiguientes reuniones, asambleas de barrio y mesas locales de comercio, que hasta la fecha, efectivamente, como ha dicho la Sra. Aneiros, no se han fijado, nada más que una en el mes de diciembre. Entonces, ese compromiso se les requiere y se les insta. Ese compromiso que ya ustedes mismos han mantenido con los comerciantes y con las asociaciones de barrio, que efectivamente lo cumplan. Y, por otro lado, creemos que es preocupante el tema del parking en Ferrol.

Y el tema de la Plaza de Armas, lo que no vemos coherente bajo ningún concepto es que, efectivamente, se hable de participación ciudadana y se indique a los ferrolanos que pueden, a través de la página Web, decidir por ellos mismos cómo va a ser esa plaza, cuando realmente dentro del pliego de condiciones y dentro del presupuesto en sí mismo ya se fija que, efectivamente, ese parking no va a existir. Creemos que ese parking es vital, porque si ustedes no son capaces de asumir y de conseguir aparcamiento para los residentes de la ciudad y para los que vienen de fuera, es imposible que la ciudad crezca. Por eso les animamos también a que apoyen esta moción presentada hoy por Ciudadanos. Gracias.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Ben, eu, en primeiro lugar, quero dicir que creo que eliminar o tráfico nocturno da rúa Real non é peonalizar o barrio da Magdalena, eu creo que é obvio. Que non existe ningunha proposta de peonalización para ese ámbito da cidade, como para outros, tamén é unha evidencia. Que encher de mobiliario urbano as rúas da cidade e que eso obstaculice os percursos a pé, tampouco é a mellor decisión e tamén é outra evidencia. Agora ben, o que creo que primeiro deberíamos aclararnos todos e todas e facelo sen demagoxias e aclararse; todos e todas aquí estamos por a peonalización da cidade e, en todo caso a peonalización de diferentes ámbitos da cidade, porque visto algúns dos argumentos que teño escoitado agora xórdeme bastantes dúbidas de que esto sexa así.

En primeiro lugar quero dicir que se propón a aprobación dun plan de mobilidade que, en todo caso, o primeiro que quixera comentar

é que ese plan de mobilidade non é a Biblia, nin é a Constitución, co cal se pode modificar, non vai pasar nada porque se modifique, non estaríamos cometendo ningún sacrilexio. En calquera caso, se o Partido Popular ten tanta necesidade de que se aprobe, aínda que poida seguir existindo o documento de referencia, puído telo feito durante os catro anos do seu mandato, período no que ademais teñen elaborado documentos, como addendas de transporte público, que non tiveron ningunha utilidade e que tamén tiveron un coste económico para os veciños e veciñas desta cidade baseándose nese plan de mobilidade. Por certo, adendas de transporte público que contrataron ós mesmos que fixeron ese plan de mobilidade e que despois decidiron elaborar documentos en base a criterios exclusivamente económicos e que unicamente tiñan como obxectivo desenvolver unha reestructuración das liñas de transporte público nesta cidade e que tamén tiveron un coste, despois de desenvolver esa adenda de transporte público. Un plan de mobilidade que, como digo, se pode modificar e que se cadra decisións que se contemplan, como aparcadoiros na Praza de Armas, son cuestionables e desto eu creo que estou bastante convencido e que ademais deberíamos estalo todos, porque no momento actual, seguir considerando que espazos que se pretenden peonalizar se lles poden inserir espazos de aparcadoiro para vehículos, é absolutamente irracional e ninguén podería comprender que se queremos peonalizar o barrio da Magdalena fagamos un aparcadoiro no corazón dese barrio, porque o que non ten lóxica ningunha é eliminar este tráfico e volver a impoñelo a través dese aparcadoiro. Por eso teño moitas dúbidas de que vostedes o que pretendan é realmente peonalizar o barrio.

Cando vostedes falan de aprobar a ordenanza vixente para a xestión do estacionamento non sei realmente que é o que nos están a propoñer, porque se a ordenanza de estacionamento, que vostedes pretenden que se aprobe de maneira definitiva, é aquela que vostedes mesmos presentaron a este Pleno e modificaron no seu debate e que despois negaron esa modificación e que publicaron con esa modificación, que ademais estaba limitada exclusivamente ó ámbito do barrio da Magdalena, pois non sei como calificalo máis que como unha broma, porque é unha ordenanza que vostedes modificaron no Pleno e que despois negaron a súa modificación. En todo caso, existe unha ordenanza vixente para a xestión de estacionamento nesta cidade. E, en todo caso, o que si precisaríamos é desenvolver unha rede de transporte público adecuada ás necesidades dos veciños e veciñas desta cidade. Rede de transporte público que o normal e o lóxico será que se faga a través da empresa de transporte que no último Pleno municipal acordamos desenvolver, ó mesmo tempo que desenvolvamos unha rede de aparcadoiros disuasorios e que non continuemos a tomar decisións que son un pouco cando menos estrambóticas, como acordar con sectores privados de aparcadoiros do barrio da Magdalena, cando contamos con aparcadoiros públicos de propiedade municipal que se seguen a xestionar por un ente privado e que parece que este goberno non quere ver, a pesar de que o poida ter diante do mesmo pazo municipal. Por tanto, creo que as propostas que se presentan nestas mocións non teñen ningún sentido, tanto a aprobación dun plan de mobilidade, que cómpre modificalo. Segundo, a aprobación dunha ordenanza de estacionamento, que non sabemos exactamente cal é a que

queren aprobar. Se a que negaron a súa aprobación e modificación ou aquela que modificaron in vocce neste Pleno e, home, eu creo que o de considerar a posibilidade de que se poida manter o aparcadoiro da Praza de Armas, sinceramente, penso que se realmente apostamos por un proceso de peonalización do barrio da Magdalena é absolutamente absurdo e non é compartido por ninguén que poida valorar estas decisións desde un criterio cando menos obxectivo. Porque esto non se está facendo en ningún sitio e, en todo caso, os aparcadoiros que poidan estar inseridos en ámbitos peonís dalgunha cidade será porque existen concesións antigas e é imposible eliminalos dese ámbito. Pero a ninguén se lle ocorre impoñer un aparcadoiro, cando o que queremos é eliminar os vehículos para seguir mantendo un tráfico rodado, que o aparcadoiro o que vai facer é seguir producindo ese tráfico. Moitas grazas.

SRA. FERNÁNDEZ LEMOS: En primeiro lugar e no referente á rúa Real, a mal chamada peonalización é por eso, porque é unha rúa que xa era peonil, con plataforma única, que estaba a ser utilizada como estacionamento, principalmente ás primeiras horas da mañá e que tal e como figura no informe da Policía Local estaba a causar moitas interferencias e disfuncións e había reclamacións dos cidadás. A rúa Real xa era peonil, igual que o resto das rúas, a Galiano, a Dolores e outros tramos da rúa Real entre Praza de Armas e Praza de España. O método a seguir, para pechala definitivamente ó tráfico, foi o mesmo que nas rúas das que falo, pero ademais recordemos que tanto o plan de mobilidade como o proxecto de supermazá e o Plan Especial da Magdalena a consideran rúa peonil e todos eles, uns aprobados e outros non, son posteriores á Ordenanza de regulación de tráfico. Polo tanto, non é unha decisión caprichosa, senón seguir os criterios de todos os documentos que temos redactados cos diferentes gobernos. O plan de implantación da supermazá estima a ocupación nocturna de vehículos anecdótica e así tamén o informa a Policía Local. É inevitablemente destinada á desaparición e recomenda a retirada prioritaria da anómala situación. Deuse un primeiro paso obvio polos redactores do plan de mobilidade dunha serie de pasos que daremos seguindo un pormenorizado, temporalizado e presupuestado plan que integran os diferentes documentos dunha mesma estratexia. Ferrol debe asumir a conversión a peatonal de moitos tramos da rúa se queremos alcanzar o ritmo doutras cidades que están humanizando o seu espazo público, converténdoo en espazos de estancia de calidade. Como cidades cercanas estivemos estudiando Lugo, Ourense, Ponferrada, Avilés e Ferrol, cunha dimensión parecida. Lugo ten 5,6 kilómetros de tramos peatonales, Ourense 5,8, Ponferrada 5,7, Avilés 4,6 e Ferrol 1,9, case o 33% de superficie peatonal. A media das catro cidades é moito maior. Os cidadáns desta cidade disfrutaban de máis do dobre de zonas de peonís e aínda así discútese a peonalización integramente dunha rúa que xa reúne todas as condicións de rúa peonil.

En canto á ordenanza ORE máis do mesmo, se traballa, se gasta diñeiro, pero non houbo decisión polo medo á resposta cidadá e aí quedou. E non pretenderá que fagamos nosa unha proposta que vostedes pois ralentizaron tamén na súa aplicación. Tras a polémica xurdida decidiuse por parte do goberno redactar un documento de síntese para a aplicación do proxecto da supermazá. Porque estamos falando do plan

de mobilidade, pero a peonalización do barrio da Magdalena é unha parte do plan de mobilidade. Estamos facendo un documento ou estamos intentando facer un documento síntese que recolla este proxecto da supermazá, a regulación de tráfico, a ordenanza ORE. Estamos en procesos de contratación do documento, non podemos adiantar moito máis. E si, llo encargamos a unha das poñentes das xornadas de mobilidade, María Ramos, que viviu aquí en Ferrol, que é experta en mobilidade e que fixo unha oferta moi económica, moito máis económica que os estudos que temos agora e que como se trata dun documento refundido pensamos que é a persona idónea para facelo. Será un documento cunha determinación clara, a aplicación na rúa, e de recuperar o espazo para os peóns. Determinación que ata o de agora non houbo por parte de ningún goberno, senón foi no papel.

Dígame vostede cales son as accións en temas de mobilidade que fixeron nos últimos anos.

E non se tivo determinación porque se necesita valentía. Todos sabemos que os procesos de peonalización todos levan aparelado desde un principio a mobilización cidadá, tal e como vimos co remate do Cantón e coa rúa Real. Nas dúas intervencións a cidade saíu gañando. Sabemos que o camiño a seguir vai no programa de goberno e imos apostar por eles.

En canto ó aparcamento da Praza de Armas, e tal como dicía o noso compañeiro do Bloque, se procederá a unha remodelación da praza e nós levamos no programa, non contemplamos a existencia de aparcamento. Indicar que no Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Magdalena se propón o seu mantemento, como tamén se propón un parking na Praza de Amboaxe, que ninguén se cuestiona. Son propostas non vinculantes, como así indican os redactores do PEPRI. O plan de mobilidade non está aprobado tampouco. E tamén propón unha existencia de parking, que é unha premisa que se deu para a súa elaboración, o parking estaba aí. As conversas con técnicos redactores desaconsellan para o proceso de peonalización manter un fluxo de 400 vehículos no entorno da praza, debendo vincular os servizos de aparcadoiro na periferia do barrio.

A propia memoria do plan contempla o cálculo de demanda de prazas de aparcamento. E, pola demanda que hai, existe un superávit de 700 prazas por encima da demanda analizada. Ademais, e como todos sabemos, os parkins públicos atópanse na actualidade moi por debaixo da media da súa ocupación. O que hipotecaría definitivamente o futuro do centro da cidade sería a construción dun parking de 400 prazas no corazón do barrio. Eso si sería irreversible.

SR. MONTES CELEIRO: Vamos a recapitular e colocarnos no 3 de decembro do ano pasado. No foro cívico que tivemos no Teatro Jofre, logo dese debate colectivo, pois nesa indagación, nesa proposta en común que a xente que alí estivo presente expuxo, pois existía unha demanda dun debate xeral na cidade sobre a mobilidade, sobre o transporte e sobre como nos movemos e como nos relacionamos co territorio. E xusto con iso tamén estaba a demanda de recuperar os órganos de participación, que recolle o noso Regulamento de Participación. Nós o que fixemos a partir de aí foi levar ese debate sobre o transporte ou estamos iniciando levar ese debate sobre o transporte sobre a mobilidade ós barrios, porque pensamos que é a

forma mellor de dar contido e dar debate a esas assembleas de barrio que no pasado pois optou por outro modelo de participación diferente ó que nosoutros apostamos e un pouco estamos traballando partindo dunhas situacións de frustración ou mesmo en negativo.

Sabemos tamén da dificultade de entender o significado e a demanda de participación que ten a cidadanía. Somos conscientes e mesmo non dubidamos en facer autocrítica de que a propio concepto de participación ten que ser reforzado dentro destes propios muros. Cando falo destes muros falo tanto do goberno como da oposición como das áreas. Neso estamos traballando. Pero porque temos que romper o concepto de falar cos implicados. Porque os implicados non son unicamente as persoas coas que hai que chegar a acordos. Un debate dese tipo require un debate colectivo con toda a cidade e é o que tratamos de facer dende o goberno e dende Participación. Porque eu négome a pensar que un debate dese tipo teña que ser unicamente tratado con un grupo de quince ou vinte persoas. Esa debate ten que ser un debate colectivo e non se pode frustrar a participación, como pasou noutras mocións que houbo aquí neste Pleno, cando nós estamos con ese debate en aberto sobre o transporte e chegar aquí con mocións que intenten fixar liñas e horarios. Creo que o debate ten que ser un debate en aberto e un debate contando co conxunto dos veciños e das veciñas da cidade.

Logo tamén, eu ás veces quéixome dos titulares que nos dedican, pero bueno, esto de que Ferrol acumula sete anos sen o seu plan de mobilidade, sen aprobar, realmente a nós esto nos afecta no que é un ano de sete.

Logo tamén, froito deses debates que damos polos barrios e que hoxe aquí falou xente da zona rural e da especial preocupación, incluso se citou o tema de transporte na zona rural, recordar -e eso si que se dá neses debates tamén na zona rural, e vou ler- "que Ferrol porá en marcha un transporte rural a demanda. O goberno local do Partido Popular anunciou que reducirá o número de servicios diarios das liñas de autobuses que enlazan a cidade coa zona rural, debido a que resulta claramente deficitario. Como alternativa se realizará un estudio de transporte a demanda, según as necesidades dos usuarios". Isto é do ano 2011. Isto, se o plan de mobilidade quedou no caixón sete anos, o transporte a demanda na zona rural vai catro anos no caixón. E ese debate si se dá nas assembleas que si fixemos, en total unhas trinta. Tamén agradecería que os aquí presentes, tanto do goberno -tamén- e da oposición asistiran tamén a eses debates dos veciños, que aportan moita información.

Tamén dicir como dato que Ferrol nos últimos catro anos ten uns 2.000 vehículos menos. Isto tamén é a ter en conta.

E logo, xa remato esta primeira rolda, que ese debate que temos que dar, a débeda que temos coa cidadanía para falar de mobilidade e para falar de modelo de cidade, ese debate ten que incluír os hábitos de como nos movemos. Porque Ferrol non ten porque ser distinto doutras cidades. Porque os que aquí mesmo estades reclamando un parking na Praza de Armas chegades a Coruña e metedes o coche no primeiro parking e pagades 5, 10 euros ou o que vos toque e o mesmo en Compostela. Por que Ferrol o hábito é do transporte particular, non do transporte colectivo ou mesmo de ir a pé? Pois é un debate que

require unhas medidas. Unhas medidas que poden ser os disuasorios. Eu veño, non sempre, pero si cando chove, aparco no Sánchez Aguilera e en dous minutos estou aquí. E coma min moitos dos que estades aquí. O que é o máis ingrato do tramo Real, o tramo xusto que temos diante, fronte á Praza de Armas, que é o que agora ten tránsito de vehículos, é sumamente ingrato cando un vai paseando, fai o primeiro tramo entre Praza de España e Praza de Armas, se vai con un carrito ou unha silla de rodas é sumamente ingrato, con eses adoquines, con esa beirarrúa estreita, con eses coches aparcados. E ese debate non é unicamente dos implicados, dos comerciantes, dos hosteleiros, que si que hai que telos en conta, porque viven diso, pero é un debate, como digo, colectivo.

SRA. ANEIROS BARROS: Muchas gracias, Sr. alcalde, para contestar a algunas cuestiones.

-Sr. Rivas, yo no dije en ningún momento que el plan de movilidad ni fuera la Biblia ni fuera la Constitución ni mucho menos. Yo no sé si usted ha leído la moción. Es que la moción lo que dice es que este gobierno no adopte ninguna decisión más en relación con peatonalizaciones mientras no tenga aprobado un plan de movilidad. Dígame usted lo que yo estoy pidiendo. Lo que estoy diciendo es, seamos serios y ordenados. Tengamos primero un plan, un documento consensuado, por favor, con el que podamos trabajar y, a partir de ahí tomar medidas. Es que yo no estoy diciendo que no se pueda ni modificar ni dejar de modificar nada. Ni es la Biblia ni es la Constitución. Faltaría más.

Y en cuanto a la ORE, la Ordenanza Reguladora de Estacionamiento. Mire, la que está aprobada inicialmente es la que está aprobada inicialmente. Yo puedo entender que a usted no le guste porque es la ordenanza aprobada por el Partido Popular, y por ese motivo suficiente para votar ustedes en contra y para que no les guste. Yo eso lo puedo entender porque es lo que ha hecho en los cuatro años anteriores del gobierno del Partido Popular. Pero, mire, la ordenanza es la que es, la conoce muy bien todo el mundo.

-Sra. Fernández. Claro, que usted me hable de que la calle Real presentaba unas grandes disfunciones. Hombre, yo creo que a cualquier vecino de Ferrol le sorprende que haga esa afirmación. Le sorprende mucho. Claro, las disfunciones a lo mejor no se ha enterado, pero las hay ahora. Pregúntele a los comerciantes, a los que tienen un negocio en la calle Real, los problemas graves que tienen para acceder en momentos a sus negocios para llevar mercancía y demás. Pregúntenles, que les dice que tienen que llamar por teléfono, informar a la Policía, las Policía les da informaciones contradictorias. Claro, esa es la verdad. La disfunción no la había. La disfunción la hay ahora y la han provocado ustedes. Esa es la verdad.

Y, claro, que me diga usted que el plan de movilidad prevé que la calle Real sea peatonal. Pero es que ustedes ese plan de movilidad lo utilizan para lo que quieren. Para la calle Real les vale, para la Plaza de Armas no les vale. Eso no es serio. Eso no es serio. Lo que estamos pidiendo es seriedad, que es lo que les falta a ustedes. Es tener un documento que conozca todo el mundo. Todo el mundo, los vecinos los primeros, para que todos sepamos a dónde vamos, a dónde nos dirigimos. Y son ustedes los que empezaron a adoptar estas

medidas de peatonalización. Son ustedes. Y lo que les pedimos, insisto, es que primero haya un plan, un cronograma, un documento ordenado, completo y, a partir de ahí, empezar a trabajar. Pero ustedes están haciendo lo contrario. Están tomando medidas por la puertita de atrás para que nadie se entere y ya después, cuando tomemos las decisiones ya hablaremos y ya escucharemos.

Y, mire, que me diga usted que son valientes por peatonalizar. ¿Pero de qué estamos hablando? Para una peatonalización no hace falta ser valiente, eh. Hace falta, como le acabo de decir, ser serio y ser responsable y contar con todo el mundo. Y no se equivoque, porque por mucha valentía que tengan esto, les vuelvo a decir, que está abocado al fracaso si solamente lo único que utilizan es su valentía. Porque no es valentía, es temeridad la suya.

Y, Sr. Montes, claro, usted me dice que se niega a hablar de ciertos temas con trece vecinos. Claro, a lo mejor también tendría que informar de todas esas asambleas de barrio cuánta gente está asistiendo, Sr. Montes. Eso a lo mejor tendría que ser lo primero. Porque ustedes nos han criticado por la participación, pero nosotros escuchábamos a los vecinos, a las entidades, a las asociaciones vecinales, a las asociaciones de comerciantes, a las asociaciones de hosteleros. Nos reuníamos, nos sentábamos con ella y un documento lo presentábamos después de haberlo hablado con ellas. Claro, es que usted me dice "es que las asambleas" "es que las asambleas donde van cuatro vecinos". Y, mire, a mí me parece muy bien, eh, que las siga haciendo y demás. Pero no se olvide que las entidades vecinales y las entidades asociativas y demás hay que respetarlas porque representan a muchos también y hay que oírlas y hay que sentarse con ellas y ustedes no saben de eso. De momento no han sido capaces de empezar a trabajar en ese sentido.

Y, claro, que usted se reúna y que hable mucho con ellos, de qué les vale a esos vecinos con los que usted habla si después viene la Sra. Fernández Lemos a decirnos, porque le preguntamos, que están contratando un proyecto para peatonalizar el barrio y no se lo cuente usted a nadie. Para qué se reúne con los vecinos si usted no le cuenta lo que la Sra. Fernández Lemos nos dice aquí en el Pleno. Porque se lo preguntamos, porque si no le garantizo que si en la Comisión del miércoles pasado este grupo municipal no hubiera preguntado sobre este proyecto que ustedes están contratando ahora, les garantizo que hoy en este Pleno no se estaría hablando de eso. Y eso es trabajar con ocultación, con opacidad, como ha hecho este gobierno en un año. El gobierno más transparente, según este gobierno. Y no es así, Sr. Montes. De poco le valen esas reuniones participativas si no tiene la información que tiene que tener y que le tienen que pasar a los vecinos. Y, claro, que usted me diga también eso, "nosotros llevamos un año de siete que lleva sin aprobar el plan de movilidad". Como acabo de decirle a la Sra. Fernández Lemos, es que son ustedes los que están anunciando la peatonalización y los que están adoptando medidas de peatonalización. Son ustedes. Sean serios, aprueben los documentos y después empiecen a trabajar, pero tengan una hoja de ruta, que es lo que les está pidiendo todo el mundo. Y esa hoja de ruta requiere escuchar a todo el mundo. Yo creo que soy bastante clara en lo que estoy diciendo y es simplemente

escuchar a la gente y a partir de ahí ponerse a trabajar. Ustedes no. Ustedes trabajan con ocultación y después ya ejecutaremos y esas non son las maneras.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Vamos a ver. Para contestar un poco al Sr. Rivas. Manifestar que el tráfico rodado no es lo mismo que el tráfico de una calle de entrada y otra de salida para un aparcamiento. Que en todo caso, efectivamente, el plan de movilidad no ha aprobado, que no es la Constitución, como ha dicho la Sra. Aneiros, efectivamente, sí contemplada en su momento.

En todo caso, yo lo que se ha dudado es que queramos peatonalizar o no. Yo reitero, no es una cuestión de querer o no querer peatonalizar. Es una cuestión de ordenar el transporte público, rehabilitar las viviendas desocupadas para que exista movimiento en la calle y resolver el problema de aparcamiento. Una vez se resuelvan estas tres cuestiones se peatonaliza y se habla con la gente y con los vecinos y se adoptan acuerdos. El problema está en pensar, como efectivamente la Sra. Aneiros ha explicado, cómo se puede pensar que un comercio puede estar llamando tres y cuatro veces en un día a la Policía municipal para que vengan a descargar mercancía a su local comercial. Eso es inviable. Y usted tendrá que sentarse y explicar y hablar cómo va a poder realizar todas esas cuestiones también cuando toda la manzana esté peatonalizada.

Entonces, hay una serie de cuestiones que hay que debatir y lo que me parece absurdo es, así como acabo de referirme también en mi anterior intervención a una encuesta que se realiza a los vecinos donde se les da la posibilidad del aparcamiento de la Plaza de Armas, cuando realmente a posteriori, ni en el presupuesto ni en los proyectos cabe esa posibilidad, se prohíbe. Al contrario, se matiza expresamente lo contrario. Pues esto es lo mismo. El tener o que estén iniciando ustedes un plan de movilidad cuando el Sr. Montes está con las asambleas de barrio, escuchando teóricamente a la gente que quiere participar y no hay conexión. Pues me parece otra vez una burla a la participación ciudadana. Eso creemos que es así. Entonces, creemos que no conviene o no es cuestión de que los comerciantes y vecinos se opongan a la peatonalización sino que lo que es cuestión es encontrar puntos de consenso y a través de la Administración Local, del comercio y de las asambleas y además encontrar un documento donde se racionalice todo lo que se va a hacer. No hacer primero una cosa y después racionalizarla a través de un documento. Eso no es viable.

Y, finalmente, lo que también quería precisar en cuanto simplemente a la moción -que se me olvidó en mi primera intervención- del Partido Popular, es que sí rogaríamos que la votación de su moción pudiera ser por puntos, porque Ciudadanos, efectivamente, en cuanto al punto 2, cuando habla e insta sobre el acuerdo definitivo de aprobar la ordenanza reguladora, sí queríamos que fuera una ordenanza reguladora, no su ordenanza reguladora. Entonces, en ese caso, sí querría la votación por puntos. Gracias.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Eu, en primeiro lugar dicir que eu refírome exclusivamente ós acordos que vostede traen a debate neste Pleno e se vostedes o que nos propoñen aprobar é unha ordenanza de estacionamento, que vostedes mesmos planificaron no

Pleno e que supón unha eliminación da zona azul, de determinadas rúas de Esteiro ou da rúa Venezuela, o que lle estou preguntando é se queren aprobar esta ou queren aprobar a que despois negaron que modificaron. É o que lle estou preguntando.

E o que lle estou a comentar é que no momento actual existe unha ordenanza que regula ese estacionamento. É o que lle comento. E que a ordenanza que vostedes pretenden aprobar se limita exclusivamente ó barrio da Magdalena. Non creo que sexa a mellor opción ter unha ordenanza exclusivamente circunscrita ó ámbito da Magdalena para regular o estacionamento nesa cidade.

En segundo lugar, dicirlle que é obvio que o plan de mobilidade se pode mudar e é obvio que é un plan que está desactualizado. O que non comprendo é que se vostedes durante catro anos, que tiveron a oportunidade, se tanta necesidade teñen de aprobar un plan de mobilidade por que non o fixeron. Porque eu non teño esa necesidade, sinceramente. Desde o Bloque Nacionalista Galego non temos a necesidade de ter un plan de mobilidade aprobado. Temos un documento de referencia, que é ese plan de mobilidade e é absolutamente absurdo que agora, no momento actual, consideremos que porque ese plan está desactualizado contratemos un novo plan, co coste económico que supón e co retraso das decisións que implica. Porque para peonalizar non fai falta ter un plan de mobilidade. E, lle repito, se tanta necesidade tiñan para poder peonalizar ter o plan de mobilidade aprobado non sei por que non o fixeron. E tampouco entendo como fixeron documentos con coste económico para o transporte público para esta cidade referidos a ese plan de mobilidade, que estaba sen aprobar. Estaba sen aprobar hai catro anos. Como segue sen aprobar no momento actual. Documentos, por certo que, como lle dicía na miña anterior intervención, duplicaron. Duplicaron, un, en base a ese plan de mobilidade e co cal tampouco estábamos de acordo, pero é que ademais nun momento posterior modificárono e pretenderon desenvolver un documento exclusivamente económico para desenvolver unha reestructuración do transporte público nesta cidade. Exclusivamente polos intereses das empresas que xestionan esas concesións. E, como lle digo, non fai falla un plan de mobilidade para tomar a decisión de peonalizar os ámbitos ou barrios desta cidade. O que si fai falta son tres cousas. Por unha parte, habilitar os aparcadoiros que permitan facer eso fóra deses ámbitos.

En segundo lugar, un transporte público que se axuste ás necesidades dos veciños e das veciñas. Un transporte público eficaz. A primeira decisión xa a temos tomada. A constitución desa empresa de transporte. Non sei se este goberno vai seguir mirando para arriba e non vai tomar ningunha decisión ó respecto. Existe ese compromiso. Asumen vostedes ese compromiso. Seguimos sen sabelo.

E a terceira cuestión. Se se quere peonalizar hai que facelo de golpe. O que non podemos é estar tomando medidas parciais para unha decisión que ten unhas implicacións globais. E isto ten que ver co feito de ter un aparcadoiro no corazón do barrio da Magdalena, como pode ser o aparcadoiro da Praza de Armas. Porque se facemos este tipo de decisións nas que peonalizamos ámbitos determinados da cidade, ámbitos parciais, ou seguimos a manter espazos coma o aparcadoiro da Praza de Armas, é obvio que os coches que están aparcados na Praza de

Armas non están circulando. Pero tamén é obvio que para chegar ó aparcadoiro da Praza de Armas terán que facelo dalgunha maneira, que non van chegar polo aire. E, por tanto, se o único que pretendemos é eliminar o tráfico dunhas rúas para redistribuílo noutras, tampouco vamos a conseguir un dos obxectivos fundamentais nun proceso de peonalización, que é a eliminación do tráfico rodado. Temos que eliminar o tráfico rodado e eso non se resolve tendo aparcadoiros. Cantos máis aparcadoiros hai máis coches hai. Isto é unha evidencia. Está contrastado. Por tanto, para poder eliminar os coches hai que impedir que accedan a eses ámbitos e se o que facemos é eliminar o tráfico rodado dunha rúa, pero o mantemos na que está ó lado, en vez de pasar polas dúas rúas van a pasar pola que está ó lado. Por tanto, isto hai que facelo de maneira global, non parcial. E isto evidencia tamén que as decisións que se teñen tomado ata agora nada teñen que ver coa peonalización nin con ningún tipo de obxectivo que se lle pareza. Porque, remato, a peonalización non é a consecuencia doutras decisións, coma o transporte público ou a creación de aparcamentos disuasorios. A peonalización é un obxectivo. É un obxectivo urbano e non é consecuencia doutras decisións. E se empezamos a asumir que isto é un obxectivo asumámolo. E, como digo, como dixen na miña primeira intervención. A min as dúbidas que me entran é que todas e todos os que estamos aquí teñamos como obxectivo a peonalización de ámbitos da cidade coma o barrio da Magdalena. Sinceramente. Polas súas afirmacións, comentarios e propostas que traen a debate a este Pleno.

SRA. FERNÁNDEZ LEMOS: Bueno, hablamos de seriedade y seriedad es apostar por la peatonalización y yo también tengo serias dudas si vosotros apostáis o no por la peatonalización. Hablamos también de improvisación, ocultación y falta absoluta de diálogo. Quiero saber si el proyecto de supermanzana, que estaba en Urbanismo cuando yo llegué, se consensuó con la población, se contrató y costó 60.000 euros, que creo que también tuvo un coste económico y se guardó en un cajón y no se mostró. Es verdad. Es verdad que fuimos nosotros los que hicimos la presentación de ese proyecto de supermanzana. El plan de movilidad ya se había presentado por el Partido Socialista en su momento. Y, después, el proyecto de supermanzana y el plan de transporte público pues no salió.

SR. ALCALDE: -Por favor, Sr. Evia. ... Si, pero interrumpe o debate.

SRA. FERNÁNDEZ LEMOS: Entonces es verdad que nosotros presentamos el proyecto de la supermanzana redactado en el año 2013 por el Partido Popular y que estaba en un cajón. Es verdad, pero tampoco creo que fuese un documento consensuado y de hecho vemos que hay problemas para su aplicación.

Entonces, bueno, en cuanto a anuncios de la peatonalización, como siempre nos referimos a los recortes de prensa, yo tengo uno del Sr. Langtry anunciando también la peatonalización de la calle María y de la calle Magdalena y todavía también estamos esperando por eso. Entonces hay que saber que todos hacemos anuncios y todos tenemos unos objetivos que a veces cumplimos y otras veces no.

Los comerciantes de la calle Galiano y de la calle Dolores y del otro tramo de la calle Real nunca protestaron por hacer la carga

y descarga de las mercancías y ahora resulta que este tramo de la calle Real sí que tiene problemas para hacer la carga y descarga.

Bueno, en fin, decimos que está abocado al fracaso. Yo creo que todos los proyectos de peatonalización son un éxito y creo que este también lo va a ser. O sea, que no tengo nada más que decir.

SR. MONTES CELEIRO: Precisar unha cousa. Cando estaba falando de falar con un número reducido de persoas era unha frase máis ben no cuantitativo que no cualitativo. O que quería dicir é que o concepto de falar cos implicados non é compatible coa participación. A participación é falar un debate global, como dixeron, co conxunto dos veciños e das veciñas, non unicamente cos implicados, porque eso é o que se viña facendo e non entender o cambio político, o cambio nos modelos de participación. Se afirmamos iso é que non entendemos nada.

Entendo que á portavoz do Partido Popular lle gusta eso de ter un plan, de ter un plan de mobilidade aprobado, de ter un plan. Dicirlle que en Participación si temos un plan. Un plan que significa recuperar a participación e recuperar o debate e, como digo, partimos dunha situación de moita inferioridade, porque se deron unha serie de procesos, que non vou entrar a valorar, donde se optou por diferentes modelos e, como digo, estamos nunha situación de negativos. Necesita estimular e motivar para que a xente volva a crer na participación. Houbo no pasado procesos nos que había ilusión, donde había xente participando, valga a redundancia, e hoxe carecemos desa ilusión e desa motivación. E o noso plan precisamente é que esa ilusión, esa motivación, volva a estar presente nesta cidade. Require ese plan. E ese plan é un plan a medio prazo, non pode ser un plan a curto prazo porque, como digo, non existe esa ilusión ou esa motivación que noutro tempo si houbo. A xente para participar necesita ver que o que fai, que o que debate ten unha utilidade e iso require tempo. E o obxectivo final, como digo, é fixar un modelo de participación, que non dependa de que cada catro anos haxa outra persoa sentada aí facendo de alcalde ou de alcaldesa ou de quen lle toque... Eh? Facendo e exercendo.

Porque, volvo ó inicio, exercendo de alcalde ou de alcaldesa o obxectivo é fixar un modelo de participación que non dependa de que tipo de goberno temos. Que non é unha cuestión ideolóxica, que é unha cuestión de práctica política, que debería ter a implicación de todos e de todas. Como digo, non só dos que estamos aquí hoxe sentados, senón tamén dos nosos compañeiros e compañeiras que tamén traballan neste concello e que seguro que agradecen que a liña de traballo que se marca dende o concello sexa de contar cos seus veciños e coas súas veciñas.

E, por último, dicir que eu particularmente si creo na peatonalización, creo que neses debates que se deron nos barrios non saíu tampouco necesariamente..., debates que, por certo, como xa dixemos na Comisión de Participación, compartiremos non só con todos os grupos, senón con todos os veciños e as veciñas, que colgaremos as actas na Web para que todo o mundo poida ter acceso ós debates que se deron nos distintos barrios e maioritariamente non se centrou o problema de aparcar no centro de Ferrol como un problema tal. O sea, houbo barrios como Esteiro ou Ferrol Vello que si que saíron eses temas puntuais nos seus barrios, pero na Magdalena non foi un tema, o

sea, a cuestión sobre o aparcamento na zona centro non foi un tema que preocupase demasiado á xente. Podédelo comprobar despois nas actas, pero eu creo que a xente ten outras preocupacións maiores que esas, sobre todo cando creo que todos podemos comprobar que moi rara vez, tanto no Cantón como na Praza de España, que están relativamente cerca da Praza de Armas, se ve o cartel de completo. Eu creo que estamos tratando de crear un debate que non existe. Si existe ó mellor a necesidade de facer eses disuasorios, como existen noutras cidades e aquí creo que temos que apostar por ese modelo con ou sen plan. Aí xa non me meto, que é unha cuestión técnica e eu non son urbanista.

SRA. ANEIROS BARROS: Muy brevemente, Sr. alcalde.

Tanto hablar de plan, de plan, y veo que aquí ustedes prefieren non tener plan que tener plan. Pues, mire, por no tener plan las cosas acabaron en la Plaza de España como acabaron, por ejemplo, Sr. Rivas. Por no tener un plan, porque cuando se empezaron las cosas no se sabía lo que iba a terminar pasando y así nos fue. Así nos lució el pelo a todos. Y, miren, desde luego, creo que tener un plan, llámenle como quieran, un documento consensuado, porque es fundamental. Yo lo que no entiendo es que ustedes son los que hablan de los consensos y cuando llega la hora de la verdad, vamos, es que lo arreglan todo muy rápido. Ahí está, decisión tomada y ya a escuchar a los vecinos a toro pasado. Esa no es la manera de actuar.

- Sr. Montes, yo, de verdad que le sigo animando a que siga con sus asambleas pero, le vuelvo a decir, que sin la colaboración de sus compañeros, sin que sus compañeros le den información de lo que se está haciendo, al final terminarán diciéndole que usted está engañando a los vecinos. Porque si estos días usted se reunió con los vecinos del centro de Ferrol y usted no les dijo que se está contratando un nuevo documento para la peatonalización del centro, yo, si soy vecina del centro de Ferrol me sentiría engañada por usted, porque usted no me da esa información, que en cambio sí me ha dado la Sra. Fernández Lemos en la Comisión Informativa correspondiente. Y yo creo que hay que tener un poco de coordinación. Que, efectivamente, eso es algo que les falta. Pero, claro, se está reuniendo con vecinos, pero no les está trasladando la realidad de las cosas. Trabajen con transparencia, con transparencia, reúnanse con las entidades y dejen de actuar, Sra. Fernández Lemos, adoptando decisiones autoritarias -autoritarias- de un día para otro. No, se rien ustedes. Díganle a los vecinos, con todo el cabreo que han tenido por la peatonalización por la puerta de atrás que han efectuado un domingo, anunciándola que iba a entrar en vigor el lunes siguiente, al día siguiente. Si a ustedes les parece serio. Esa es una medida de carácter autoritario. Díganme qué reunión han tenido ustedes de prohibir la circulación en la calle Real con algún vecino, contando con residentes, con comerciantes o con hosteleros. ¿Han tenido alguna? Ninguna. Claro, y ustedes me dirán que son ustedes un gobierno participativo. Mire, váyanle con el cuento a otro. La participación se ejerce, no se vende, no se anuncia, sino que se da ejemplo. Dejen las decisiones, insisto, autoritarias, empiecen a consensuar con todo el mundo y empiecen, desde luego, a abandonar la

improvisación que les está acompañando en un año que llevan gobernando.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Simplemente para también finalizar, explicar que la participación ciudadana se está quedando en papel mojado tal como la están realizando. No se puede, vuelvo a repetir, implicar a los ciudadanos en debates estériles cuando ya están las decisiones tomadas. Entonces, sí hace falta un plan. El Sr. Rivas manifiesta que la peatonalización exige un transporte público y yo estoy de acuerdo. No es un fin en sí mismo, pero es que hace falta previamente un transporte público y de momento no está existiendo ni se están dando las condiciones en transporte público, se está todavía decidiendo.

En cuanto al aparcamiento, es evidente que es un tema que no está resuelto. Y usted no lo ha hablado, pero lo he hablado yo y sigo manifestando que la rehabilitación de viviendas y la ocupación en el centro es vital para no tener un barrio de la Magdalena totalmente fantasma. Nada más. Gracias.

SR. ALCALDE: Moitas grazas. Procedemos á votación das mocións. Vai por puntos a moción do Partido Popular?

11.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Ó CONTRATO DE SUBMINISTRO E MANTEMENTO ELÉCTRICO.- Examinada a moción que presenta o grupo municipal do BNG, que textualmente di: "O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro da lexislación vixente, apresenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción

Exposición de motivos

A finais do ano 2014 o goberno municipal do Partido Popular impulsou un concurso para a contratación do subministro, servizos enerxéticos e mantemento das instalacións de alumado público exterior e dependencias municipais que o que procuraba era entregar a unha empresa, neste caso o máis probable é que sexa unha transnacional, a xestión dun dos principais servizos que ten que prestar esta Administración Local como é o subministro eléctrico.

De continuar adiante con este concurso, que a día de hoxe continúa sen resolver e que polo tanto pode ser revocado, o que vai facer é hipotecar ós veciños e veciñas desta cidade e continuar avanzando nunha política que consiste na redución e no adelgazamento da prestación de servizos por parte da Administración Pública, nun camiño desaforado cara á privatización mediante a externalización de servizos que deberían y poderían ser prestados por parte desta Administración Local.

Este concurso hipoteca aos veciños e veciñas desta cidade, en primeiro lugar porque vincula o subministro eléctrico co servizo de mantemento, de modo que o subministro que supón o 60% dos costes do contrato condiciona o mantemento para grande beneficio da empresa concesionaria, por dúas razóns evidentes: por que o concello deixa de exercer un control directo sobre o prezo da enerxía que contrata e ademais faino por un periodo de quince anos; o que nun mercado coma o enerxético, sometido a constantes cambios na regulación e na súa

lexislación, é cando menos unha temeridade porque, nun contexto coma o actual, o da enerxía é unha das variables económicas máis importantes nun contexto en permanente cambio coma o actual pero ademais privatizan o servizo de mantemento, un servizo que perfectamente podería ser asumible polo propio Concello.

É preciso que o goberno local asuma a importancia deste servizo e encare decididamente o obxectivo da xestión pública do subministro e do mantemento eléctrico mediante a renuncia ao procedemento iniciado polo PP.

Para isto, o primeiro que compre é determinar con que cantidade habería que indemnizar as empresas por presentarse ao concurso e que se debe limitar aos gastos derivados de elaborar esa documentación e que estarán moi lonxe das indemnizacións millonarias das que fala o goberno. A segunda cuestión sería declarar o servizo de subministro como de interese público e de carácter obrigatorio.

Á vista do anteriormente exposto o grupo municipal do BNG propoñemos a adopción dos seguintes Acordos

1.- O Pleno do Concello de Ferrol acorda a renuncia ao Contrato do subministro, servizos enerxéticos e mantemento das instalacións de alumeadado público exterior e dependencias municipais xustificando o interese público e carácter prioritario de dito servizo.

2.- O Pleno do Concello de Ferrol acorda elaborar a declaración de servizo público esencial do servizo de subministración e mantemento eléctrico e a determinación do persoal necesario para o desenvolvemento desta actividade e a forma de integralo na administración local co fin de cubrir necesidades urxentes e inaprazábeis."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de once votos en contra, correspondentes ós sres./as. membros do grupo Popular, fronte a seis votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Socialista e Bloque Nacionalista Galego e seis abstencións, correspondentes ós sres./as. membros de Ferrol en Común e Ciudadanos, acordou rexeitar a moción transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Eu creo que intentarei explicar de maneira sinxela que é o que estamos a propoñer aquí, porque penso que este é un tema que levamos xa meses recurrentemente falando sobre el, pero sen tomar ningunha decisión específica nin saber cales son os obxectivos que pretende este goberno ó respecto.

O certo é que respecto da contratación do suministro eléctrico nesta cidade, no momento actual temos tres posibilidades. Ou ben seguimos, se lle damos continuidade á proposta desenvolvida polo Partido Popular no anterior mandato, ou ben desestimamos esa proposta en base a que existe algún tipo de infracción no procedemento que non sexa subsanable ou ben renunciámos a ela en base ó interese público desa renuncia e desenvolvemos unha xestión directa deste servizo, que é obvio que é básico e fundamental para os intereses dos veciños e veciñas desta cidade.

Temos esas tres posibilidades e temos tres informes municipais, un da Intervención municipal, outro da Secretaría municipal e outro do servizo de contratación municipal e os tres asumen que a

posibilidade da renuncia é unha posibilidade factible. Os tres informes consideran que renunciar a este procedemento de contratación para o suministro eléctrico nesta cidade, en base ó interese público, é factible.

Vostedes levan anunciando xa reiteradamente nalgúns medios de comunicación que a súa opción é manter a proposta desenvolvida polo Partido Popular no anterior mandato. Unha alternativa que se prolonga e que se desenvolve ó longo de quince anos, cando o límite para a contratación de suministros por parte das Administracións Locais ten establecido un límite de catro anos para ese tipo de contratos, onde o 53% dos custes deste contrato que vostedes pretenden desenvolver son produto do suministro eléctrico e que, por tanto, debería ser o suministro eléctrico a base sobre a cal se se establezan os límites e a duración temporal dese contrato. Un suministro eléctrico onde o fundamental e o determinante para a adxudicación dese contrato é o prezo, xa que todos e todas asumimos que a calidade do suministro non varía en función da comercializadora ou de quen aporte ese suministro e, por tanto, se o prezo é o único determinante non parece que a mellor opción sexa facelo a través dun intermediario e menos durante quince anos, cando estamos a falar da necesidade da contratación periódica. Unha proposta de contrato do Partido Popular que supón 2,7 millóns de euros ó ano e todo a cambio de que? A cambio dunha eliminación espectacular para determinados edificios da cidade. E esta é a opción que vostedes teñen anunciado de maneira reiterada e que parece que pretenden asumir. E cales son os seus argumentos? Que non se vai impoñer unha nova taxa. Home, é que só faltaría que vostedes quixeran impoñer unha nova taxa para desenvolver un contrato de suministro eléctrico. Agora ben, é obvio que estes 2,7 millóns de euros anuais os imos a pagar todos e todas as ferroláns ano a ano.

E o segundo argumento que vostedes esgrimen de maneira reiterada son as indemnizacións millonarias. Non sei a que se refire con millonarias, porque eso quere dicir que pasan do millón de euros e descoñezo cal é o informe municipal que acredita que as indemnizacións que lle corresponderían a aquelas empresas que se teñen presentado a este procedemento de contratación teñen dereito a esas indemnizacións millonarias. Porque eu, dos informes que existen, o único que podo extraer, a única conclusión que podo extraer é que, en todo caso, habería que indemnizalas en función dos gastos que tivesen para poder desenvolver os traballos necesarios para poder presentarse a este procedemento e a este concurso. Nada máis, porque non teñen ningún outro compromiso adquirido. Por tanto, non comprendo moi ben cales son esas indemnizacións ás que vostedes se refiren e menos o feito de que non exista ningún informe que as avale.

Esto lévanos a determinar que a única alternativa máis beneficiosa para os veciños e veciñas desta é renunciar a este procedemento de contratación e nesta opción que lle estamos a propoñer, a primeira ventaxa que suporía para os ferroláns sería que o aforro produto de suprimir a marxe de beneficio da empresa comercializadora rondaría o 20% da contratación do suministro eléctrico. E isto poderíase facer de maneira moi sinxela mediante a compra directa da enerxía no mercado eléctrico. O concello sería un consumidor directo desa enerxía e podería facelo da mesma maneira que

está a facer por parte doutras Administracións Públicas. Concellos equivalentes en poboación recurren a este mecanismo. Compran a enerxía diariamente a través de personal municipal. Universidades, como a Universidade da Coruña, está a desenvolver esta maneira de contratación da enerxía eléctrica e vostedes parece que non teñen intención de asumir esta maneira de proceder para a contratación da enerxía eléctrica como unha alternativa. Que habería que facer? Primeiro, definir as necesidades, algo que supostamente xa está feito. Existen uns pregos de condicións, existe uns consumos determinados para a iluminación pública do concello para os edificios municipais, donde se recollen cales son as necesidades deste concello.

O segundo que habería que facer é preparar os mecanismos internos para asumir a compra directa desa enerxía no mercado libre, co cal desaparecería, como dicía antes, a marxe da comercializadora e convertirnos no consumidor directo. Un procedemento que está regulado por puntos de suministro ou ben por instalacións. Só pagaríamos o prezo real de enerxía para cada hora e para todos os días do ano. Teríamos que tomar algún tipo de decisión respecto de como facer isto e isto tampouco sería un impedimento moi grave, porque poderíamos facelo mediante a contratación de personal a través dun concurso no que puideran participar persoas capacitadas para desenvolver estes traballos. Concellos coma o Concello de Avilés o fan con tres persoas. Avilés. Tres persoas. E non porque necesiten a tres persoas para contratar esa enerxía, senón porque é preciso ter suficiente personal para cubrir as baixas e, por tanto, con tres persoas, concellos de poboación equivalente, desenvolven estes mecanismos para poder contratar a enerxía de maneira directa. Estamos a falar da parte fundamental do contrato. O suministro da enerxía eléctrica a este concello, non do mantemento das instalacións eléctricas deste concello. Por tanto, o que lle quero dicir de maneira clara é que é factible que desde esta Administración poidamos contratar a enerxía eléctrica directamente. Porque a outra alternativa, contratar esa enerxía ó longo de quince anos mediante un intermediario, non supón máis que hipotecar ós veciños e veciñas deste concello durante ese período e porque esa suposta imposibilidade de contratar persoal por parte das Administracións Públicas é unha falsidade, porque, en todo caso, o que existen son limitacións de masa salarial que non se pode incrementar en termos de homoxeneidade, pero se o que estamos a facer é incrementar a plantilla, non se está a incrementar a masa salarial homoxénea. Estamos a proceder a un mecanismo que contempla a mesma lexislación e que permite o incremento da plantilla para dar cobertura a servizos que son obrigatorios e esenciais. Por eso é fundamental que ó mesmo tempo que procedemos á renuncia deste contrato, por razóns de interés público, declaremos este servizo de suministro eléctrico como esencial. Non creo que tampouco sexa unha cousa excesivamente complexa considerar que este concello necesita enerxía eléctrica e que isto é esencial para os veciños e veciñas desta cidade.

E, por último, dicir que o feito de proceder a esta remunicipalización dese servizo de suministro eléctrico tampouco suporía o incremento do gasto para este concello. Porque o único que

estamos a facer é pasar gasto que ate este momento ou na proposta do Partido Popular se computa no capítulo II, pasalo ó capítulo I e ademais fariámolo, como digo, sen o marxe da comercializadora, co cal estaríamos a falar de un aforro económico se adoptamos esta decisión. Repítolle que non comprende de onde sacan vostedes os argumentos de que as indemnizacións son millonarias se renunciámos a este contrato. E, repítolle, que tampouco comprendemos como non se ten valorada ningunha outra opción que non sexa a alternativa que propuxo o Partido Popular e como por este goberno municipal se lle pretende dar continuidade desenvolvendo as mesas de contratación, que inicien o proceso de adjudicación, tal e como pretendieron facer ó longo da semana pasada.

Non quero estenderme moito máis, porque creo que a problemática da que estamos a falar é bastante sinxela de comprender e bastante sinxela de adoptar a decisión. Declaremos o servizo de suministro eléctrico como servizo de interese público, renunciemos a ese procedemento e desenvolvamos os documentos necesarios para poder xestionar ese servizo dende a Administración Local. E isto quere dicir que os informes que hai que elaborar non son os que teñen vostedes elaborado. Non son eses informes da Intervención, da Secretaría ou do servizo de contratación do Concello de Ferrol valorando as posibilidades de se se pode facer desta maneira ou non. Os informes que teñen que facer son os de, primeiro acreditar ese interese público. Segundo, determinar cales serían os costes en que teñen incurrido as empresas que participaron neste procedemento e que terían dereito a serlles aboados por participar no procedemento, que sería, como digo, limitados ós traballos desenvolvidos para poder participar neste procedemento. E, en terceiro lugar, xustificar a contratación pública de persoal en base a cubrir as necesidades, que son urxentes, de suministro eléctrico para esta cidade e que, en todo caso, neste proceso, se vostedes quixeran asumilo, poderíamos desvincular a cuestión do suministro eléctrico da cuestión do mantemento das instalacións eléctricas, que comprendería a quince persoas, tal como se está prestando no momento actual, pero que ninguén nos obriga a ter que facelo da maneira en que o Partido Popular ten proposto no contrato que propuxo no anterior mandato.

Por todas estas razóns agardo que, cando menos, fagan unha pequena reflexión e asuman que esta é a única saída e a única alternativa que os veciños e veciñas desta cidade comprenderían para un servizo que supón un gasto enorme para as arcas municipais. Moitas grazas.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Gracias. Vamos a ver, en Ciudadanos hemos tenido en consideración los siete informes existentes sobre esta cuestión que obran en el procedimiento. Y de ellos hemos sacado varias conclusiones. Efectivamente, el Sr. Iván Rivas tiene razón cuando dice que la duración del contrato de suministro debiera haber sido, efectivamente, menor y adaptarse a las plazas de la ley, que no es taxativa, pero que sí los fijan en cuatro años, aunque excepcionalmente pueden ser por más. También la previsión del tiempo de los presupuestos municipales, que tienden a estar a la baja, con una Tesorería cada vez menor, efectivamente, aconsejan que un contrato con una duración menor se adapte mejor a las necesidades

nuestras y también a nuestra capacidad de financiación. En eso también vamos a estar de acuerdo. Evidentemente, también es razonable el que no se tenga que ligar una prestación del servicio a un mantenimiento del mismo y, en ese sentido, también es evidente y, por tanto, que desde Ciudadanos consideramos que la duración de quince años y esa unión quizá no sea el contrato adecuado. Ahora bien, esta moción, presentada ahora por el Bloque Nacionalista Galego, se quiere justificar la renuncia del contrato, efectivamente, del mantenimiento eléctrico, por razones de interés público. Y quiero recordar que la ley en ese sentido es taxativa y dice que sólo podrá renunciarse a la celebración del contrato por razones de interés público debidamente justificadas en el expediente y yo creo que ahí está el problema, no?

Además, quiero expresamente destacar que el informe de la Oficial Mayor, cuando se señala que la ley no recoja la gestión directa de cualquier servicio en el concello, también dice que es que la ley precisamente no otorga al concello la preferencia, la opción preferente para remunicipalizar, sino que debe justificarse la sostenibilidad y al eficiencia.

Por otro lado, hay que decir que los informes de Intervención y del Secretario General, lo que señalan es que la situación hasta la fecha es insostenible y que no puede seguir manteniéndose el reconocimiento extrajudicial de créditos como hasta la fecha. Se lleva demasiado tiempo realizando estos reconocimientos. Entonces, lo que sí puedo manifestar es, y ahora lo hago en este Pleno, es que el contrato no es de nuestro agrado. Pero no podemos sin informes, y ahí, efectivamente, el Sr. Rivas también ha dado en el clavo. Sin informes que avalen la conveniencia y la necesidad y justifiquen el interés concreto para este caso y sin números que avalen la sostenibilidad y la eficacia de la remunicipalización del servicio, es que es inviable apoyar esta moción. No porque podamos pensar de una manera o de otra, sino que es que no tenemos los datos.

Después de un año en el gobierno y de siete informes, y voy a recordar cuáles son: Dos de Intervención, uno de asesoría externa, otro de la oficial mayor, otro del secretario general, otro de Contratación y otro del ingeniero municipal.

Bien, si no existen informes positivos que avalen o justifiquen ese interés o necesidad de interés público, efectivamente, y que además justifiquen la sostenibilidad y la eficiencia de la remunicipalización, tenemos que llegar a la conclusión de que no es viable. Nos pueda gustar más o menos, pero no es viable. Lo que no podemos es lanzarnos en una piscina sin agua. Y en este caso es lo que pretenden ustedes. No podemos llegar a un acuerdo de ese tipo sin informes. Si no es así. Si es posible al renuncia por el interés público y la consiguiente remunicipalización, porque además los costes son, efectivamente, más económicos, que no lo voy a discutir, entonces es el gobierno el que lleva un año perdiendo el tiempo y que no ha pedido los informes y estudios oportunos.

En todo caso, yo reitero, no voy a poder apoyar esta moción por lo que estoy explicando. Si existieran los informes y, efectivamente, acreditaran lo que aquí se está diciendo, Ciudadanos no tendría ningún problema en, efectivamente, votarlo. Gracias.

SRA. ANEIROS BARROS: Muchas gracias, Sr. alcalde. Bueno, pues yo quisiera iniciar recordando que, efectivamente, fue en el año 14 cuando se inicia la tramitación de este contrato mixto, que efectivamente tiene esas dos prestaciones, por un lado el suministro eléctrico y, por otro lado, el mantenimiento de las instalaciones y que incorpora, también, por cierto, lo que es la denominada garantía total, es decir, que la empresa adjudicataria se haga cargo de las reparaciones, sustituciones, renovaciones de equipo, tanto en caso de deterioro como en caso de averías de los mismos y desde luego con la previsión de una mejora de la eficiencia energética y energía renovables y, en definitiva, ahorro energético y a lo que hay que añadir una serie de mejoras e inversiones también previstas, que ascienden a más de 2.700.000 euros. Un procedimiento que, como todos sabemos, llegó prácticamente a su fin y cuya continuidad, creo que también hay que decirlo, supondría un ahorro a las arcas municipales de más de 800.000 euros al año sobre el coste actual, que creo que es un ahorro también considerable. Dicho esto, lo cierto es que este gobierno municipal, desde que llegó a este concello, anunció remunicipalizaciones de servicios, que lo cierto es también que no ha iniciado y que, en cambio, sí paralizó esta contratación. Pero lo cierto es que no hay puesta sobre la mesa ninguna solución alternativa a esta contratación. Un año después, ahora mismo, estamos en la misma situación, sin ningún tipo de alternativa, sin ninguna solución, sin ninguna propuesta concreta. En un año lo que ha hecho este gobierno se resume en solicitar informes. Solicitar informes pero sin tomar ninguna decisión al respecto de esta situación, que lo que sí tenemos todos claro es que no debe mantenerse en el tiempo por esas convalidaciones que un mes tras otro siguen viniendo a aprobación al Pleno. Y es que yo creo que hay una cosa de la que no podemos huir, y es de los informes que, como bien decía la Sra. Rodríguez, pues creo que son abundantes en relación con este tema. Y también tenemos que decir, Sr. Rivas, que lo que usted propone, que es esa renuncia. Efectivamente, la renuncia, si hay algo en lo que coinciden todos los informes es que solo se puede llevar a cabo en caso de que efectivamente se justifiquen esas razones de interés público. Es la condición para que se pueda llevar a cabo la renuncia de este contrato. Justificar razones de interés público que así lo recomienden. Claro, es que ha pasado un año y es que en este año que ha transcurrido no hay ningún informe, ningún estudio en donde haya una constancia, una acreditación de que existen razones de interés público que aconsejan, que determinan la necesidad de renunciar a este contrato. Un año después no existe esa acreditación. Entonces, ustedes proponen esa renuncia de ese contrato, pero que, insisto, dónde está la acreditación de esas razones. Es que ese es el primer punto que hay que cubrir para poder tomar la segunda decisión.

Entonces, desde luego si no se justifican esas razones no hay renuncia. Yo creo que es una cosa bastante clara. Y eso lo dice la ley. Es que es una cuestión de legalidad y lo que no podemos es pedir cosas cuando no se dan los requisitos y las condiciones para que se cumplan.

Claro, llegados a este punto tenemos que estamos en una situación que no se le puede dar continuidad, que es la de las

convalidaciones con los informes que todos los meses vemos de la Intervención municipal.

La opción de renunciar al contrato. Insisto. Primero, ¿están acreditadas esas razones de interés público? No. No se cumple la primera de las premisas.

En segundo lugar, si se renuncia a ese contrato, también lo dicen los informes, es imposible promover una nueva licitación, un nuevo contrato a pesar de que, bueno, Sr. Díaz, usted así lo anunció hace unos días. Igual que usted anunciaba una cosa otros miembros del gobierno anunciaban otra. Pero, desde luego, también lo dice el informe del interventor, promover una nueva licitación, un nuevo contrato, incluso supondría un perjuicio mayor para el concello.

Y, en tercer lugar, hay otra cuestión, en caso de que esa renuncia se pudiera llevar a cabo, que es la remunicipalización. Pero es que el propio interventor, en su informe, directamente dice y habla de la inviabilidad de la prestación directa del servicio por parte del concello.

Yo creo que tenemos todas las cartas sobre la mesa. Renuncia, requiere razones de interés público. ¿Constan? No. En cualquier caso ¿la remunicipalización es posible? No. Lo dice el interventor.

Y, en tercer lugar, ¿se puede promover una nueva licitación después de que se renuncie a este contrato? No, porque lo prohíbe la ley.

Claro, entonces díganme ustedes qué alternativa a la continuidad de este contrato existe hoy, sería, fundada y legal. Que me lo diga alguien, que me lo diga el gobierno. Porque desde luego, Sr. Rivas, la que usted plantea yo no la veo si el gobierno no aporta un informe que acredite lo que yo le estoy diciendo.

SR. DÍAZ DOCE: Vou comezar anunciando o voto favorable do grupo Socialista respecto da moción do Bloque Nacionalista Galego. Voto favorable porque, ó marxe dos matices que comentarei posteriormente, é unha moción que sustancialmente coincide coa posición do Partido Socialista respecto desta cuestión e que coincide sustancialmente tamén coa posición do Concelleiro de Servizos actual.

E coincide sustancialmente esta proposta, na que se fala de renuncia por interese público e posteriormente se fala de municipalización, a pesar das dificultades que evidentemente existen, se teñen amosado durante este tempo para que non continúe un proceso de contratación en curso, toda vez que existen poderosas inercias que empuxan cara á súa adxudicación. Parte desas inercias teñen que ver coa decisión que o Partido Popular tomou en outubro de 2012, á que facía referencia antes. Porque en outubro do ano 2012 o Partido Popular renunciou por interese público ós contratos en curso de suministro e mantemento porque se ía facer unha auditoría enerxética. Ese foi o motivo de interese público que serviu entón para renunciar por interese público ó contrato de mantemento e ó contrato de suministro.

Por tanto, toda vez que se renuncio no seu día a eses dous contratos de dous anos, que permitirían que este concello prestase eses servicios baixo cobertura legal, nos atopamos cunha situación que a día de hoxe e como se dicía, é certo, está advertida tanto polo secretario e polo interventor nos seus informes, non ten ou non é

sostible no tempo. E precisamente, esa cuestión da non sostibilidade do tempo da situación actual que, xa digo, é consecuencia e responsabilidade dunha decisión desastrosa que tomou o Partido Popular, porque, como dixeran antes, incluso tendo intención de facer o que fixo, o responsable tería sido adxudicar eses contratos de dous anos de duración e durante eses dous anos facer auditoría enerxética para despois contratar o proceso de contratación ou sacar o proceso de contratación que estimase oportuno, se así tiña os apoios para elo. Pero en lugar diso preferiu que o concello estivese durante catro anos recoñecendo extraxudicialmente facturas e que agora nos pon, cando hai que tomar unha decisión respecto deste contrato, na situación de que é certo, esta situación non ten continuidade no tempo.

Eu creo realmente, estou convencido e non estou convencido simplemente porque tivera esa convicción previa respecto deste contrato, senón tamén polos informes que teño recabado, escritos, orais e de todo tipo, que este contrato é susceptible de renuncia por interese público. O creo. O creo realmente. Existen razóns dabondo para renunciar por interese público. Algunhas delas se poñen de manifesto no propio informe do Interventor a que se fai referencia. Se fala de prazos excesivos indebidamente xustificados. Se fala dunha cuantía dun contrato, nun marco orzamentario socioeconómico da nosa cidade de declive, cando estamos falando dun contrato de quince anos. Todo eso se pon de manifesto no informe do interventor. E é certo que nese informe se fan dúas referencias a dúas cuestións que se explicitan. Por un lado a imposibilidade de facer unha nova contratación no caso de renuncia e, por outro lado, a imposibilidade ou a non viabilidade a curto prazo da remunicipalización.

Xa digo que no ano 2012 se renunciou por interese público porque se iba facer unha auditoría enerxética. Eu vou reproducir textualmente o que di o artigo 155 da lei. Xa o dixeran máis veces. Xa o dixeran máis veces, pero creo que é importante, no marco do debate de hoxe que quede claro.

A posibilidade de renuncia, é moi claro o artigo citado, que se admite sempre e cando se xustifiquen no expediente as razóns de interese público e se fundamenta, non, pero bueno, engade despois o artigo, "non poderá promoverse unha nova licitación -e remarco- en tanto subsistan as razóns de interese público alegado". Esa é a parte fundamental. "En tanto subsistan as razóns de interese público alegado". Polo tanto, e despois incluso profundizarei nesa cuestión. Pero, polo tanto, se as razóns de interese público alegado gardan coherencia cun novo proceso de contratación, existen exemplos dabondo en moitas Administracións de experiencias similares nese sentido.

E, evidentemente, se as razóns de interese público, a renuncia de interese público se argumenta e fundamenta entre outras cousas na excesiva duración do contrato, pois obviamente, no seu caso, dous contratos -xa non falaríamos de un nos mesmos termos, senón dous contratos que separasen suministro e mantemento, de prazos moito máis reducidos e que ademais permitisen facer ou plantexar esa prestación directa do servizo e incluso esa contratación directa do suministro por parte do concello nun prazo razoable, eu entendo que é algo que está sobradamente..., o que é perfectamente posible. E, polo tanto, é

unha cuestión de vontade política. E a vontade política do grupo Socialista e do Partido Socialista é clara neste sentido. Porque este contrato, adxudicar este contrato non é só a peor decisión que se poda tomar respecto deste contrato, é que sería unha das peores decisións que se tiveran tomado neste concello desde que chegou aquí a democracia porque, insisto, falamos dun contrato de quince anos. Quince anos. No ano 2030. É dicir, cando os rapaces -que cando o Partido Popular renunciaba no 2012- acaden a maioría de idade; é dicir, cando poida votar quen estaba facendo, cando o PP renunciaba a eses contratos, aínda estará vixente este contrato. Un contrato que saía a licitación por 40 millóns de euros, para entregarllos a empresas privadas e renunciando a calquera tipo de posibilidade de xestión directa deste contrato durante quince anos. E todo iso para facer un investimento de 5 millóns de euros. Falaba de 2. Son 5 millóns de euros en bombillas, sustancialmente, e na iluminación espectacular de edificios públicos, algo moi importante para a nosa cidade neste momento, tendo en conta a realidade social e económica que vivimos e para que eses supostos aforros enerxéticos que se producisen con toda esa cuestión fosen en beneficio da empresa ou empresas adxudicatarias. E esa é a realidade. A peor decisión que se pode tomar e que se ten tomado neste concello durante os últimos anos e, por tanto, a vontade deste grupo é clara. Existe a posibilidade de renuncia, en tanto estamos dispostos a explorar no marco do que se plantexa.

Eu introduzo os matices. Eu creo, así o pon de manifesto tamén o informe do Interventor, é a realidade, e outros informes, é a miña convicción tamén, que non é factible unha municipalización ou prestación directa do servizo mañá nin pasado, porque leva un tempo facelo e facelo ben e as experiencias doutros concellos dos últimos anos, onde se teñen producido procesos de municipalización de determinados servizos e prestación directa levan un tempo para facelo ben. Hai que dotar persoal, como dicía o Sr. Rivas. Os procesos de incorporación de persoal non son rápidos, exceptuando que se produzan..., como se fixo co Patronato ou co IMFACOFE e xa sabemos o resultado que veu despois. Estas cousas leva un tempo facelas ben. Pero en tanto se fan ben, en tanto coma o obxectivo político e o obxectivo da cidade de prestar un servizo municipalizado, prestalo directamente, porque ten aforros, porque nos plantexamos e programamos investimentos doutra maneira, toda vez que se teñen posto en marcha liñas de axuda para que estes investimentos que se incluían neste contrato os poidan facer os concellos. Porque está acreditado que aqueles concellos ou que este tipo de contratos, que nun determinado momento se plantexou como alternativa, ten sido desbotado en moitos deles. E, precisamente, quen no seu momento plantexaba este modelo mixto a dez anos, en todo caso, non quince como neste contrato, ten plantexado para que os prazos sexan menores. Porque se ten demostrado que non funciona e nós estamos a tempo de obviar e desbotar este contrato.

Vou finalizar. Xa digo que, en todo caso, todo isto sen obviar que a día de hoxe existe tamén unha posibilidade de desestamento, toda vez que nalgún dos informes existentes se plantexa esa opción. E incluso esa opción porque se pode ter detectado algún defecto no

propio proceso ou algún outro que ó mellor aínda non consta un informe, pero sobre o que se ten solicitado informes nestas últimas datas. A causa de desestimento xa nin sequera me pronuncio sobre ela. Porque toda vez que poda existir ou que se detecte por parte dalgún técnico municipal algunha causa de desestimento; é dicir, algún defecto legal nos pregos non subsanables, polo tanto estamos no propio proceso, é evidente que non se pode obviar. Nin que exista, pois sería obrigado de existir nese proceso e polo tanto despois se podería facer o que se quixera. Pero independentemente desa opción que está aberta, eu entendo que é factible a renuncia por interese público. E, precisamente, e xa remato, o que temos que entender é que se temos chegado ata hoxe -que é certo, vai un ano das eleccións, dez meses dende que este goberno está funcionando- é porque eu entendo que eses informes iniciais sobre que se pode facer, cales son as opcións, son obrigados. Agora sabemos todos, non só o goberno, o sabe todo o mundo, o sabe incluso a cidadanía, que temos a opción de desistir, de renunciar, de adxudicar o contrato. E sabemos que consecuencia ten cada unha delas e se hai algunha consecuencia adicional polo punto no que se atopa o proceso. Porque aquí tamén se ten falado ás veces desas indemnizacións. Eu non sei de onde xorden esas indemnizacións. Porque existen, xa digo, exemplos dabondo e renunciias por interese público onde esas indemnizacións non as hai. E ademais o artigo 155, -que se fai referencia sempre- e outros artigos, en ningún caso establecen ningunha diferenza independentemente do momento en que se atopa o proceso de contratación. Ese é o marco. Evidentemente. Evidentemente, pero esa é a realidade. Se non se fixese ben, o que hai que facer, pois, home, do mesmo xeito que sucede en calquera tipo de decisión que se toma pois pode ter as súas consecuencias. Pero é evidente que se pode facer ben. Simplemente, e remato, é unha cuestión de determinación que pola parte do Partido Socialista non vai deixar de haber. Moitas gracias.

SR. MONTES CELEIRO: Vexo que case todos estamos de acordo en que este contrato non nos gusta. Ferrol en Común mantén o seu compromiso cos obxectivos políticos da remunicipalización. Sabemos que existen informes, tanto de Secretaría como de Contratación, donde, en consecuencia, non procede o desestimento. Donde existen tamén informes donde non procede a renuncia. E da interpretación conxunta deses informes din que non é posible o desestimento, nin a renuncia nin tampouco a municipalización dos servizos. Pero aínda así nós mantemos a nosa confianza e queremos poñer en valor o traballo feito ata o día de hoxe polo Concelleiro actual de Servizos para tratar de xustificar ese interese público. E esa confianza se traduce na abstención nesta moción. Porque esa confianza vai emparellada á iniciativa política do goberno e non do BNG que, como ben dixo neste Pleno, é oposición.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Eu quero comezar por facer unha pregunta, a ver se alguén é capaz de respondela e que me expliquen e que me refiran concretamente cal é o informe que impide a renuncia a este procedemento. Cal dos tres informes públicos -e me refiro "públicos" ós que son dependentes da Administración Local- impide que se proceda á renuncia deste contrato, porque non sei cal é

ese informe. E quería facer algunhas matizacións, sobre todo o primeiro que vou facer é ler a proposta que traemos ó Pleno, porque dalgunhas intervencións creo que se está intentando escusarse na súa posición, cando eu creo que a proposta é bastante clara. E o acordo, o primeiro punto do acordo, o que di é que o Pleno do Concello de Ferrol acorda a renuncia ó contrato de suministro, servizos enerxéticos e mantemento das instalacións de alumado público exterior e dependencias municipais xustificando o interese público e carácter prioritario de dito servizo. Por tanto, non se pode renunciar ó contrato sen acreditar o interese público e, por tanto, para poder renunciar hai que acreditar o interese público. E se vostedes non queren renunciar ó contrato, en base ó argumento de que non está acreditado o interese público é porque realmente non teñen ningunha intención nin ningunha motivación para renunciar a este contrato. Porque creo que o argumento que aparece aquí enunciado, que aparece aquí reflectido, deixa claramente explicitado que para proceder á renuncia hai que acreditar o interese público. Eu non sei que é o que agardaban vostedes, se é que na moción acreditáramos nós algo que é imposible ó interese público deste servizo de suministro. Porque nós, é obvio que consideramos que este servizo de suministro eléctrico ten un interese público obvio. Agora ben, non somos nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, os que temos nin a capacidade, nin a posibilidade de acreditar ese interese público. Un interese público que se basea en varias cuestións. En primeiro lugar, porque estamos a falar de que é un servizo esencial e que é prioritario. Por tanto o interese público parece obvio. Que no Concello de Ferrol nos quedemos sen electricidade, creo que é unha razón bastante clara e obvia de que o suministro eléctrico é un servizo de interese público.

En segundo lugar, porque un servizo de interese público se acredita mediante a súa xestión máis eficaz e sustentable que mediante unha xestión externa. E se o que estamos a falar é que fronte ós quince anos, que os informes presentados consideran que non se ten acreditado suficientemente esa duración. Se fronte a eses quince anos, para a contratación desa enerxía eléctrica mediante un intermediario, o que estamos a propoñer é que se contrate de maneira directa, evitando os custos dos intermediarios e desas comercializadoras, creo que é unha obviedade tamén dicir que é máis eficaz facelo desta maneira que mediante un intermediario, que supón un 20% de custos maiores se se fai a través da súa proposta. Porque os límites, ademais, que se establecen na lexislación dos catro anos para este contrato e que na súa proposta se desenvolven ó longo de quince anos, non se xustifican en nada. Non se xustifica en nada que estea acreditado o feito de que ese contrato se teña que desenvolver ó longo de quince anos, cando o límite se establece en catro. Porque se isto se xustifica exclusivamente en base á amortización dos investimentos, non é un argumento. Os investimentos que se poidan facer a través deste contrato teñen como límite dez anos. Habería que xustificar, en todo caso, que se supera ese límite dos catro anos en base a eses investimentos. E, en todo caso, eses investimentos non ten porque amortizarse en base á mesma empresa concesionaria, senón que podería chegar unha nova empresa concesionaria e, en todo caso,

asumir a parte correspondente á amortización do investimento que desenvolvese a primeira.

Por tanto, non existe ningún argumento que poida xustificar que o contrato se prolongue máis aló dos quince anos e parece obvio que o feito de que poidamos contratar a enerxía desde a Administración Local evidencia que estamos a desenvolver unha xestión máis eficaz e sustentable e que, en todo caso, se se fixera en períodos de tempo moito máis curtos estaríamos a falar xa dunha xestión moitísimo máis eficaz que na proposta, que agora o que pretendemos é renunciar ó seu desenvolvemento.

En segundo lugar, quero referirme a un informe ó que se ten referido creo que a totalidade dos grupos municipais, e é o informe da Intervención municipal.

En primeiro lugar dicir que a Intervención municipal, como o resto de informes, tanto a Secretaría como o Servizo de Contratación consideran que a renuncia é viable.

En segundo lugar dicir que a inviabilidade da prestación deste servizo por parte da Administración Local, por parte do concello, dicir que eso é inviable e que por tanto a remunicipalización deste contrato non é posible en base ó informe da Intervención, é unha afirmación cando menos cuestionable. E é cuestionable por unha razón moi sinxela. Porque o informe da Intervención se está a referir exclusivamente ó servizo de mantemento e instalacións eléctricas. Non se está a referir ó suministro eléctrico. Por tanto, o informe da Intervención municipal se refire exclusivamente a unha parte do contrato e xustamente á parte que ten menos custes económicos. Non fai referencia ningunha á remunicipalización do servizo de suministro que supón máis do 50% do contrato. Por tanto, falamos dun informe que é parcial e que non contempla a posibilidade de remunicipalización, a parte máis grosa do contrato e que, por tanto, poderíamos asumir a decisión, en calquera caso, de subdividir os contratos: Suministro eléctrico e mantemento desas instalacións eléctricas.

Creo ademais que o feito de considerar que non é factible contratar a tres persoas, e poño a tres persoas polo exemplo que citei antes e que é a maneira en que se está a facer en concellos coma ó que antes me refería, para xestionar a compra de enerxía eléctrica de maneira directa por parte da Administración Local, non precisa de tanto tempo para poder desenvolver esta decisión e menos de estar anos soportando unha situación de interinidade cun contrato que non se acababa de efectivizar e ademais polo feito de que sería a opción máis rápida se asumimos que o contrato que se pretende aprobar por parte do goberno, ou cando menos se ten anunciado que se pretendía aprobar por parte do goberno, é inasumible. Porque calquera outra alternativa suporía a creación ou o desenvolvemento de novos contratos, medinte pregos que levarían, se temos a intención de facelo, máis tempo desenvolveselos que desenvolver un procedemento de contratación de exclusivamente tres persoas que puideran xestionar a contratación directa da enerxía eléctrica por parte desta Administración Local.

E creo que con todas estas argumentacións, con todos estes informes e con todos os debates que xa temos desenvolvido ó longo de meses neste Pleno municipal en relación a este tema, se os que hoxe

estamos aquí non adoptamos a decisión de renunciar a un contrato, que parece que todas e todos asumen que é inasumible, é porque non queremos facelo. Porque a renuncia é factible. Os informes así o avalan. A posibilidade de contratar personal é factible. Os informes así o avalan e o coste para poder desenvolver estas decisións son factibles e non suporían ningunha carga económica para este concello e os informes así o avalan e, por tanto, o que quedaría é desenvolver aqueles expedientes e aqueles documentos que serían necesarios para iniciar este proceso. O primeiro, declarar o interese público. Non o pode facer un grupo da oposición e menos a través dunha moción. Terá que ser un técnico municipal o que avale ese interese público, para poder acreditar esa renuncia. E, segundo, desenvolver os mecanismos necesarios a través dos cales esta Administración Local contrate o persoal que xestione ese servizo. Estase a facer no momento actual. Vostedes están a contratar a persoal para cubrir necesidades urxentes que se poidan desenvolver neste concello, como vai acontecer agora neste período electoral. Por causas e urxencia e por causas que son inaprazables. Se pode facer. Se pode contratar unha interinidade para desenvolver estes traballos, aínda que posteriormente se desenvolva un proceso reglado e que convirta a esas persoas ou a outras en persoal funcionario deste concello para dar un servizo que é básico para os veciños e veciñas do concello. Moitas grazas.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Con la mayor brevedad voy a decir. Efectivamente, Sr. Rivas, casi todos estamos de acuerdo. Ahora bien, simplemente y somos oposición también, yo nada más insto al gobierno que, efectivamente, si trae unos informes que avalen la necesidad, el interés público y la sostenibilidad, Ciudadanos tendrá un voto positivo a todo esto. Gracias.

SRA. ANEIROS BARROS: Gracias, Sr. alcalde. Bueno, la verdad es que yo creo que todos coincidimos en todo y cada uno dice lo que dice. Claro, los informes avalan, avalan, avalan. Los informes dicen que la renuncia es viable. Claro. Pero la renuncia es viable siempre y cuando concurren razones de interés público que estén justificadas y acreditadas. Y yo me pregunto. En un año este gobierno ha acreditado esas razones de interés público que son necesarias para renunciar a este contrato. Es así de sencillo, Sr. Rivas. Es que yo no le estoy pidiendo a usted que traiga aquí el informe. Claro que no es su competencia. Yo lo que estoy diciendo, Sr. Díaz, es que si usted está tan convencido dónde está el informe que acredita las razones de interés público. Es que son ustedes los que están gobernando. No está gobernado el Partido Popular. Entonces, traigan una alternativa, traigan otra opción, traigan una decisión adoptada en base a unos informes que acrediten esos motivos que pueden justificar una renuncia. Es así de claro. Es que llevan un año gobernando. Llevan un año divagando en estas cuestiones, pidiendo informes que podrían tener todos en el plazo de un mes, mes y medio y llevamos un año sólo para solicitar unos informes que nos dicen que la renuncia es viable si concurren razones de interés público. Bien, ¿hay razones de interés público? Pues hombre, a nosotros de momento aquí no nos han entregado ningún informe que así lo diga. Yo creo que es una cosa muy simple y sencilla.

Por otro lado, si se renuncia qué opción hay. Es que la remunicipalización, Sr. Rivas, lo que dice el Interventor es que no es viable. A mí, que usted interprete que lo que él está pensando es una cosa u otra, hombre, lo tendrá que decir él. No creo que sea usted el que interprete los informes del Interventor. Porque eso no lo dice en ningún sitio. Pero, bueno, puede interpretarlo y veremos si es así.

Y yo, simplemente y para terminar, quería aceptar una cuestión, que creo que es bastante significativa. Y voy a citar un ayuntamiento. Un ayuntamiento muy próximo a nosotros y bastante más pequeño que el nuestro, que es el Ayuntamiento de Carballo. El Ayuntamiento de Carballo, el año pasado, en el año 14, aprobó un contrato, un contrato mixto. Un contrato de suministro de energía eléctrica y un contrato de mantenimiento. Es decir, un contrato similar a este contrato al que se quiere renunciar. Un contrato que fue adjudicado concretamente, Sr. Rivas, a la UTE Ferrosfer Ferrovia. Un contrato, Sr. Rivas, Sr. Díaz, que se licitó y se adjudicó por casi doce años. En Carballo, doce años, en el año 14. Un contrato que un año después de estar en vigor el Ayuntamiento de Carballo dice: "Ojo, Carballo es el primer concello galego que cumpre coa normativa que a Unión Europea fixa para alumbrado público e que persegue mellorar a eficiencia do aforro enerxético. O primeiro Concello galego que cumpre coa normativa da Unión Europea". Eu non o digo, o di o Concello de Carballo. "A redución do consumo eléctrico, despois dos primeiros meses de balance, co novo sistema implantado pola empresa concesionaria, a UTE Ferrosfer Ferrovia cifra nun 80%, o que suporía unha redución na factura de 150.000 euros ó ano". En el caso de Carballo que, evidentemente, en el Concello de Ferrol los importes son superiores.

Y la verdad es que en mayo, o sea que en el año 14, Sr. Díaz, en Carballo se produjo la peor decisión de la democracia que pudo tomar Carballo en ese Pleno, cuando aprobaron esa licitación y cuando posteriormente la adjudicaron. Esto es lo que dicen ellos en Carballo. Y ahora usted me dirá: ¿Será que gobierna el Partido Popular en Carballo? Pues, miren, quién gobierna en Carballo es el Bloque Nacionalista Galego. -Sr. Rivas, creo que a lo mejor tendría que hacer una llamada al alcalde del BNG del Concello de Carballo, que aprobó un contrato similar a éste del que estamos hablando, por doce años. Por cierto, la continuación de este contrato -el de Ferrol- no son quince años. Supondrían algo más de trece años, no quince. Porque hasta en eso no son rigurosos. Doce años de contrato de suministro y de mantenimiento eléctrico en el que dicen aquí que es el primer concello que cumple con la normativa de la Unión Europea, con unas reducciones en consumo eléctrico, como les acabo de decir, de un 80%. Un balance al cabo de un año. Este último año. Yo no gobierno en Carballo, el Partido Popular no gobierna en Carballo. Creo que es más fácil para usted, Sr. Rivas, que hable con ellos y que le expliquen por qué un partido del BNG opta por esta decisión en vez de por la que usted está proponiendo aquí. A lo mejor tiene que ver que usted está en la oposición y el Alcalde de Carballo está gobernando. Y el Alcalde de Carballo, quiero pensar que toma estas decisiones pensando en el bien de sus vecinos. Usted, como está en la

oposición, puede permitirse el lujo de manter esa oposición que mantene hoy y que a lo mejor si estuviera gobernando no podría adoptar, como usted bien sabe.

SR. DÍAZ DOCE: En primeiro lugar, eu non teño moi claro realmente se o Partido Popular, entendo que si, á parte do proceso de contratación que puxo en marcha, pero ás veces hasta me quedan dúbidas se realmente todos compartimos e todos pensamos o mesmo. Non, todos non pensamos o mesmo. Eu teño claro que se nalgún momento neste Pleno se plantexa unha renuncia por interese público ou un desestimento deste contrato, bueno, xa non vou falar do seguimento, porque obviamente estaríamos falando dunha posibilidade, pero teño claro que se nalgún momento se plantexa unha renuncia por interese público neste Pleno os votos do Partido Popular, bueno, dificilmente van ir apoiando esa decisión. Pero, bueno, evidentemente, eso o digo eu.

Respecto do tema de Carballo, primeira cuestión, porque, claro, me resisto. No sei por que hai que asumir, de feito, obviamente eso non é así, que se en Carballo son doce anos, en Ferrol teñen que ser máis anos. Evidentemente en Carballo, se dixó, son doce anos. Mal feito por Carballo e seguramente están moi contentos hoxe, haberá que preguntarlles no ano 2028. Por cada exemplo que hai de contratos mixtos coma este, modelos de empresas de servicios enerxéticos. Por cada caso que hai nos últimos anos, que prosperou, hai cando menos tres que foron desbotados. E eso, simplemente hai que consultar cos expertos para saber que fronte a un determinado momento no que se plantexou esta como a única alternativa para que os concellos cumplan coa lexislación e a Directiva de Eficiencia Enerxética que está aí establecida, que nun determinado momento se plantexou como única alternativa e foron moitos os concellos que optaron por esta vía, moitos deles a desbotaron polo camiño e a día de hoxe é unha excepción que se adopten ou que se procuren novos procesos de contratación neste sentido. E, xa digo, o propio IDEA, o Instituto de Aforro Enerxético, ten posto en marcha axudas para que precisamente, como alternativa ós concellos que non vían esto como unha alternativa, podan implantar esas medidas de aforro enerxético.

Por outra banda se fala de aforro enerxético do 30%. Pois moi ben para a empresa. Porque ese aforro, no caso de Ferrol, no caso de que houbera un aforro do 80%, ese é aforro da cidade e en beneficio da empresa adxudicataria. Porque os aforros enerxéticos é o sentido deste contrato. Os aforros enerxéticos que se producen van en beneficio da empresa adxudicataria. Se aforramos moito a empresa saca moito diñeiro e se aforramos pouco a empresa pouco diñeiro. Precisamente, teoricamente neste modelo ese é o incentivo que ten a empresa para facer as cousas ben. Eso é o que hai detrás deste modelo. Entón, claro, se hai moito aforro, pois a empresa estará encantada. En todo caso. Para matizar a cuestión do interese público. Eu, xa digo, no ano 2012 se renunciou por interese público cunha xustificación que era que se ía contratar unha auditoría enerxética. Pero é que aquí falamos que se renuncia por interese público como se estivésemos falando de que fai falla un expediente pedido á Universidade de Harvard. Non é certo. As cousas de renuncia por interese público están sobradamente expostas, mesmo no informe do

Interventor. E, insisto, a cuestión sempre se plantexou e aí é donde pode haber diferentes opinións, ou diferentes interpretacións, ou unha vontade máis decidida ou non, respecto da situación o día despois desa renuncia. Porque estamos nunha situación insostible, como así se ten manifestado. E esa situación é insostible ante unha posibilidade de municipalización, que dende o Bloque Nacionalista Galego se entende que é susceptible de abordar nun curto prazo. O interventor entende que non é tan factible no curto prazo e que, en todo caso, é unha cuestión que tamén se pode debatir. E, por outro lado, sobre a posibilidade ou non de facer unha nova contratación. Pero o Bloque Nacionalista Galego, mesmo na súa propia alternativa o plantexa, eu creo que é así de viable. Porque plantexa a municipalización ou prestación directa polo concello ou contratación directa polo concello do suministro eléctrico ó mesmo tempo que saca un proceso de contratación para o tema do mantemento eléctrico. Evidentemente, se as causas de renuncia por interese público, independentemente de que se poda declarar interese público deste servizo, -estamos falando de renunciar, razóns de interese público para fundamentar a renuncia- non son contradictorias, con sacar dous novos procesos de contratación e mesmo están nesa liña, -dous novos, ou tres, ou un novo-, como así se ten plantexado e sucedido moitas veces, pois non haxa ningún problema. Pero, en todo caso, esa é a cuestión, a alternativa o día despois.

En todo caso, e remato, eu espero que como toda vez que o sentir maioritario desta Corporación é que este é un contrato lesivo para este concello e toda vez que teño a convicción de que é realmente posible non adxudicar este contrato e que, polo tanto, ese sentimento maioritario que existe, tanto na Corporación como na cidadanía é realmente factible levalo á práctica, agardo que en breve sexamos capaces de facelo. En todo caso, porque aquí se fala que levamos un ano para renunciar, porque se ía contratar unha auditoría enerxética, aínda levamos cinco meses de ventaxa respecto do que fixeron vostedes. Porque para un contrato de 3 millóns tardaron dezaoto meses. Nós para un contrato de 40 millóns pois ó mellor precisamos algún tempo menos. Moitas grazas.

SR. MONTES CELEIRO: Bueno, o que quedou claro hoxe neste debate e que creo que coincidimos todos os grupos, é que o que hai que tratar é de xustificar ese interese público. Entón, reiterar a nosa confianza no traballo feito ata o día de hoxe, donde agardamos que brevemente esa xustificación sexa posible para pasar do "eu entendo" a esa xustificación.

Ó BNG eu tampouco lle reprocharía a súa posición. Hai uns versos de Pessoa donde di que "o poeta é un finxidor que escribe o que sente". Eles o senten así. Hoxe aquí en Ferrol eu pediríalles eso, que sigan tendo confianza neses informes da xustificación que nos aportará o actual Concelleiro de Servizos, cheguen e daquela pois poderemos estar nunha desas opcións que plantexaba ó principio, que había -creo que dicía- tres opcións. De momento estamos na cuarta, que é un servizo sen contrato e extraxudiciais de crédito. Nada máis.

SR. RIVAS RICO: Eu, en primeiro lugar, para empezar polo máis sinxelo e o máis simple, dicir, bueno, eu recomendaríalle á Sra. Aneiros que se centre no Concello de Ferrol, como facemos nós.

SR. ALCALDE: Por favor, manteñan silencio. Por favor.

SR. RIVAS RICO: É que da súa intervención parece que vostedes están nunha situación diferente a nós. Vostedes están na oposición eh?, recórdollo. Igual que nós. Por tanto, vostede me recrimina a min que eu fago isto porque estamos na oposición. Pero é que vostedes, estando na oposición toman a decisión de decidir que a renuncia non é unha alternativa. Supoñendo que a posición ... -tranquilícese un pouco, home, que non pasa nada. Se temos toda a noite.

SR. ALCALDE: Manteñan a orde, por favor, respeten o debate.

SR. RIVAS RICO: Digo que vostedes desde a oposición son capaces de asumir que a renuncia non é unha alternativa. Esa é a súa posición e o problema é que esa posición a comparten cunha parte do goberno e a comparten co grupo de Ciudadanos, porque eu, repítoles o que se propón na moción, e é a renuncia, xustificándoa no interese público. Por tanto, se non se xustifica é imposible que podamos renunciar a ese contrato e, por tanto, o que estamos a propoñer aquí é un obxectivo político, ó que vostedes renuncian. Vostedes renuncian a ese obxectivo político. Da mesma maneira que o fai unha parte do goberno e da mesma maneira que o fai o grupo de Ciudadanos.

En segundo lugar, quero referirme á cuestión que se comenta en relación co informe da Intervención. Porque eu esto creo que é importante que quede clarificado. E é que o que estamos a facer nós non é poesía e menos unha interpretación. O que estamos é a ler o informe da Intervención municipal. Informe da Intervención municipal no que ten que ver co que é a remunicipalización. A xestión directa por parte do concello fai unha mención explícita e limitada exclusivamente ó que ten que ver co mantemento das instalacións eléctricas. E é tanto así que nese informe se explica de maneira literal que no referente ó segundo aspecto da consulta; é dicir, sobre a situación na que quedaría o servizo de mantemento das instalacións eléctricas e suministro eléctrico se producise unha eventual renuncia, previa xustificación de razóns de interese público. A contratación en curso considera que habería que incorporar a este concello quince postos de traballo. Tendríamos quince postos de traballo. Os que se recollen nos pregos que vostedes mesmos teñen elaborado e que se limitan exclusivamente ó mantemento das instalacións eléctricas no concello. Por tanto, non existe unha referencia ó suministro e á xestión do suministro eléctrico no concello.

É obvio que por tanto este informe é un informe errado. Non estamos a facer ningún tipo de valoración. Este informe é un informe parcial, se refire exclusivamente a unha parte dese contrato e non á parte fundamental do contrato que é o que ten que ver co suministro eléctrico e que supón a metade dos custes do servizo.

Eu unicamente quixera rematar cunha cuestión. E é que para nós este é un dos aspectos, xunto coa xestión doutro dos servizos fundamentais para esta cidade, como é a xestión do abastecemento e a xestión do saneamento nesta cidade, que as condicións e as particularidades nas que se teñen desenvolvido e nas que nos atopamos

no momento actual permitirían que servizos esenciais e fundamentais para os veciños desta cidade poidan ser xestionados e desenvolvidos doutra maneira. Se os que hoxe estamos aquí renunciámos a esta posibilidade estamos renunciando e estamos provocando un perxuízo moi grave ós intereses non só dos veciños e veciñas no momento actual senón das próximas décadas.

Por tanto, pídlles que esta decisión non sexa unha decisión que se tome sen reflexionar sobre o que hoxe estamos a facer aquí e que cando menos valoren a posibilidade de proceder a esta renuncia para a prestación deste servizo. Moitas grazas.

SR. ALCALDE: Moitas grazas, Sr. Rivas. Unha pequena réplica, se me permite. Logo che dou a contestación se queres.

Para fixar a nosa posición como grupo, nós imos absternos á proposta da moción, non porque non esteamos de acordo na mesma, pero nós consideramos que politicamente, como quedou aquí manifestado por toda a Corporación, este contrato é lesivo para os intereses do concello, pero a renuncia ten que quedar acreditada en función de que o beneficio que se obtería sería maior ó prexuízo do actual contrato. Unha vez que ese documento estea a disposición deste goberno, que é o que goberna, si que dende logo ese documento se obtén onde a renuncia queda clarificada, nós imos votar a favor da renuncia.

Quero tamén significar que, bueno, tamén o Concelleiro de Servizos nalgunha reunión con algunha empresa e co Instituto Tecnolóxico de Galicia, que foi o que fixo a auditoría, estes contratos están en extinción, non se están a aplicar na maioría das cidades e que se aforra en beneficio industrial e non estaríamos sometidos á hostilación do prezo da enerxía e os avances na tecnoloxía non quedarían atados por este contrato. Pero, bueno, como digo, cando estea acreditado que a renuncia é posible en función do interese público, como marca a lei. Se temos un informe que así o acredite, farémolo.

Tamén quero facer unha pequena reflexión respecto a un efecto colateral. Hai quince traballadores que levan o mantemento eléctrico a día de hoxe, que non poderían seguir no seu posto de traballo, o sea que a xestión directa non permite a subrogación. Pero bueno, hai que valorar todos os extremos e en función deso tomar unha decisión.

SR. RIVAS RICO: Eu, se me deixa. Unicamente dicir que esto de que vostedes levan con esta cuestión de que non poden, non poden, pero levamos con isto non sei cantos temas. Porque o Plan Especial de Ferrol Vello tamén tiñan que aprobalo. Agora a cuestión do suministro eléctrico, os convenios nominativos tamén, que viñan dados; a prórroga do contrato de xestións de espazos verdes no concello tamén, non tiñan outra opción; a xestión dos espazos culturais tamén, non tiñan outra opción. Por tanto, é que eu non sei que é o que están a facer en base á súa vontade, porque todas as decisións que están a tomar as fan contra a súa vontade e cando teñan a oportunidade de tomar unha decisión, que para poder tomala teñen que acreditar ese interese público non a toman. Por tanto, a renuncia só é posible se acreditan ese interese público. Entón, non entendo cal é a razón pola cal vostedes se negan a asumir como obxectivo político a renuncia a este procedemento.

E, por último, dicirlle que esto non consiste en decidir se isto é máis -non sei que termo empregou- beneficioso..

SR. ALCALDE: Si, o que pon o informe do interventor.

SR. RIVAS RICO: Vamos a ver, estamos falando de dúas cousas diferentes. Estamos falando de acreditar o interese público e despois estamos falando de acreditar a eficacia ou a xestión eficaz. Agora, o interese público non se ten que acreditar exclusivamente a través da xestión eficaz do servizo nin do suministro. Por tanto, tampouco creo que sexa unha cuestión tan, creo que xa o comentei algunha vez, non creo que faga falta facer unha tese doctoral para considerar que a enerxía eléctrica neste concello é unha necesidade básica e fundamental para os veciños e veciñas desta cidade, porque senón é que non vamos a poder, xa non digo encender a luz, encender o ordenador.

SR. ALCALDE: Moi ben. Eu ratifico que cando o interese público estea acreditado documentalmente e xustifico será cando votemos a favor.

12.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS RELATIVA Á COLOCACIÓN DE PANEIS OU TABOLEIROS PARA CARTEIS NOS PERÍODOS ELECTORAIS.-

Examinada a moción que presenta o grupo municipal C's, que textualmente di: "O grupo municipal Ciudadanos, ó amparo da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu estudo e posterior aprobación.

Exposición de motivos:

En cada período electoral, os partidos políticos recurren a pegar carteis en muros e valados, que en ocasións permanecen meses, incluso anos. Este feito da unha mala imaxe a Ferrol, que parece descoidada e sucia.

Por elo é completamente necesario que se designen lugares debidamente sinalizados e indicados para tales efectos, así como a colocación de paneis ou taboleiros habilitados para la pegada de carteis e propaganda electoral.

Esta iniciativa non é nova, xa que en numerosos concellos xa fan uso deles, como é o caso de Narón. É necesario un compromiso por parte de todos os grupos municipais para manter a nosa cidade limpa e atractiva, mantendo uns principios estéticos e medioambientais que se amosen á altura da nosa cidade, Ferrol.

Polo tanto dende o Grupo Municipal Ciudadanos solicitamos a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ó Concello de Ferrol á colocación de paneis ou taboleiros para propaganda electoral en lugares habilitados para tales efectos, nos períodos electorais."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de nove votos en contra, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común e Socialista, fronte a un voto a favor, correspondente ó grupo Ciudadanos e once abstencións, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Popular e Bloque Nacionalista Galego, acordou rexeitar a moción transcrita.

DELIBERACIÓN

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: La moción es muy breve, yo también seré muy breve.

Simplemente expongo y pongo por delante que no es mi intención, en caso de aprobarse esta moción, que sea para las elecciones del 26 de junio. Evidentemente es una cuestión simplemente de capacidad de tiempo y no la hay. Pero lo que sí, es la reflexión de que efectivamente llevamos un año con tres elecciones, vamos para la tercera y después para la cuarta en otoño y sí es cierto que lo que tienen las campañas electorales es no solamente que es mucho más limpio, evidentemente, el colgar de las farolas algún cartel, sino también pegarlo en las fachadas. Y, en ese sentido, me llama la atención y debemos tomar ejemplo de otras ciudades muy cercanas, como el pueblo de Neda, no sé si en Fene, pero sí en Narón, que utilizan paneles, porque no voy a inventar yo ahora mismo la pólvora. Simplemente paneles y sitios ya habilitados, que sirven para colocar esos mismos carteles y después, acabada la campaña, desaparecen, porque yo estoy por casi apostar que seguro que los de la campaña del 20 de diciembre todavía están. Pero yo creo que nuestra campaña de hace un año, yo creo que si buscamos también hay carteles que todavía persisten.

Entonces, creo que es una cuestión de limpieza de la ciudad, de mantener las fachadas limpias, de no tener carteles durante meses indebidamente, porque cansan al ciudadano. Y, entonces, simplemente pido que se acuerde y se inste al concello en este caso para que se habiliten con el tiempo unos tableros y unos paneles para que la propaganda electoral pueda colgarse y habilitarse y después se retire.

Dije que voy a ser breve y lo mantengo. Espero el apoyo de todos, porque es una cuestión, yo creo, que de limpieza de la ciudad y, en todo caso, por un principio estético.

SR. RIVAS RICO: Únicamente decir, e xa comentou a proponente que esta é unha proposta que non chegaría a tempo para estas eleccións, porque creo que xa están establecidos cales son os ámbitos nos que se pode desenvolver a publicidade ou a propaganda electoral e que, por tanto, eu creo que, en todo caso debería ser susceptible de valoración e de análise máis específica e concreta de cal é o modelo de espazos que queremos habilitar para que esto sexa efectivo. É dicir, si imos a recurrir a taboleiros amplos, a vallas, a espazos, non sei, creo que deberíamos concretar un pouco cal é o modelo que estamos a propoñer e en base a ese modelo tomar unha decisión. Por eso que nesta proposta nós ímonos abster, estando de acordo en que o deterioro estético e medioambiental que supón empapelar a cidade de cartelería ó longo destas campañas electorais é inasumible. Pero considero que debería ser cando menos susceptible dunha maior concreción dos espazos a habilitar para este fin.

SRA. SESTAYO DOCE: Gracias e perdón polas cuestións loxísticas. Non imos apoiar esta iniciativa, pero non porque efectivamente vaíamos entrar no fondo da cuestión senón, como se acaba de plantexar tamén polo Bloque Nacionalista Galego, é unha iniciativa que non chega para este proceso electoral. Ademais neste proceso electoral hai un compromiso por parte de varios partidos, entre eles dende logo

o Partido Socialista, de redución de custes electorais e redución de gastos electorais e, polo tanto, isto implicaría unha inversión, ademais dunha concreción, efectivamente, dos paneis ou dos taboleiros ou do sistema no que tería que apoiarse a propaganda e publicidade electoral e, polo tanto, consideramos que non é unha urxencia que demande a cidadanía de Ferrol neste momento. E por eso, sen perxuízo de que se poda debatir nalgún outro momento o lugar, a forma en que se teña que producir a propaganda electoral ou a publicidade, cremos que non procede neste momento. Grazas.

SR. ALCALDE. Moitas grazas. Salteime o turno do Partido Popular, me temo. Quere utilizalo?

SRA. ANEIROS BARROS: Breve, muy breve. Solamente cuestionar un tema y es que desde luego nosotros no tenemos ningún inconveniente en que se instalen esos paneles, esos tableros para la propaganda, pero, claro, con el contenido de la exposición de motivos lo que se vislumbra es un caso en el que prevé la posibilidad de prohibir pues las pegadas de propaganda electoral en la ciudad, en el mobiliario y demás. Evidentemente esto requeriría una modificación de la ordenanza de limpieza, que supondría pues una tramitación administrativa. Por otro lado, creo que con la aprobación de esta moción no sería suficiente. Desde luego nosotros no tenemos inconveniente en la instalación de esos paneles, pero creo que habría que abrir, en todo caso, un debate que afectaría a esa ordenanza de limpieza, en cuanto a la prohibición o no de pegadas de carteles electorales en el resto de inmuebles. Con lo cual, nosotros manifestar simplemente la abstención a esta moción.

SR. MONTES CELEIRO: Tamén brevidade. Eu creo que o que sería necesario é unha profunda reforma da Lei electoral e dos espazos, porque eu creo que existe unha inferioridade evidente entre os partidos pequenos ou partidos sen representación e os que si a teñen, polo propio feito do reembolso que lles proporcionan as contas públicas e o mesmo sucede cos espazos que se habilitan. É fácil dar unha visión á cidade nos espazos de farolas, que son máis caros que o de pegar carteis, e sempre suelen estar os partidos que teñen máis financiación á hora de facer as súas campañas.

Logo tamén dicir que o tema, estou vendo que certamente recaen sobre os concellos moitos custes do que son as campañas electorais, como son as notificacións das persoas que son membros das mesas e neste caso nas eleccións pasadas, por exemplo, houbo que pagar uns 5.000 ou 6.000 euros solo en notificacións dos membros da mesa e eso sempre recae nos concellos e aquí o que se fai moitas veces é trasladar esa cuestión ós concellos, que creo que debería asumirse un pouco máis dende as xuntas electorais e non recaer nos concellos.

Bueno, tamén para continuar co tema da moción imos a votar en contra da moción, pero si que estamos dispostos a abrir ese debate para nas futuras eleccións abrir eses espazos. Espazos que nalgún caso houbo na cidade -aínda hai- de expresión artística ou expresión libre e que creo que sería bo retomar e non so unicamente para cuestións relacionadas con propaganda electoral.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Sí, brevísimo también. Yo, vamos a ver, ya puse por delante que efectivamente ese gasto no iba a ser para ahora, porque es evidente que ahora mismo ya no es viable. Ahora

bien, sí estaba pensando en la campaña de otoño, de octubre, sí, o de noviembre.

En todo caso, está claro que los paneles, si una Junta Electoral en principio ya hoy en día marca los lugares y los puntos en donde sí se puede poner ese tipo de carteles en las fachadas, es evidente que los tableros pueden estar situados en el mismo sitio y ocupando un cierto espacio. Quiero decir, yo ahí no le veo ningún impedimento a que la moción salga adelante. Un debate o una reflexión mucho más profunda sobre el arte urbano o sobre si..., bueno, la verdad, Sr. Montes, no lo participo.

En todo caso yo hablaba de limpieza de la ciudad y estética y sigo manteniendo la necesidad. Evidentemente, como no soy el gobierno, que soy de la oposición y además soy una, pues votaré a favor de mi moción. No obstante les insto, ya que quizá no salga aprobada, aunque soy muy optimista y aún a lo mejor les convenzo, pues les insisto en que desde luego, como gobierno, lo estudien en todo caso y hagan algo. Gracias.

13.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE CIUDADANOS RELATIVA A SOLUCIONAR O PROBLEMAS DE APARCAMENTO NO CENTRO DA CIDADE.- Examinada

a moción que presenta o grupo municipal de C's, que textualmente di: O grupo municipal Ciudadanos, ó amparo da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu estudo e posterior aprobación. Exposición de motivos:

O proceso de peonalización do centro da cidade percíbese con gran preocupación por parte das asociacións de veciños, hosteleiros e comerciantes. Aunque moitos deles non se opoñen a unha futura peatonalización, reclaman que antes de iniciar o proceso, se solucionen os grandes problemas de aparcamento no centro, se dote dun bó servizo de transporte público, e se garanticen as zonas de carga e descarga.

É importante protexer o histórico comercio do centro, que otorga vida ás rúas, facendo que sexan máis atractivas para os transeúntes. Non debemos de esquecer, que moita da xente que merca no centro, provén da zona rural, barrios máis alexados do centro ou incluso turistas, e se encuentran con grandes problemas para aparcar, polo que optan por ir a comprar ós grandes centros comerciais, coma o de Narón.

A petición de moitos veciños, comerciantes e hosteleiros, reclámase que ó menos se manteña o parking da Praza de Armas tal e como se contemplou desde un inicio no Plan de Mobilidade e Espazo Público de Ferrol.

Na comisión de Urbanismo de 27/04/2016 se presentaba a os grupos municipais o **Prego de Prescricións Técnicas** e no seu punto número 3 garantiza plantea a supresión do parking subterráneo, polo que quedan claras as intencións do goberno local. Tanto polo orzamento consignado como polo redactado do propio prego de condicións queda excluída a opción do parking, posibilidade que a Consulta Cidadá si contemplou posteriormente.

Unha reforma da Praza de Armas sen parking ten unhas consecuencias de futuro importantísimas xa que modificacións posteriores fanse moi complicadas sen un enorme desembolso económico. Debemos aprender dos erros cometidos anteriormente na Praza de España por iso é necesario un proxecto serio, responsable e de continuidade. Polo tanto dende o Grupo Municipal Ciudadanos solicitamos a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

-Instar ó goberno local a que por medio da Mesa Local de Comercio e as Asambleas de Barrio, se informe das solucións de parking no centro e do transporte urbán, ademais de que se escoiten propostas e problemas dos colectivos implicados.

-Instar ó goberno local para que no proceso de remodelación da Praza de Armas se manteña o parking subterráneo, tal e como se contemplou desde un inicio no Plan de Mobilidade e Espazo Público de Ferrol."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de doce votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Popular e Ciudadanos, fronte a once votos en contra, correspondentes ós sres./as. membros de Ferrol en Común, Socialista e Bloque Nacionalista Galego, acordou aprobar a moción transcrita.

DELIBERACIÓN

A deliberación deste punto fíxose coxuntamente coa do punto nº 10, no que aparece recollida.

14.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA SALVAR A RÍA E SOBRE A LICITACIÓN DO ACCESO FERROVIARIO Ó PORTO EXTERIOR.- Examinada a moción que presenta o grupo municipal do BNG, que textualmente di: "

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción

Exposición de Motivos

A decisión de licitar o aceso ferroviario ao porto exterior seguindo o trazado sur, alternativa escollida por Fomento só vai aumentar a degradación da ría e da enseada da Malata, que soporta un sector importante na cidade como é o relativo ao marisqueo. Así mesmo, o trazado sur é unha alternativa que se escolleu unicamente por un criterio económico, que ten unha dubidosa racionalización en base ao propio estudo informativo, e que o impacto que vai ter sobre a degradación da ría e da enseada da Malata non vai ser mitigado por ningunha medida correctora e menos cando a única que se contempla é unha pasarela peonil que acompañará a este trazado e un viaduto sobre a mesma.

Ademais das implicacións económicas e medioambientais que a execución deste trazado suporan para a Ría de Ferrol, produciranse afeccións sobre acuíferos subterráneos que están sen ter valorado as súas consecuencias, sobre o patrimonio cultural afectando incluso a bens protexidos e afeccións atmosféricas tanto na fase de construción como na de explotación para as que se propoñen solucións como o desaloxo dos ocupantes das vivendas afectadas.

Considerando que o proxecto de acceso ferroviario que se pretende construír, atenta contra os máis elementais dereitos cidadáns, pois afecta, ao seu ben máis preciado, as Rías, Monumento da Natureza, apreciado e coidado polos nosos antepasados, único na Europa Atlántica formado en millóns de anos e destruído en décadas. Un contorno de grande riqueza biolóxica e grande produtividade; particularmente na Ría de Ferrol unha das máis peculiares de Galiza e que está sendo metódicamente recheada nos últimos anos e considerando que unha decisión desta envergadura non debería ser adoptada por un goberno en funcións xa que está a hipotecar o futuro dunha importante zona natural do noso concello é por isto que propoñemos a adopción dos seguintes

Estamos diante dun proceso de licitación irregular na que se procedeu de xeito irregular xa que na tramitación se detectaron carencias fundamentais no estudo informativo xa que "existían algúns aspectos fundamentais do estudo que precisaban ser ampliados e actualizados" e que estes novos estudos e informes "complementarios" supoñían na práctica un novo estudo informativo dadas as características de extensión requiridas.

Así mesmo estas informacións complementarias non se facilitaron ás entidades nen aos colectivos, alegantes igual que a administración local ademais de lembrar que a licitación do proxecto construtivo desenvolveuse en base a alternativa Sur sen que se tivese presentado a Declaración de Impacto Ambiental nen resolto as alegacións a esta alternativa.

Á vista do anteriormente exposto o grupo municipal do BNG propoñemos a adopción do seguinte Acordo

1.- O Pleno do Concello de Ferrol insta ao goberno local a interpoñer un requirimento de derogación e a presentar un recurso xudicial para paralizar a licitación e a construción do acceso ferroviario ao porto exterior seguindo o trazado sur."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de doce votos en contra, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Popular e Ciudadanos, fronte a dez votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista e Bloque Nacionalista Galego, acordou rexeitar a moción transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. RIVAS RICO: Vou intentar ser, sinceramente, breve.

SR. ALCALDE: Permítame ser excéptico.

SR. RIVAS RICO: Respecto desta cuestión. En primeiro lugar, consideramos desde o Bloque Nacionalista Galego que todo o proceso para o desenvolvemento do acceso ó porto exterior, se se pode calificar dalgunha maneira, é como un despropósito. O certo é que o estudo informativo que avalou a elección escollida como alternativa sur se fixo con deficiencias na información que se contiña nese documento. O certo é que a licitación para a redacción dese proxecto se desenvolveu mediante unha vía de urxencia e que supostamente se iba resolver en oito meses, cando despois se tardou máis de ano e medio en que isto se concretara e que evidencia que esa urxencia non era máis que unha escusa para poder desenvolver esta alternativa de maneira xa que non se puidera buscar ningunha outra solución.

Desenvolveuse esta opción do acceso sur sen que se tivera publicada a declaración de impacto ambiental, algo que é obrigatorio para poder determinar a opción que había que escoller. Desenvolveuse e se escolleu a alternativa sur, sen que tiveran respostado ás alegacións feitas por innumerables colectivos desta cidade e desenvolveuse unha declaración de impacto ambiental que xa asumía a alternativa sur como alternativa a desenvolver para o acceso ó porto exterior desta cidade. O despropósito é tal que nas medidas correctoras que se propoñen nesa declaración de impacto ambiental se contempla unha pasarela peonil que o que provoca son máis afeccións sobre a construción dun acceso, que a través dun viaducto supón a morte por impedir a rexeneración da ensenada da Malata e, por tanto, da ría de Ferrol. Ademais de todo isto existen impactos de carácter patrimonial sobre elementos dunha calidade xa atestiguada, como pode ser o dique mareal da Cabana, sobre o núcleo rural de A Graña. Existen afeccións sobre o centro urbano da cidade mediante contaminacións acústicas, que todavía siguen sen resolverse nin saber como se vai a paliar esta problemática sobre acuíferos que van a provocar as tuneladoras que iban a desenvolver este acceso, sen que afectando a ámbitos que están protexidos e que tampouco lles propoñen ningún tipo de alternativa para a súa resolución, e fronte a esta situación permanente e ó longo de décadas e de tempo se asume que a única alternativa viable e en base exclusivamente a un criterio de carácter económico, máis aló das valoracións que se poidan facer, ten que ser a alternativa sur.

Ante esta situación estamos a ver como o actual goberno municipal é absolutamente pasivo fronte a todas estas decisións. Existen as posibilidades de ter presentados recursos ante as decisións que se adoptaban por parte da Autoridade Portuaria, algo que se desbotou por parte deste goberno municipal. Se ten presenza nese Consello de Administración, pero tampouco se quere facer un uso desta capacidade, tanto a nivel institucional, desde a Administración Local como a presenza, tanto nese Consello de Administración como no Congreso dos Deputados, para paralizar este inicio inmediato da construción desta alternativa e, baseándonos no feito de que as deficiencias que existiron no procedemento para escoller esta alternativa, que poden abrangar multitude de cuestións, como é o feito de que se ten ... Ó estudio informativo se incorporaron posteriormente, en base á declaración de impacto ambiental, documentos e informes complementarios que desvirtuaban o estudio informativo que escolliu a alternativa sur e que ademais eses documentos e informes complementarios non se lles facilitaron ós colectivos afectados e que evidencian que a elección da alternativa sur se fixo sen ter en conta a documentación que era necesaria para adoptar esa decisión ou o feito de que o mesmo Concello de Ferrol non contase coa información do proxecto constructivo para poder elaborar os informes, tal como acredita o enxeñeiro municipal, relativos ás acepcións que supoñían a construción desta alternativa, nin valorar cales son as consecuencias, por exemplo, de facer unha modificación puntual da delimitación dos espazos e usos portuarios, que tampouco se informou por carecer desa información. E todo isto, sumado a que o Concello de Ferrol, o goberno municipal, tampouco fixo nada porque ese proxecto constructivo puidera ser debatido, analizado e valorado

nesta Administración, nos leva a adoptar a decisión de presentar unha moción que o que pretende é agotar calquera vía posible para evitar que a alternativa escollida -a alternativa sur- se poida desenvolver e que no momento actual e en concreto máis alá das decisións de carácter político pasan por desenvolver un requerimento de derogación á proposta, á decisión adoptada e un recurso xudicial en base ás deficiencias que se teñen desenvolvido no procedemento de escolla e de adxudicación tanto do proxecto como a construción desta alternativa.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Quiero empezar mi intervención para dejar de forma muy clara una cosa. No nos gusta la elección del trazado sur de la línea ferroviaria y fundamentalmente no nos gustan los 400 o 500 metros, no sé, de puente que va a cruzar nuestra ría. Seguramente además estamos convenidos de que el trazado norte podía haber sido una mejor solución. Hay que decir que Ciudadanos no existía como partido en Galicia ni su agrupación en Ferrol cuando se realizaron las alegaciones oportunas por parte de los partidos y entidades vinculadas con el entorno de Ferrol en su momento. Por eso, en estos últimos meses sí hemos estado estudiando la totalidad de las alegaciones en su día realizadas por todas estas entidades y asociaciones y partidos. Hemos también consultado a técnicos y a geógrafos y a expertos independientes, que eran expertos en esta materia y conocían perfectamente los factores medioambientales que pudieran influir en la elección de un trazado norte o un trazado sur. Las conclusiones que sacamos o a que hemos llegado, después de analizar todos los factores, es que ambas, en todo caso, van a producir un impacto medioambiental en su entorno, una diferente a la otra, eso es cierto y evidente y total. Si se realiza un análisis geológico también del suelo, también vemos que puede directamente afectar a la laguna de Doniños, pero, en todo caso, no vamos a discutir, porque es indiscutible que el trazado sur genera o produce un impacto en la ría de mayor calado. Porque decir que los cinco pilares, cuatro o cinco, no lo sé yo ahora, que ese puente en la ría va a suponer o provocar un deterioro pues es evidente. No sé hasta qué punto, pero va a ser evidente en el sector marisquero. Que además es innegable el impacto medioambiental y visual. Cierto. Pero la cuestión del impacto sobre la ría debería empezar ya y no es por eso decir, ni desmerecer en absoluto, lo que estoy diciendo.

En cuestiones como el empezar a construir barcos con Navantia, principal fuente de riqueza de Ferrol y prosperidad para la comarca. El tener un puente de las Pías que también nos comunique con Coruña, una comunicación ágil y rápida. El tener una línea de tren que pasa también por las rías y que también eso tiene su impacto. En un puerto carbonero, que en su día también contribuyó y con un puerto exterior que también ayuda a ese deterioro.

En todo caso, y volvemos a repetir, el impacto medioambiental es innegable. Innegable en el trazado de la línea sur. Lo que pasa es que consideramos en Ciudadanos que hoy en día el debate éste, tal como está en este momento la ciudad, debería de cerrarse, porque hay otra cuestión que creemos que es más importante. Y es decidir si queremos un tren ahora, con un futuro para nuestra ciudad o si queremos posponer el tema del tren y la ciudad sigue paralizada. Yo

creo que ese es el debate. Y ante eso Ciudadanos lo que dice también, tiene un posicionamiento clarísimo, queremos generar riqueza, queremos que nuestra ciudad vuelva a ser la que fue en su día, queremos que la juventud no se vaya de la ciudad ni se vaya a otros países y que pueda quedarse aquí y tener trabajo y queremos un futuro. Y consideramos que es vital que el puerto sea competitivo y para ello necesitamos un motor económico y necesitamos que esa inversión y esa infraestructura efectivamente se quede en Ferrol. Son 140 millones de euros que nos hacen falta como respirar. El reiniciar un procedimiento ahora, judicial, paralizar el proceso y paralizar todo, por supuesto, y la infraestructura supone perder ese dinero, supone perder esa oportunidad y supone no generar ni aportar nada. Y no podemos permitir eso. En Ciudadanos creemos que lo más importante para Ciudadanos y para el partido son las personas frente a cualquier otro interés. Y, por tanto, no podemos admitir ni votar a favor de realizar ningún procedimiento judicial para entorpecer el proceso. Gracias.

SRA. ANEIROS BARROS: Gracias, Sr. alcalde. Bueno, pues la verdad es que, sinceramente, lamentamos tener que traer a debate en este Pleno una moción que lo que busca es paralizar, lo que busca es bloquear una de las mayores inversiones que ha habido en Ferrol, como son esos 140 millones de euros destinados a construir una infraestructura fundamental y básica para la ciudad. Y no sólo para la ciudad, sino también para toda la comarca. Estamos hablando de ese famoso tren, ese acceso ferroviario al Puerto Exterior, tan reclamado por todos pero que a la hora de la verdad no todos tenemos la misma actitud positiva para conseguir que ese puerto sea una realidad. Que ese puerto, que es acceso ferroviario, sea una realidad, porque es fundamental y clave para el desarrollo industrial. Está claro que ese acceso ferroviario lo que va a hacer es completar esa conexión, esa conectividad del puerto con la península ibérica, ampliando, por tanto, ese ámbito de influencia del puerto y esto tiene unas repercusiones concretas y desde luego creo que todos tenemos que estar de acuerdo en que ese acceso ferroviario va a suponer convertir al puerto en un puerto de importancia global, va a aumentar el volumen de toneladas de tráfico de mercancías y que, por tanto, eso supone también y tiene un traslado en la generación de empleo en la comarca y va a ampliar, sin ninguna duda también, la competitividad de todas las industrias y las empresas que se beneficien de esta infraestructura. Y lo cierto es que han sido diez años, y yo creo que estas cosas no debemos olvidarlas. Diez años que se ha tardado en realizar todos los trámites necesarios para llegar a este punto. Diez años para sacar este proyecto, que todos decimos que es tan necesario, aunque unos ahora lo quieran bloquear. Diez años después, ahora, pretendemos o pretenden algunos paralizar, a pesar de que es un proyecto que se ha tramitado con todos los informes técnicos, con toda la tramitación administrativa exigida legalmente y con las exigencias establecidas para cualquier declaración de impacto ambiental. Desde luego nosotros, como grupo municipal, no vamos a cuestionar en ningún caso la decisión técnica. Las decisiones técnicas que se han adoptado para elegir entre los tres trazados posibles el más adecuado, el trazado sur. Porque aunque aquí estemos

debatiendo, nosotros somos políticos y estas decisiones se adoptan por cuestiones técnicas y precisamente por técnicos y no políticos. Pero aún así sí me gustaría destacar unas cuantas ideas que justifican el por qué se opta por ese trazado sur frente a las otras dos alternativas. Porque escuchando a algunos son decisiones que se adoptan caprichosamente y sin ningún tipo de justificación.

En primer lugar, una de las razones es el tema de las pendientes. Y es que de las tres opciones, la opción sur es la que presenta menores pendientes, concretamente un 1%, frente al 1,4 de la alternativa centro y frente al 1,7 de la alternativa norte. Y, evidentemente, sí, también quiero decir que cuando hablamos del sector ferroviario y hablamos de pendientes no se admiten pendientes, no se consideran adecuadas más allá de un 1,5 o entre un 1,5 y un 1,8, con lo cual estamos hablando de que la alternativa sur es la opción que claramente se encuentra por debajo de ese máximo recomendado.

Por otro lado está la cuestión de la longitud. Y es que de las tres opciones también, todos sabemos, que la opción sur es la que tiene una menor longitud y no sólo menor longitud propiamente, sino que incluso también destacar que también es menor la longitud del túnel que se prevé. Son algo más de 5 kilómetros frente a los 7 kilómetros de la alternativa en el centro o frente a los 10 kilómetros de túnel en la alternativa norte. Y, evidentemente, esto tiene unas repercusiones también, como son por ejemplo que cuanto menor longitud, evidentemente, son también menores los movimientos de tierra y, por tanto, también son menores los impactos por la ocupación de terrenos por los vertederos. Y, evidentemente, también tendrá menor potencial, menor trazado de túnel en cuanto a la afectación a la hidrogeología. Es decir, para entendernos, a lo que son las aguas subterráneas que, como todos imaginamos, este tipo de infraestructura también tienen afección a este tipo de cuestiones.

Y de las tres opciones, la del trazado sur, además, es la única, la única de las tres que aprovecha en lo que es la salida de la estación de Ferrol, de la estación de tren, el túnel que actualmente existe. Ese túnel que comunica la estación con el puerto. Por tanto es la opción que aprovecha y también pone en valor infraestructuras que ya existen.

Por otro lado también, como puede ser comprensible, es la opción que menos expropiaciones requiere y no solamente por un tema económico, sino también por el impacto social entre los vecinos, que eso también acarrea.

Y en cuanto al impacto relativo a la pasarela, al puente sobre la ensenada de La Malata, pues yo también quiero destacar que ese impacto ha sido debidamente valorado y debidamente evaluado por los distintos informes existentes. Y tanto en el estudio de impacto ambiental, como en la declaración de impacto ambiental, se prevén medidas exhaustivas que garantizan tanto en la fase de construcción como en la de explotación el efecto que ese puente puede tener sobre lo que son las corrientes marinas en la ensenada, concluyendo que ese impacto no es relevante. Igualmente se contemplan estudios paisajísticos para que ese puente tenga el mejor encaje posible desde este punto de vista.

Y, en cualquier caso, medidas, insisto, para minimizar las afecciones que ese viaducto pueda tener sobre la ría de Ferrol.

En todo caso, lo que tenemos que tener claro es que existe una declaración de impacto ambiental favorable. Una declaración de impacto ambiental en la que se concluye claramente que siempre y cuando se autorice esta alternativa, la sur, y en las condiciones que se establecen en la propia declaración, no se producirán impactos adversos significativos por quedar adecuadamente protegido el medio ambiente y los recursos naturales e insisto que estas son declaraciones técnicas y no son declaraciones políticas.

Y es por eso por lo que consideramos que en este momento, porque están planteando la interposición de un recurso, no hace un año, no hace dos, no hace tres. Están planteando un recurso en un momento en el que ya estamos y ya hemos iniciado una licitación y lo que buscan es paralizar una licitación para la que hay un presupuesto de 140 millones de euros. Con ese objetivo. Paralizar un procedimiento abierto para hacer realidad y hacer posible esta infraestructura. Y, sinceramente les digo, creo y estoy convencida de que todos aquellos grupos municipales que crean en Ferrol, que crean en el potencial que hay en nuestra ciudad y que crean que el puerto, como una de las mayores empresas que hay en nuestra ciudad, necesita incrementar un potencial que tiene y que requiere que se haga cuanto antes, porque ya llegamos tarde, pero, evidentemente, una interposición de un recurso en este momento puede realmente tener unas graves consecuencias. Y, sinceramente les digo que a mí me parece una grave irresponsabilidad apoyar una moción que lo que hace es precisamente eso, frenar el desarrollo económico, el desarrollo industrial de nuestra comarca. Poner una traba más en Ferrol, una ciudad que necesita inversiones, que tanto que hablamos de las inversiones, del Estado y demás, para una vez que el Estado tiene un compromiso serio y claro con Ferrol, con 140 millones, lo que hacemos es tirarlo por la borda. Y no sólo tirar por la borda el dinero o pretender tirarlo, sino también tirar por la borda el trabajo de diez años. De diez años de trabajo de la Autoridad Portuaria y del Ministerio de Fomento. Ministerio de Fomento que, por cierto, estuvo ocupado en estos últimos años, no solamente por el Partido Popular, sino también por el Partido Socialista. Y por eso, desde luego, y nosotros con el total convencimiento de actuar con responsabilidad vamos a votar en contra de esta moción. Porque desde luego queremos y vamos a hacer lo posible porque el Puerto Exterior tenga ese acceso ferroviario para que sea más competitivo, para que traiga nuevos tráficos como el de contenedores, que se verá especialmente beneficiado con la apertura del Canal de Panamá y que permita, en definitiva, consolidarse como un puerto estratégico en el Atlántico. Desde luego esa es nuestra apuesta y me gustaría, sinceramente, que esta moción no debiera prosperar por el bien de nuestra ciudad y por el bien de todos nuestros vecinos.

SRA. SESTAYO DOCE: Gracias. Antes de nada para anunciar o voto favorable do Partido Socialista, do grupo municipal Socialista á moción presentada polo grupo do Bloque Nacionalista Galego en coherencia, precisamente, coa importancia que dá este grupo a unha cidade sostible, a inmensa irresponsabilidade dunha decisión adoptada

polo Partido Popular, movida exclusivamente por intereses espúreos e dende logo nada favorables a unha cidade que están a hipotecar con esta decisión.

Se tan importante é unha infraestrutura, no que coincidimos, clave para Ferrol, -Sra. Aneiros, deberían estar máis atentos á súa xestión, toda vez que a xestión do Partido Popular fai que por exemplo exista unha facturación do 40% menos este ano que o ano anterior na Autoridade Portuaria. Estamos a falar de cifras oficiais, publicadas por Portos. Polo tanto se poden consultar. Non se piden fondos europeos, igual que se fai noutras cidades, mesmo aquí, xa que fala de concellos veciños, en Coruña ou que se asume esa infraestrutura ademais con fondos propios da Autoridade Portuaria, coa necesidade que existe en Ferrol doutras inversións. Para outros sitios existen os fondos propios de Fomento, pero para aquí teñen que saír do peto da propia Autoridade Portuaria.

Pero imos á cuestión de fondo. Evidentemente estamos ante unha decisión adoptada por un goberno en funcións. Un goberno en funcións. Tanta prisa tiñan, Sra. Aneiros e tanta eficacia tiña o goberno do Partido Popular que tivo que esperar hasta o goberno en funcións para facerse unha foto de licitación, unha foto nun acto electoral na que a ministra anunciaba a licitación. Unha foto deste goberno en funcións que hipoteca á cidade.

Vostede fala de impacto social. Voulle dicir o impacto social, Sra. Aneiros. Existe un recurso no que algúns tivemos a oportunidade de participar en que ademais dos Partidos Políticos que estábamos no seu día na oposición e de sindicatos, existe representación como Federación de Veciños Roi Xordo, en nome das asociacións veciñais que integra, Federación de Veciños da zona rural de Ferrol na representación que ostenta, Confraría de Pescadores de Ferrol, Asociación de Depuradores de Marisco de Galicia, Estación de Bioloxía Mariña da Graña, Club de Remo A Cabana-Ferrol, Grupo Bazán, Asociación Deportiva e Recreativa da Graña, Asociación Adega-Trasancos, Superporto e Refuxio Ártabros, a Asociación Cultural Lefre de Caldereta, Asociación Cultural Ateneo Ferrolán, etc., etc. -Sra. Aneiros, exactamente que impacto social? Con quen están vostedes á parte de consigo mesmos? É evidente que o impacto social foi a primeira vez que alguén, que se consegue unanimemente ou unha das poucas veces que se consegue un consenso inmenso por parte da sociedade ferrolá en contra dun trazado. Pero vostedes, como sempre, arrollando coa maioría absoluta, simplemente o que fan é ir en contra da cidade, a favor de intereses económicos que van en contra dos intereses sociais. Pero ademais desprecian, e parece mentira no grupo municipal do Partido Popular, porque desprecian ademais a vontade da soberanía popular, que colocou outro goberno no Concello de Ferrol, que ademais adoptaba e tiña a decisión doutro trazado. Pero vostedes tamén desprecian, non só a toda a sociedade, senón tamén á opinión do Concello ou do goberno de Ferrol nesta vontade de hipotecar a mesma. Un goberno en funcións que estamos vendo que non lle importa ou dende logo aparece por primeira vez como un goberno que non comparece ata o Congreso de Deputados e que teñen que sancionar por graves incumprimentos nos dereitos constitucionais, que tanto lles importan, nas obrigas constitucionais, pero resulta que en gobernos en funcións

adoptan decisións como -imos poñer dous exemplos en Galicia-, este trazado que hipoteca a cidade ou, efectivamente, o mesmo goberno en funcións, da decisión de Ence en Pontevedra. Estes son os intereses do Partido Popular, da dereita, e parece mentira, Sra. Aneiros, que veña vostede a defender co único argumento dunha pendente. Realmente non vou entrar na teoría da pendente porque, afortunadamente, somos bastante máis serios e rigurosos sobre esta cuestión.

Falan vostedes dos informes, Sra. Aneiros. Basta ver precisamente os informes. Se trata dun procedemento construído precisamente ó revés, con unha determinación parcial.

Xa no informe solicitado no seu día por Cascos, por Álvarez Cascos, xa se pedía, precisamente, unha predeterminación respecto do informe cara a ese trazado que tiña elixido o Partido Popular. Non existen informes imparciais sobre os diferentes trazados, trazado norte, trazado central e no trazado sur, senón que iba encaminado precisamente cara a este trazado. Polo tanto existe unha predeterminación parcial, técnica, o sea, política, non técnica, cara a este trazado, ó que se supeditan os informes técnicos que se tiveron que pronunciar sobre esta cuestión.

Pero existen outros informes, sen embargo, que falan do impacto crítico, impacto crítico sobre a ría de Ferrol e o coste da hipoteca sobre a cidade de Ferrol, feita por técnicos dos mesmos ministerios, que sen embargo o Partido Popular non ten en conta e decide deixar nun caixón, porque non entra precisamente nesa predeterminación parcial que o Partido Popular tiña.

Por outra parte, existen irregularidades ou carencias no procedemento. Procedemento que ademais a propia Administración decide non entrar nos mesmos, porque di que non van entrar no fondo da cuestión nun recursos administrativo. Debe ser das poucas veces que non existindo un defecto formal, que é o que podería impedir entrar no fondo da cuestión, sen embargo non entra no mesmo. Polo tanto non entra nin na forma nin fondo, simplemente deciden a través dun goberno en funcións. Pero ademais debe ser tamén, bueno soe ser práctica frecuente tamén nos gobernos do Partido Popular en que o Ministerio de Medio Ambiente do Partido Popular di o mesmo informe que o Ministerio de Fomento. Exactamente o mesmo informe, ignorando que precisamente a declaración de impacto ambiental e os diferentes estudos de impacto ambiental teñen que ter unha imparcialidade respecto dun ministerio ou doutro. Mera normativa. Pero nin sequera cumpren a estética. Ó Partido Popular non lle preocupa nin sequera a estética procedimental, cando o que se trata é de determinar a vontade de hipotecar a cidade de novo a favor de servicios económicos. Isto é o que ten acontecido co trazado sur. Un trazado no que o Partido Popular está a defender o que está a defender e, dende logo, todo en contra da cidade. Eso hai que ver a representación da mesma, Sra. Aneiros, porque vostedes están a defenderse a si mesmos e ós intereses que o Partido Popular defende, que dende logo están moi lonxe da cidade de Ferrol.

Vostedes o único que están a interesar unha hipoteca da Malata e unha ensenada que decidiron pechar e que ademais conleva o peche dese, vostedes falan da necesidade do chan industrial, pero ese chan industrial queda condicionado con este trazado. Efectivamente quedan

pechadas as posibilidades de Leixa, xa que vostedes pecharon dende todos os gobernos con maioría absoluta, insisto, porque ademais a maioría absoluta de Rajoy, a maioría absoluta de Feijoo e a maioría absoluta que vostedes tiñan, todos concordaron en pechar esa vía de zona industrial, de chan industrial que encaixaría como un centro loxístico, que ademais encadenaría co porto e co trazado norte. Pero vostedes deciden suprimir ese chan industrial a favor doutras cidades ou doutros polígonos coma o de Arteixo. Curiosa defensa a que fai o Partido Popular de Ferrol, da cidade de Ferrol, e ademais deciden apostar polo trazado que pecha a Malata. Ó mellor para substituír un chan industrial sustentable coma o de Leixa para, en cambio, hipotecar, non sei en virtude de que intereses, os da Malata, suprimindo unha zona de ocio e de deporte fantástica, de lecer, para esta cidade.

Polo tanto, confiamos en que non cheguemos tarde a esta hipoteca. Confiamos en que exista pronto un novo goberno no Estado que facilite ademais a defensa da cidade e a defensa dos intereses da cidadanía. Vostedes sigan con eses intereses económicos que, dende logo, este grupo, este goberno e dende logo a representación deste goberno na Autoridade Portuaria de Ferrol seguirá loitando pola xustiza social, pola sustentabilidade, polo futuro desta cidade e, sen dúbida, contra as deficiencias e carencias manifestadas claramente neste procedemento. Nada máis e moitas grazas.

SR. MONTES CELEIRO: Bueno, eu creo que a estas horas seguro que se agradece a brevidade, sobre todo despois de todo o dito sobre esta cuestión e non só hoxe, senón en moitas máis ocasións. Nosoutros reiterar o noso apoio á moción que presenta o BNG, sumarnos e activar a mobilización social contra este trazado, de feito estamos en permanente contacto e diálogo coas entidades veciñais da Cabana, da Graña e outras afectadas e simplemente dicir que eses discursos en nome do progreso soan a outra época, que calquera análise, custe e beneficio, ten que ter en conta estas realidades e os custes sociais e eu creo que tamén neste punto hai que recoñecer que o Partido Popular á hora de xustificar ten un argumentario moi técnico e moi logrado, porque a lección de xeoloxía hidrolóxica foi fantástica, logo nos queixamos de que non temos argumentario para o TTIP, pero aquí houbo unha lección técnica impresionante. E eso é o que se utiliza para xustificar unha obra que é certo que hai que facela, pero mantemos que debe existir un trazado diferente. A forma de tomar esta decisión, como xa tamén se dixo, que un goberno en funcións non é procedemento, o mesmo se fixo con Ence. Falábamos ó principio do Pleno de falta de transparencia e de ocultación e este é un exemplo do que é precisamente falta de transparencia e ocultación.

E rematou a intervención falando de Panamá. Panamá ten agora mesmo certo recordo non moi agradable e espero que as decisións se tomen en función dos veciños e das veciñas e do interese xeral de Ferrol, que quere unha conexión ó porto exterior, pero unha conexión que teña en conta os intereses dos veciños e que sexa o máis ecolóxica posible e non ese impacto tan agresivo como ten este trazado.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Bueno, algunhas cousas.

En primeiro lugar dicir que costa moito que a Administración estatal asuma cales son as necesidades básicas prioritarias para a nosa sociedade e despois de que se asumen o certo é que sempre se desenvolven en base a criterios que son absolutamente alleos ós nosos intereses. Eu creo que a elección deste trazado é unha proba evidente. A maneira en que se desenvolveu todo este proceso para a elección e para a construción mesmo do Porto Exterior, no cal se esqueceron de planificar os seus accesos terrestres é un bo exemplo desto. Que vostedes asuman esto sen ningún criterio crítico, o único que demostra é a responsabilidade e a sumisión ante este tipo de decisións e que asumen sen maior problema. Eu creo que os problemas que derivan da elección deste trazado son bastante claros e bastante obxectivos. Os erros no procedemento parece que son bastante evidentes e que pretendan levar o debate, tanto vostedes como desde Ciudadanos a que isto é enfrontar o acceso ó porto exterior ou o mantemento, coa posibilidade de rexenerar a ría, co que implica en recuperación medioambiental e económica para esta cidade é un debate falaz. E un debate falaz, porque ademais estamos a falar dun porto exterior que ten un uso cautivo respecto da capacidade que ten de desenvolvemento, porque o certo é que está excluído da rede básica de portos da Unión Europea. O certo é que a posibilidade de que se poida desenvolver alí tráfico de contenedores está condicionado por portos moi próximos coma o de Xixón ou coma o de Vigo. O certo é que as plantas de biodiésel que alí están ou a planta de biodiésel que alí está ubicada, está condicionada polas relacións con outros estados nos que non existen aranceis para este tráfico, o certo é que a imposición dun decreto do carbón por parte da Administración estatal tamén limita as posibilidades de desenvolvemento deste tráfico e que, por tanto, as posibilidades de desenvolvemento, en base a todas estas cuestións, cando menos serían cuestionables. Pero ese non é o debate. O debate é se vostedes o que queren é antepoñer criterios exclusivamente economicistas para a construción dun acceso que supón o deterioro definitivo da ensenada da Malata e da ría de Ferrol, que é certo e ninguén o nega. Non só ten un problema respecto da construción deste viaducto, é certo que teñen moitísimas máis barreiras artificiais, como pode ser o peirao carboeiro, que habería que eliminar. Agora ben, non asumamos o criterio do Ministerio de Medio Ambiente, que nun dos seus argumentos, na declaración de impacto ambiental, considera que a Ensenada da Malata non é un lugar fundamental para o marisqueo, porque o seu deterioro é tal que a capacidade de produción que ten xa está absolutamente limitada. Non creo que nós vaiamos a redundar en argumentos que o único que pretenden é afirmar que o estado da ría de Ferrol é inasumible. Eso é obvio. Agora, afondar en que ese estado de deterioro xa é irrecuperable, parece que non é a mellor opción. E menos desde as organizacións políticas que teñen presenza neste Pleno municipal.

E, despois, que vostede considere que dez anos despois, agora, alguén queira paralizar a construción deste acceso mediante a alternativa sur, eu creo que a memoria que ten é un pouco fráxil, porque creo que este proceso contou co enfrontamento e coa oposición de moitísimos colectivos desde o seu inicio, non creo que sexa produto do momento actual, como se refería vostede anteriormente.

Falaba tamén das cuestións técnicas que levaban á elección deste trazado. Non sei se se refería, como lle dicía ó principio, o feito de que a declaración de impacto ambiental non se publicou hasta a decisión de adoptar a licitación da alternativa sur, do proxecto da alternativa sur, nin resolto as alegacións a todo este proceso. E ademais alegacións que, como dicía, non contaban coa información necesaria para tomar a decisión que se tomou.

O que máis nos chama a atención é como a vostedes lles poñen diante un documento sobre a mesa, que o asume un técnico e parece que é a palabra de Deus. Pois os técnicos ás veces se equivocan e ás veces están condicionados por decisións de carácter político para ir no camiño que se determina desde esas instancias.

Falaba vostede de argumentos coma a cuestión das pendentes. Eu creo que todas as pendentes ás que se refería vostede están dentro dos rangos que son asumibles. Entón non sei cal é o problema que ten vostede coas pendentes. Cumplen, as tres opcións cumplen coas pendentes. En todo caso, non creo recordar que a cuestión das pendentes fora un criterio a valorar. Creo que non era un criterio a valorar. Por tanto, non sei que diferenza hai en que entre unha pendente sexa unha ou outra para determinar a elección dun trazado ou outro e sobre todo cando todos os trazados que se contemplaron cumprían cos rangos de pendentes ós que se refería vostede.

Falaba da lonxitude, que era o trazado de menor lonxitude. É obvio e eso tiña consecuencias na valoración económica desa elección. Por que? Porque o trazado sur non contemplaba a conexión desde o peirao Fernández Ladreda hasta a estación ferroviaria e eso evidenciaba que a comparativa coas outras alternativas non era equitativa. E esto estaba dentro dun estudio informativo que, como digo, tiña unha información que non era suficientemente fidedigna para poder facer unha valoración obxectiva.

Dicía vostede, ademais, que as afeccións sobre a ideoloxía das alternativas centro e norte eran moitísimo maiores. Eu non sei como sabe eso. Non o sei. Porque a declaración de impacto ambiental se refire exclusivamente ás afeccións que ten sobre a ideoloxía na alternativa sur. E isto é outro dos problemas. Como podemos comparar alternativas se non sabemos cales son as afeccións de un sobre as outras. Outra cousa é que a declaración de impacto ambiental valorase desde todos os puntos de vista: acústico, afeccións marítimas, hidrolóxicas, sobre os acuíferos, ás tres alternativas. Pero a declaración de impacto ambiental se refire exclusivamente á alternativa sur. Por tanto, eu non sei como vostedes poden saber que as afeccións en determinados ámbitos de análise medioambiental son maiores sobre as alternativas que se desbotaron xa desde un inicio.

E, despois, que considere vostede que medidas correctoras, como unha pasarela peonil que vai en paralelo ó viaducto e que se contemplan nesa declaración de impacto ambiental, son asumibles é chegar a un punto do absurdo absoluto. Porque vostedes están a defender os criterios técnicos. Os criterios técnicos aseguran que unha das medidas correctoras é unha pasarela peonil. Pasarela peonil que supón unhas acepcións patrimoniais sobre elementos a protexer como pode ser o dique mareal. Pero xa non é esa a cuestión. A cuestión é cal é a consideración que desde aquelas persoas que

elaboran esta declaración de impacto ambiental teñen sobre o que é a ría de Ferrol e a ensenada da Malata para considerar a posibilidade de que os ferroláns poidan atravesar a ría a pe, é unha medida correctora en relación co feito de que poidamos ter a masa de auga encerrada da ensenada da Malata e que vai impedir a súa rexeneración natural. Que visión teñen de nós? Cal é a visión que estas personas poden ter de nós? Que pensan? Que nos pasamos o día paseando dun lado para outro? Cando o problema que temos é que a construción dese viaducto vai a supoñer que a navegabilidade sobre esa ría vai resultar imposible, vai a supoñer que esas augas non van ter unha dinámica natural para que se poidan rexenerar e vai impedir, ademais, que unha das tarefas fundamentais e que está por facer, que é que desenvolvamos unha limpeza manual e artificial deses fondos mariños, se poida desenvolver. Se pretendemos impedir que isto aconteza, eu creo que a alternativa a escoller debe ser esta. Agora ben, eu creo que a alternativa que se está a propoñer, se como custe para chegar ó porto exterior supón cargarse a ensenada da Malata e por ende a ría de Ferrol, creo que o debate que estamos a ter aquí é un debate absurdo, porque creo que ningún dos que podemos estar hoxe aquí deberíamos asumir esto, a non ser que consideremos que estes informes, polo feito de que os elabora un técnico pois, como digo, son palabra de Deus. Pero, en todo caso, máis aló de todas estas consideracións, eu creo que hai feitos obxectivos que demostran que o procedemento se fixo de maneira irregular. Por tanto, se o procedemento se fixo de maneira irregular, o lóxico e o normal será poñer os recursos necesarios para evitar que unha decisión como esta, que supón ese nivel de deterioro económico -porque non é só medioambiental, é económico- sobre a cidade de Ferrol poida acontecer. E o que non acabo de entender é como vostedes siguen a manter esta posición de non querer ver unha realidade que creo que é moi difícil de negar. Moitas grazas.

SRA. ANEIROS BARROS: Gracias, Sr. alcalde. Yo soy la que no entiendo cuál es la realidad que ven ustedes, porque es muy distinta de la real. La suya es una realidad paralela. No puedo tener otra conclusión. Claro, que aquí se hable de hipotecar a los vecinos de Ferrol. Es que hay que tener... Decir que esto hipoteca a los vecinos de Ferrol... Mire, lo que es una hipoteca es tenerles a ustedes gobernando. Eso sí que es la gran hipoteca de los vecinos de Ferrol en este momento. Que un gobierno en el Concello de Ferrol se esté planteando apoyar una moción que pretende paralizar una inversión de 140 millones de euros para hacer realidad, por fin, después de muchos años, un acceso ferroviario necesario, imprescindible, para el puerto exterior, que supone generación de empleo, generación de riqueza en nuestra ciudad, es que si eso no es hipotecar a este concello, bueno, en fin, yo desde luego creo que ustedes no sé si se van a atrever a volver a hablar, Sra. Sestayo.

Sí, usted se ríe, pero, mire, yo le digo, Sra. Sestayo, como a usted este tema le importa poco yo ya entiendo cuál es su actitud ante los grandes proyectos de nuestra ciudad. Mire, usted se atreverá a volver a hablar de generación de empleo en Ferrol, de promoción de empleo en Ferrol, se atreverá a hablar. Pues, mire, muy desacreditada queda, Sr. Rivas, Sra. Sestayo, Sr. alcalde, muy desacreditados

quedan después de votar a favor de esta moción. La verdad es que escuchando muchos de los argumentos que se comentan en este Pleno parece, de verdad que parece que hay algunos que les molesta que sea el Partido Popular el que sea capaz de hacer realidad ese acceso ferroviario al puerto exterior. Parece que es así.

Por cierto, un estudio informativo aprobado cuando gobernaba Zapatero y que era el Sr. Blanco Ministro de Fomento, si no recuerdo mal. Eso es lo que debe molestar al Partido Socialista, que tuvo este proyecto -y eso no lo pueden desmentir- cuatro años, más de cuatro años, guardadito en un cajón porque no les interesaba. Estuvieron bien callados durante cuatro años y ahora que se pone en marcha y que puede ser realidad quieren presentar un recurso para paralizar esta inversión.

Pero, mire, si esto es seriedad que venga Dios y lo vea, pero también les digo que pesará sobre su responsabilidad estas decisiones. Desde luego nosotros somos claros, apostamos por el futuro, apostamos por el progreso en nuestra ciudad. Claro, Sr. Rivas, es que si su política se llevara a cabo, es que por tener no tendríamos ni autopista, ni AP-9 en Galicia. Esa es la realidad de las políticas de algunos. Esa es la apuesta por el progreso, por la generación de empleo. Esa es la política de los que están gobernando también la ciudad.

Y, Sra. Sestayo, le recomendaría también que mirara algo el proyecto. Claro, que me hable de la conexión con Leixa y Mandiá es que ninguno de los otros trazados conectan. Es que, claro, para conectar con Leixa y Mandiá en cualquiera de los trazados tendría que haber una conexión específica. No, no se asuste, es así. Mire el proyecto. Claro, es que a lo mejor usted viene aquí con un mensaje grabado y memorizado, pero, claro, un poquito más de rigor.

Y, miren, yo. Simplemente para finalizar. El trazado sur, no tengan duda que es el menos malo de los tres. Les guste o no. Porque ustedes critican el trazado sur, pero se olvidan de hablar de los impactos y de las repercusiones graves que podrían tener los otros dos trazados. Es mejor criticar lo que se va a hacer y total, qué más da. Paralizamos un proyecto que está poniendo en marcha el Partido Popular. Volvemos atrás diez años, qué más da. Si total Ferrol, qué más. Si le va tan bien a Ferrol. ¿Qué supone en Ferrol perder diez años? ¿Qué supone para el puerto de Ferrol no tener acceso ferroviario hasta dentro de varios años? A ustedes les da igual, a nosotros no. Creemos que la nuestra es la postura responsable, la suya es la irresponsable. Creemos, insisto, en la Autoridad Portuaria, creemos en un puerto que es motor económico fundamental en nuestra ciudad y que tiene un gran recorrido que ustedes hoy quieren paralizar aprobando esta moción.

SRA. SESTAYO DOCE: Breve. -Sra. Aneiros, a verdade que lle quedou moi ben o mitin, pero, mire, a verdade é que mentras vostedes estaban aplaudindo que se hipotecara esta cidade, pois esta concelleira facía un recurso e, polo tanto, se tivo que estudar todo o proxecto, que eu vexo que vostede non se estudiou e que se limita a ese argumentario tan repetido do Partido Popular e que tamén envían a través dos seus correos electrónicos. Certamente me asusta que a portavoz do Partido Popular saiba tan pouco do proxecto. Me asusta e

me deixa perplexa. Eu recoméndolle que se estudie tanto o proxecto como, como mínimo incluso, a valoración do Secretario do Estado do Partido Popular, supoño que non será sospeitoso para vostede, en defensa da plataforma, cando di que o recurso feito pola plataforma está moi ben feito, que está ben argumentado, pero que son cuestións políticas do Partido Popular, do goberno. Non do goberno de José Luís Rodríguez Zapatero, Sra. Aneiros. Porque, ademais, agora lle explico, senón de Fomento, do Partido Popular, que son cuestións políticas, que ó final hai que tomar unha decisión. Isto é o que di o Partido Popular e o que dicía o Secretario de Estado, que felicitaba o recurso da plataforma, no que tiven a sorte de participar, Sra. Aneiros. Pero vostedes, como siguen co seu illamento con vostedes mesmos, pois siguen. Tamén é certo, claro, que poñan de exemplo ó Partido Popular, que nos hipotecaron e que seguimos pagando a AP-9 grazas a unha decisión de Feijoo e de Aznar hasta o 2048, esa AP-9 que temos que pagar dende Ferrol. Bueno, supoño que, claro, con ese modelo de progreso que vostedes, efectivamente, cinguen a uns poucos, entendo que obviamente discrepemos. Vostedes creen no progreso para catro e nós cremos no progreso social maioritario. Entón non servimos ós mesmos intereses, Sra. Aneiros. Vostedes sirven ós intereses duns poucos da dereita e nós servimos ós intereses sociais comúns. Por eso vostedes son a dereita e nós somos a esquerda. Isto é así. É normal. E me preocuparía, de verdade que me preocuparía, que coincidiramos en cuestións como esta, porque seguramente estaríamos errados.

Pero é que ademais, Sra. Aneiros, é evidente que á parte de, insisto, non coñecer o proxecto nin os diferentes informes, debería saber, xa como concelleira porque, claro, eu non penso xa que teña que..., debería de estudialo como política; pero como concelleira, que non coñeza os informes emitidos por este propio concello na etapa do goberno Irisarri -que eso é o que lle molesta-, do goberno Irisarri, técnicos, deste concello. Supoño que os técnicos os respetará. Que eran informes en contra dese proxecto que agora aproba o Partido Popular. Ademais, Sra. Aneiros, dos informes do Ministerio de José Luís Rodríguez Zapatero en contra dese proxecto. -Sra. Aneiros, a verdade é que me preocupa, porque cando se trae un tema aquí a debate se debe ter coñecemento do mesmo e senón se pasa a palabra ou falan outros compañeiros, que seguramente están máis informados e así podemos tomar decisións solventes sobre a cuestión. Eu entendo que vostedes son moi disciplinados respecto do seu partido. Entendo que vostedes serven a eses intereses económicos que burlan sentencias, por moitas veces que recaigan, mesmo do Tribunal Supremo, cando recae para os mesmos intereses sempre. Bueno, vostedes serven esto, pero nós seguiremos servindo os intereses sociais maioritarios e os intereses desta cidade. Nada máis e moitas gracias.

SR. MONTES CELEIRO: Eu simplemente dicir que todo este discurso de interés estratéxico, de intereses económicos e do gran beneficio que causan estos proxectos para a cidade, ten certos precedentes, eses discursos se deron no seu momento coa instalación da gasificadora na ría de Ferrol, que parecía que iba a crear un montón de emprego, que iba ser a riqueza para o país, para a cidade, para a ría e o que trouxo foi precisamente un recheo, unhas inxeccións de capital constantes por parte da Xunta de Galicia e é hoxe cando os

tribunais están dando a razón a esa loita que emprenderon naquel momento os veciños e as veciñas da cidade.

Simplemente o que pretendemos é que se nos deixe exercer ese dereito libre a defender o que cremos que é de xustiza e nesa intención vamos a manternos dende o goberno e dende a rúa, como fixemos anteriormente. Moitas grazas.

SR. RIVAS RICO: Eu dúas cousas nada máis. A primeiro, que vostedes non se moven por criterios que teñen que ver coa xeración de emprego na cidade se evidencian no feito de que a elección deste trazado supón eliminar capacidade de produción dun dos bancos marisqueiros máis importantes que existen no país, que pese ó seu deterioro evidente segue a producir e que vostedes non contemplan o feito de que esta alternativa supón que este banco marisqueiro desapareza, demostra que ese argumento da xeración de emprego mediante o acceso ó porto exterior non é un argumento real e que exclusivamente o asumen porque desde a Administración Estatal se lles indicou que así o fixeran. Esa Administración Estatal que actúa, como digo, en función de criterios que nada teñen que ver cos nosos intereses.

E, segundo, fala vostedes que as afeccións que producirían as outras alternativas tamén serían innumerables e que producirían afeccións sobre diferentes ámbitos e que a mellor opción é a alternativa sur, porque así queda acreditado nos estudos e nos informes. Isto non é así. E non é así porque para valorar as afeccións que se producirían sobre as outras alternativas teríamos que ter os informes que puideran establecer unha comparación equitativa entre as tres opcións e non as temos. O único que temos é unha declaración de impacto ambiental que se limita e que se circunscribe á opción escollida desde un inicio, que é a alternativa sur.

SR. ALCALDE: Moitas grazas pola brevidade de todos e todas. Vamos a votar a moción.

15.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE APOIO Ó EMPRENDEMENTO.- Examinada a moción que presenta o grupo municipal do PP, que textualmente di: "O Grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do disposto nos artigos 104 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol e nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O emprego é a principal preocupación dos nosos veciños. As taxas de desemprego na nosa cidade todavía son demasiado elevadas e aínda non se ten percibido dun xeito significativo o inicio da recuperación económica, que esperamos que poida ir mellorando cos novos contratos acadados no principal sector industrial da cidade.

Para colaborar nesa recuperación económica é fundamental tamén a actuación que a administración local poida levar a cabo xunto co resto das administracións provincial e autonómica.

Unha das cuestións que deben ser priorizadas é o fomento do emprendemento xoven e o traballo autónomo tanto no ámbito da difusión e promoción como particularmente apoiando con axudas e bonificacións a estes colectivos, xa que todos sabemos que iniciar unha nova actividade económica supón de por sí unha gran dificultade e complexidade.

Neste caso, o Concello podería dentro das súas competencias adoitar unha serie de medidas que contribúan directamente á xeneración de emprego e de riqueza na nosa cidade.

É por iso que, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción do seguinte ACORDO:

1.- O Pleno da Corporación insta ao goberno municipal a incluír no próximo Orzamento Municipal unha partida de 300.000 euros para financiar as seguintes actuacións:

a) Axudas a fondo perdido para o inicio de actividade económica para emprendedores no noso Concello por importe de 3.000 euros por proxecto.

b) Plan de Formación de Emprendedores para apoiar a posta en marcha deses proxectos subvencionados.

2.- O Pleno da Corporación insta ao goberno municipal a incluír nas ordenanzas fiscais unha bonificación ou subvención do 100% da taxa de recollida de lixos e auga durante os primeiros doce meses de actividade."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria acordou votar a parte dispositiva de moción por puntos, co seguinte resultado:

-O punto 1a) foi aprobado por once votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros do grupo Popular, e doce abstencións correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Ciudadanos.

-Os puntos 1b) e 2 foron aprobados por doce votos a favor correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Popular e Ciudadanos, e a once abstencións correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista e Bloque Nacionalista Galego.

DELIBERACIÓN

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Gracias, Sr. alcalde. Voy a tratar de ser muy breve, porque ya es muy tarde. La propuesta que presentamos tiene por objeto arrimar el hombro para emprender medidas globales que dentro de esta situación de altos niveles de desempleo se pueda ayudar desde el ayuntamiento a diversificar el modelo productivo, mostrando un apoyo decidido al emprendimiento y la creatividad. Desde el concello tenemos nuestra parte de responsabilidad en colaborar en la dinamización de la actividad de la ciudad, poniendo especial interés en el trabajo, en la empresa local, en los negocios de proximidad, en tratar de que ninguna buena idea de un emprendedor se quede sin ejecutar por falta de apoyos en su inicio y puesta en marcha. Tenemos que dar soluciones a aquellos que tienen una idea, un proyecto que no lo pueden llevar adelante por falta de recursos iniciales y por falta de apoyo de las Administraciones que, en

general, a la vista de los emprendedores a veces parece que solo ponen trabas.

Es por ello que desde el concello debemos de poner todo lo que esté a nuestro alcance para acompañar a estos emprendedores, a iniciar los primeros pasos de su empresa, con facilidades económicas para su inicio, con facilidades burocráticas en la medida de lo posible y evitar cargas importantes que lastran los inicios, como lo pueden ser determinadas tasas municipales.

Y en esta colaboración que proponemos no debería quedar únicamente en la colaboración económica o de reducción de carga fiscal. Creo que el apoyo municipal debería ir más allá, buscando más que el mero apoyo económico, con labores de apoyo en la puesta en marcha y con ayuda mediante un seguimiento inicial durante al menos el primer año.

Por ello proponemos las siguientes medidas:

-Incluir en el presupuesto una partida de 300.000 euros para financiar ayudas a fondo perdido para el inicio de la actividad, con el fin de destinar 3.000 euros a cada proyecto, así como establecer un plan de formación para emprendedores.

-De igual modo, con cargo a este importe, desarrollar planes de fomento de la iniciativa a emprendedores en colegios e institutos, planes de colaboración, con la Confederación de Empresarios para asistir a estos emprendedores.

Lo que se busca es que tengan dinero de una forma ágil, evitando en lo posible que los emprendedores tengan que adelantar el dinero y que ese dinero también puede valer para obras de adecuación del local, de compra de maquinaria, equipos...

SR. ALCALDE: Por favor, mantengan silencio.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Y otros gastos necesarios para el inicio de una actividad.

De igual modo también podría destinarse a cubrir el coste de un alquiler de un local en una incubadora de empresas de la ciudad, con lo que fácilmente puedan iniciar la actividad de una forma eficaz y rápida.

Y, por otro lado, incluir en las ordenanzas fiscales una bonificación o subvención, no sé como mejor encajaría, para que los emprendedores no tengan que asumir el coste de las tasas de agua y recogida de basuras durante los primeros doce meses de actividad. Obviamente, esta propuesta se refiere a los importes fijos y no a los consumos.

En resumidas cuentas, hacer un esfuerzo por parte de todos para que ninguna buena idea quede atrás y tengan el apoyo técnico y económico necesario para iniciar su actividad. Por eso, pues pedir el voto favorable de todos. Muchas gracias.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Vamos a ver. Que Ferrol necesita medidas para el emprendedor es evidente, porque, efectivamente, es preocupante el envejecimiento que hay de la población. No hay trabajo ni hay futuro y, por tanto, efectivamente, hace falta invertir en esta ciudad y con planes de emprendimiento. Pero creemos también, como manifestamos en el Pleno extraordinario de septiembre del año pasado, que las subvenciones a fondo perdido no entran dentro de nuestra filosofía o entran en contradicción con nuestra manera de

pensar. Entendemos que el apoyo al emprendedor tiene que ser dado a través de un asesoramiento integral para poder facilitarle el poder iniciar la apertura de un negocio y enfocarle y además, si es posible, que estas acciones se dirijan a empresas relacionadas fundamentalmente con la tecnología, que son las fundamentales hoy en día. En todo caso entendemos que es el asesoramiento, el tener un tutor, el poder entrar en un negocio y una información y asesoramiento, el que le hace falta al emprendedor. Por eso no compartimos la medida de 300.000 euros a fondo perdido para subvenciones de 3.000 euros que sugiere el Partido Popular. En todo caso, sí estaríamos comprometidos o sí estaríamos de acuerdo en votar la moción por puntos, porque si el plan de formación de emprendedores o el tema de la subvención, de la bonificación de un 100% en la taxa de recogida de basura, sería interesante y así lo proponemos. Gracias.

SRA. ESPÍNEIRA GONZÁLEZ: Intentando ser breve, o que pasa que é complicado porque, a ver, dúas cousas. En principio nós, loxicamente estamos a favor de calquera medida que fomente o emprego e consideramos tamén que o concello debería contar cun proxecto, cun programa de emprego, no cal para xente nova e para moita outra xente, pero penso que antes de debater eses puntos en concreto hai que ter unha cousa presente e é a seguinte, pasábanos, non recordo se foi no Pleno pasado ou no anterior, cando falábamos da saúde pública, que ás veces parece que as cousas, a situación na que estamos cae do ceo e parece que non hai responsables. E eu penso que é de xustiza lembrar, recordar quen son os culpables da situación de desemprego, que non é unha cousa como cando chove, non é? Entón, nese sentido, gustaríanos lembrar a responsabilidade que as Administracións temos nesta situación de desemprego, e non só de desemprego senón tamén de precariedade laboral. Porque ter traballo hoxe en día non significa ter unha situación boa precisamente. E, nese sentido, especialmente, a responsabilidade é das Administracións Autonómicas e Estatal, porque parece que non lembramos reformas laborais e outras cousas que levamos sufrindo nos últimos anos.

Nese sentido, logo, e en dous puntos en concreto, intentando sintetizar un pouco, nós o que pensamos é que este tipo de propostas deben de traer medidas concretas. Entón isto é unha partida de 3.000 euros, sen concretar as actuacións logo para emprendedores, pois a idea pode que sexa boa, pero aprobar este punto sen concretalo non nos parece correcto.

E logo, no punto 2, o tema das ordenanzas fiscais e as bonificacións, si que nos parece coma o resto da moción, demagórico. Porque, imos ver, veñen vostedes de gobernar durante catro anos esta cidade, cunha presión fiscal sobre os veciños e veciñas de Ferrol e agora traer esta proposta aquí parécenos pura demagogia.

Simplemente iso, a crítica que facemos é que o proxecto poderíamos apoialo se non fose pola falta de contido.

Eu, simplemente, para acabar cun punto de humor, chámenlle como queiran, pero cando a primeira vez que lin a moción, cando recibimos a moción, o primeiro que lembrei é que hai cousa dun par de semanas falábamos a Comisión de Benestar dunhas axudas ó apoio do emprendemento de mulleres, non é? Entón, eu nese sentido, nese caso,

por exemplo, non tiñamos a opción de votalo, porque foi simplemente unhas bases que se levaron a Comisión. Nese sentido, nós reiteramos que nos gustaría que estes proxectos fosen serios e que se dotasen duns criterios e unhas normas máis específicas para podelos levar adiante, porque é unha cuestión moi seria o desemprego. Grazas.

SRA. SESTAYO DOCE: Gracias. Moi brevemente, o grupo Socialista vaise abster respecto desta iniciativa, porque, compartindo, por unha banda, o espírito da necesidade da creación de emprego e especialmente ademais de axuda ó emprego autónomo, bueno, de feito esperamos que en vista desto apoiem as bases que dende a Concellería de Muller, efectivamente, como ben dixo a voceira do BNG, se acepte pois levado á Comisión para aportacións dos grupos, respecto das axudas que para a constitución de negocios de mulleres estamos de verdade que satisfeitos de que eso anime tamén a outros partidos políticos a presentar as iniciativas sobre o emprendemento, despois de catro anos sen presentar ningunha iniciativa como goberno para facelo, pero nunca é tarde.

En todo caso, esta iniciativa, é certo que ten algunhas ambigüidades na súa redacción, como ben expoñían as que me precederon na palabra, que impide apoiala con un voto a favor, toda vez que quedan por concretar moitísimas cuestións que, sen dubida, se se puideran levar aportacións, como así fixemos dende o goberno respecto das propostas da Concellería da Muller, pois seguramente daba lugar a un debate. Polo tanto, o grupo Socialista vaise abster, simplemente porque compartindo o espírito da creación de emprego cremos que a redacción ou a concreción é manifestamente mellorable. Nada máis e moitas gracias.

SR. MONTES CELEIRO: Bueno, primeiro un aparte xenérico sobre o emprendemento e logo voume centrar no que é a moción e os puntos. Prometo ser breve.

A gran solución do Partido Popular dende o comezo da crise económica foi falar de fomentar o emprendemento, como unha sorte e solución e resposta á falta de traballo asalariado. Non é que neguemos a importancia de axudar ós proxectos de pequenos e medianos autónomos emprendedores, pero si criticamos ese fomento da idea ou da filosofía do emprendemento convertida nunha sorte de fetiche do pensamento neoliberal, presentado como a gran solución ó futuro laboral, na que todos e todas aqueles que no atopen un traballo teñen a obriga de emprender. A solución do Partido Popular nestes anos, incapaz de dar solucións laborais á maioría social, é vender o emprendemento para todos, facendo en certo sentido que sexamos responsables da nosa propia deriva laboral, por non ser capaces de poñernos no mercado; é dicir, fomentando a ideoloxía da culpabilización ó desempregado.

Agora paso unha gráfica que reflicte o ratio, a relación negativa a nivel global entre ratio de emprendemento e renda percápita, maior emprendemento-menor renda. Estes son datos económicos reais e a avaliación da figura do emprendemento, e retomando o tema cinematográfico do pasado Pleno, recorda aquela película de Sidney Polak, que era "Danzad, danzad, malditos" e esto parece o de "Emprended, emprended, malditos, que non queda outra".

E agora céntrome no argumentario da moción, que imos absternos porque, aínda que entendemos a boa vontade do Partido Popular con este tema, cremos que hai moitas cuestións mellorables. O noso compromiso dende o goberno é que esa partida de 300.000 euros sexa maior para financiar cuestións relativas ó emprego, sexa autoemprego ou outro, ou emprendemento, sobre todo tamén nos gustaría que nese punto a), que teñen de axudas ó fondo perdido para o inicio da actividade económica para emprendedores no noso concello, por importe de 3.000 euros, se puxésemos os 3.005 tamén para dirixir, para fomentar o cooperativismo, que é o que fixa a Lei de cooperativas de Galicia e, nese sentido, tamén nos gustaría ser positivos con esa proposta e, como digo, tamén pensamos que existe unha necesidade de reestructuras as taxas, algunhas veces inxustas, que temos nos concellos, non solo de Ferrol, onde moitas veces pola recepción obrigatoria de servicios que se pagan utilices ou non utilices, como tamén pasou no pasado mandato neste concello. Por este motivo, vimos absternos nesta moción, pero estamos dispostos a abrir un diálogo aberto e claro, cuns obxectivos compartidos, que creo que temos todos os grupos, de fomentar o emprego nesta cidade.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Gracias, Sr. alcalde. Volveré a ser breve. Decir que acepto esa proposta y, si no hay inconveniente, por un lado, aceptamos la votación por puntos y, por otro lado, incluir los 3.005 euros en la propuesta, en vez de los 3.000, me parece muy buena idea, eh. Con lo cual, por nuestra parte podemos incluir esa enmienda.

SR. MONTES CELEIRO: A emenda non era tal. Era que nos imos abster, pero que estamos dispostos a elaborar un programa de emprego consensuado, tendo en conta o emprendemento e o cooperativismo.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Si la enmienda va gratis, no va a cambio del voto. O sea, es buena idea y, si nadie tiene inconveniente, modificamos in vocce la propuesta y ponemos 3.005, ¿eh? No es a cambio de nada, o sea es de buena voluntad.

Nada más que decir que, bueno, que sí se había hecho algo en el mandato anterior y que sí en el presupuesto de 2015 ya se habían metido partidas para esto. Bueno, después hubo un cambio de gobierno y pasó lo que pasó. Pero, bueno, que ya se estaba trabajando en esa línea.

Y sobre esta propuesta, bueno, pues me alegra que por parte del gobierno se diga que no sólo quieren apoyar estas cuestiones, sino incrementar las cuantías. Bueno, pues decir que también es el momento donde detallar después las propuestas. Que podamos estar de acuerdo o no en ellas, bueno, pues iremos avanzando en todo esto.

Y nada más que una cosa sola aclaratoria.

-Sr. Montes, si no hay emprendedores pues realmente no habría empresarios y si no hay empresarios no habría empleados. Evidentemente es básico que todo el proceso vaya junto.

Pues nada, muchas gracias.

16.ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levantou a sesión, sendo as cero horas e cincuenta minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

Visto e praxe,
O Alcalde-Presidente

Jorge Juan Suárez Fernández

O Secretario Xeral,

Don Leopoldo Moure García